

## **vilalba**

Instaladas oito prazas de estacionamento 'Bica e arranca' na rúa Cuart de Poblet. **Páx. 2**

## **as pontes**

O Goberno aposta pola cheminea como patrimonio e desaparece o Parque dos Carbóns. **Páx. 7**

## **guitiriz**

A localidade prepárase para celebrar a Festa da Torta de Millo o día 7. **Páx. 19**

## **muras**

Estudan ampliar o modelo enerxético de Muras ao resto de concellos do Xistral. **Páx. 24**

## **cospeito**

Irimia pasa a ser concelleiro non adscrito logo de reabrirse o proceso por violencia. **Páx. 25**

## **Do carbón á automoción**

Unha multinacional chinesa recibe apoio público para poñer en marcha un proxecto industrial con sedes en Ferrol e As Pontes



## **Friol volve ser sede olímpica do rural**

A vila prepárase para acoller outra multitudinaria cita co deporte rural. **Páx. 11**

## **Unha nova estratexia de IA na provincia**

A Deputación de Lugo presenta MenCIA: unha nova estratexia de intelixencia artificial propia. **Páx. 29**

## **X.M. Ferro Formoso**



O escritor pontés é autor de 'Oblea', a continuación de 'Terror Mortis'. **Páx. 9**

## **Asociacionismo feminino**



Colectivos que no rural loitan pola convivencia e o empoderamento e **Páx. 27**

## **Andrés Castrín**



O xogador de Riotorto fai historia ao marcar o primeiro gol en Primeira. **Páx.31**

## **O Xermade gaña a Copa Deputación**

Ademais, o Abadín regresa á Segunda Futgal logo de superar ao Muimenta na promoción. **Páx 30**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

**GRADÚA AS TÚAS GAFAS DE VISTA**  
**...E LÉVATE TAMÉN GRADUADAS AS DE SOL**

PROMOCIÓN VÁLIDA ATA Ó 30 DE XUÑO

Vilalba 982 51 01 00  
As Pontes 981 45 15 04



## Inician a rexeneración de pistas locais en Lanzós e San Simón da Costa

O Concello de Vilalba continúa avanzando na mellora da rede viaria municipal do rural coa incorporación, desde a pasada semana, de dous equipos do parque móbil da Deputación de Lugo destinados á rexeneración de pistas municipais.

Concretamente, un dos equipos está especializado na apertura e limpeza de cunetas, mentres que o segundo realiza traballos de riego e rexeneración do firme dúas vías.

Nestes momentos, o equipo encargado da rexeneración do firme está actuando nunha vía do barrio de Moreda, na parroquia de Lanzós, unha pista municipal con acceso directo desde a estrada provincial LU-P-6502 que dá servizo a varias vivendas e que presentaba un notable deterioro.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou que “estas actuacións permiten seguir mellorando progresivamente a rede viaria municipal do noso rural, dando resposta a necesidades importantes dos veciños e veciñas das parroquias”.

Rouco sinalou ademais que “falamos de pistas fundamentais para o día a día da veciñanza, tanto para os desprazamentos habituais como para a actividade agrícola e gandeira”.

De forma paralela, o equipo encar-

gado da apertura e limpeza de cunetas está centrando actualmente os seus traballos en dúas vías municipais da parroquia de San Simón da Costa, concretamente nos barrios de Pude e Ribeira, actuacións previas á rexeneración do firme destas pistas.

A rexedora puxo en valor a colaboración institucional coa Deputación de Lugo, que permite ao Concello contar por terceiro ano consecutivo con medios do parque móbil provincial para reforzar os traballos de mellora da rede viaria municipal.

“Grazas a este acordo impulsado desde a Alcaldía foi posible actuar xa en máis de 35 quilómetros de pistas municipais de diferentes parroquias do rural vilalbés durante os últimos anos”, explicou Marta Rouco.

A alcaldesa destacou tamén que “o obxectivo é continuar avanzando na rexeneración progresiva das vías municipais e actuar no maior número posible de pistas, priorizando aquelas que presentan unha maior necesidade de intervención”.

Nas vindeiras semanas os dous equipos continuarán desprazándose por distintas parroquias do municipio para seguir desenvolvendo actuacións de mellora e mantemento da rede viaria rural.

## Vilalba instala oito prazas ‘Bica e Arrinca’ na rúa Quart de Poblet

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Luis Fernández, anunciaron a posta en marcha dos novos estacionamentos “bica e arrinca” na zona escolar da rúa Quart de Poblet, unha iniciativa dirixida a desconxestionar o tráfico nos accesos aos centros educativos do casco urbano.

En total habilitáronse oito prazas de estacionamento fronte aos colexios de educación infantil e primaria, pensadas para facilitar pequenas paradas de curta duración durante a hora de entrada ás aulas.

O funcionamento destas prazas estará limitado a un máximo de dous minutos entre as 9:00 e as 9:45 horas de luns a venres, podendo empregarse con normalidade como estacionamento fóra desa franxa horaria. Ademais, será obrigatorio que o condutor permaneza no interior do vehículo durante a parada.

A filosofía deste sistema é favorecer unha circulación máis fluída na zona escolar, permitindo que as familias



poidan deter o vehículo uns instantes, despedirse dos nenos e nenas con visión directa á entrada do recinto educativo e continuar o seu itinerario, deixando libre a praza para o seguinte usuario.

As novas prazas entrarán en funcionamento este luns, 18 de maio, tras un traballo de planificación e sinalización realizado en coordinación coa Policía Local de Vilalba.

A alcaldesa, Marta Rouco, destacou que “esta medida busca facilitar o día a día das familias e contribuír a

mellorar o tráfico nun dos puntos que rexistra maior conxestión durante as primeiras horas da mañá”.

Rouco explicou ademais que “o obxectivo é favorecer unha circulación máis ordenada e segura, evitando acumulacións innecesarias de vehículos na contorna escolar”.

A rexedora puxo en valor tamén “o traballo coordinado realizado entre os distintos departamentos municipais e a Policía Local para adaptar esta fórmula á realidade da zona e ás necesidades das familias”.

## Aprobado o orzamento logo de non presentarse unha moción de censura

O Concello de Vilalba contará finalmente cun novo orzamento municipal para 2026 despois de que non prosperase a moción de censura impulsada pola oposición contra o goberno local. As contas, que ascenden a preto de 14,2 millóns de euros, quedaron aprobadas automaticamente ao rematar o prazo legal establecido sen que se producise un cambio no executivo.

O proceso iniciárase tras o pleno celebrado o pasado 26 de marzo, no que o documento económico fora rexeitado cos votos do PP e do BNG. Esa situación abriu un período dun

mes para a presentación dunha posible moción de censura, unha opción que finalmente non saíu adiante por falta de acordo entre as forzas da oposición.

Durante estas semanas sucedéronse as negociacións e os cruces de declaracións entre os distintos grupos políticos, nun escenario marcado pola tensión e pola incerteza sobre o futuro do goberno municipal encabezado pola socialista Marta Rouco. A rexedora defendeu a necesidade de sacar adiante unhas contas que inclúen partidas destinadas á creación de prazas de persoal, investi-

mentos e convenios municipais. Pola súa banda, tanto o PP como o BNG mantiveron as súas críticas á xestión do executivo local e cuestionaron a falta de entendemento político no Concello.

Desde o goberno municipal sinalaron que durante este tempo continuaron avanzando en cuestións administrativas e na preparación de proxectos pendentes á espera de desbloquear a situación política.

Unha vez rematado o prazo para a presentación da moción de censura, o orzamento inicia agora a súa tramitación definitiva para entrar en vigor.



- **PODOLOGÍA**  
DEPORTIVA - INFANTIL  
CIRURXÍA - DIABÉTICA  
GERIÁTRICA - PLANTILLAS

- **ECOGRAFÍA**

- **TRATAMIENTOS CON LASER**
- **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

- **ÚLCERAS**  
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

**Carballo & Otero**  
CLINICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE  
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo  
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12



# Vilalba volve investir en renovar a maquinaria do servizo de limpeza

A alcaldesa, Marta Rouco, e o concelleiro de Servizos Públicos Municipais, Eduardo Vidal, presentaron xunto á UTE Vilalba o conxunto completo da nova maquinaria incorporada ao servizo municipal de recollida de residuos e limpeza viaria, culminando así a renovación integral dos medios materiais incluídos no novo contrato do lixo.

A presentación completa a realizárase meses atrás, cando xa entraran en funcionamento varios dos novos vehículos destinados á recollida e á limpeza viaria, e permite contar agora cunha flota integral renovada e adaptada ás diferentes necesidades do servizo tanto no casco urbano como nas parroquias.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou que “esta renovación supón un salto importante na calidade do servizo que se presta aos veciños e veciñas, cun sistema moito máis moderno, eficiente e preparado para responder ás necesidades actuais do municipio”.

Rouco lembrou que a mellora do servizo de limpeza e recollida de resi-



duos foi “un dos grandes obxectivos marcados polo goberno local” e sinalou que “o cambio é notable tanto na limpeza viaria como no funcionamento diario da recollida, algo que moitos veciños e veciñas trasladan tamén ao Concello”.

A nova flota incorpora vehículos e maquinaria de última xeración destinados á recollida de residuos, limpeza viaria, transporte de voluminosos e actuacións rápidas de mantemento e limpeza en distintos puntos do municipio.

Entre os novos medios incorpora-

dos atópanse recolectores de carga lateral compactadores de gran capacidade para recollida urbana e rural, vehículos específicos para voluminosos, equipos de baldeo e limpeza intensiva, maquinaria auxiliar para actuacións rápidas e tamén vehículos eléctricos destinados a traballos en zonas especialmente sensibles.

O novo sistema incorpora ademais melloras relacionadas coa redución do impacto ambiental, a diminución do ruído, a eficiencia operativa e a seguridade laboral do persoal encargado do servizo.

# O Álbum de Galicia incorpora a entrada do autor local Agustín Fernández Paz

O Álbum de Galicia, colección de biografías do Consello da Cultura Galega (CCG) dedicada á divulgación das figuras máis destacadas da historia e da cultura do país, incorporou a entrada de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947 – Vigo, 2016), unha das voces fundamentais da literatura galega contemporánea e referencia imprescindible da literatura infantil e xuvenil. Manuel Bragado e Isabel

Soto asinan a biografía do autor vilalbés e defínenlo como “escritor, mestre, activista, piar da literatura infantil e xuvenil galega”.

A entrada ofrece un amplo percorrido vital e intelectual pola súa traxectoria, desde a infancia en Vilalba ata a súa consolidación como un dos autores galegos máis lidos e recoñecidos dentro e fóra de Galicia. O texto destaca o peso decisivo da

educación, da lectura e do compromiso coa lingua e coa renovación pedagóxica na súa vida. A biografía lembra que Vilalba foi sempre o seu “centro do mundo”, escenario dunha infancia marcada polos libros, os tebeos, o cine e as historias orais que alimentarían posteriormente o seu universo literario. Tamén se recolle a súa actividade como docente, renovador pedagóxico e activista cultural.

## EN BREVE



**BIBLIOTECA.** Reabriu a aula de estudo da Biblioteca Municipal Agustín Fernández Paz logo da reforma integral levada a cabo no primeiro andar do edificio, unha actuación que supón unha transformación notable das instalacións. A renovada aula de estudo conta agora cun deseño máis funcional, incorporando novo mobiliario, melloras acústicas e unha iluminación específica para favorecer o estudo e a concentración.



**QUEIXOS.** Medio Rural salientou a excelente calidade dos queixos galegos, recoñecidos entre os mellores de España no Salón Gourmets de Madrid celebrado no mes de abril. Neste sentido, a conselleira visitou as instalacións das queixerías Prestes e Fontelas, que foron algunhas das galardoadas na 16ª edición do Campionato dos Mellores Queixos de España.



**EIXO ATLÁNTICO.** Vilalba puxo o broche final á IX Mostra Musical do Eixo Atlántico, que converteu a vila nun gran escenario musical e cultural da eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal. O Auditorio acolleu o acto de clausura e entrega de premios dunha edición histórica para Vilalba.



**CLÍNICA DENTAL TEST**  
CENTRO DE ODONTOLOGÍA  
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

## Resoltas máis de 8.000 incidencias a través da aplicación Liña Verde

O Concello de Vilalba fixo balance do funcionamento da aplicación Liña Verde, a ferramenta de comunicación directa coa veciñanza que permite trasladar incidencias relacionadas cos servizos municipais e realizar consultas ambientais de forma rápida e sinxela.

Desde a súa posta en marcha, o sistema rexistrou un importante incremento da participación cidadá, permitindo ao Concello reforzar a detección de incidencias e actuar con maior axilidade en numerosos puntos do municipio.

Ata o momento, o Concello solucionou xa un total de 8.162 incidencias comunicadas pola veciñanza, alcanzando unha porcentaxe

de resolución do 75% dos avisos recibidos.

As incidencias máis frecuentes fan referencia á iluminación pública, que representa o 61% das comunicacións realizadas polos usuarios, seguida das relacionadas con beirarrúas, rúas e estradas, cun 15%, así como incidencias vinculadas á recollida do lixo, á rede de sumidoiros e auga ou aos parques e xardíns.

A través da aplicación Liña Verde, a veciñanza pode comunicar incidencias directamente desde o teléfono móbil, achegando unha fotografía e a localización exacta do problema detectado. Unha vez enviada a comunicación, os servizos municipais reciben automaticamente o aviso.

## Activan solo industrial no Polígono de Sete Pontes cun novo proxecto

O vicecalde de Vilalba, Modesto Renda, anunciou a venda das parcelas número 2 e 3 de uso industrial situadas no Polígono Empresarial de Sete Pontes, unha operación que permitirá mobilizar máis de 2.000 metros cadrados de solo público destinado á actividade económica.

Renda estivo acompañado na presentación pola responsable da empresa adxudicataria, ESDICAR TECHNOGLOBAL, Estefanía Díaz Carballeira, á que felicitou pola súa incorporación ao tecido empresarial local. O vicecalde destacou que, tras anos sen dispoñibilidade de solo industrial no polígono vilalbés, esta operación supón “poñer en produción máis de 2.000 metros cadrados en beneficio dunha empresa local”.

O representante municipal subliñou tamén a importancia de manter unhas bases de adxudicación estritas,

orientadas a evitar calquera risco de especulación. Segundo indicou, esta liña de traballo permitiu que unha emprendedora de Vilalba, de 31 anos e á fronte dunha empresa de nova creación, resultase adxudicataria do proceso de poxa.

Pola súa banda, Estefanía Díaz expresou a súa satisfacción e ilusión por iniciar esta nova etapa empresarial. Explicou que a actividade que desenvolverá no novo espazo estará centrada na compra e venda de maquinaria para obra civil, así como na súa reparación e mantemento.

O proxecto contempla a construción dunha nave industrial que ocupará as parcelas agrupadas, cunha superficie aproximada de 1.000 metros cadrados. As instalacións contarán con zona de exposición, taller, almacén de repostos, oficinas e vestiarios para o persoal.

## O PP pide solucións para o PAI e para o aparcadoiro das Pedreiras

O PP reclama ao goberno de PSOE e Vilalba Aberta diversas melloras para dar resposta ás queixas trasladadas polos veciños e veciñas entre as que se atopan a instalación de sistemas de climatización no Punto de Atención á Infancia (PAI) ou a mellora do acceso ao aparcamento público da rúa das Pedreiras.

Os populares esixen ao goberno local que adopte as medidas necesarias para dotar ao PAI dun sistema de climatización eficaz e sostible co que garantir o benestar dos nenos e nenas e do propio persoal do centro. Os concelleiros comparten a preocupación das familias dos usuarios e do persoal que presta o servizo á vista de que “as instalacións acadan, en períodos de altas temperaturas como o que estabamos a vivir estes días, niveis térmicos pouco adecuados para a permanencia prolongada de nenos e nenas de curta idade que son especialmente vulnerable á calor”. Así mesmo, apuntan que “esta situación pode repercutir ne-



gativamente na súa saúde, descanso e desenvolvemento diario, ademais de dificultar o normal funcionamento do servizo”.

O PP vilalbés cre “necesario mellorar tanto a funcionalidade como as condicións de seguridade viaria e accesibilidade ao aparcamento da pública rúa das Pedreiras que da servizo ao entorno da Praza de Santa María, o Auditorio Municipal, residencias da zona e demais equipamentos e que, na actualidade, presenta “deficien-

cias”.

Os populares esixirán, polo tanto, o reforzo e mellora da sinalización, tanto nos accesos como nas saídas, para favorecer a orientación dos condutores e garantir unha circulación máis segura e ordenada. Tamén propoñen “estudar e executar unha mellora da saída cara á rúa das Pedreiras para facilitar a incorporación dos vehículos e incrementar a seguridade viaria, xa que actualmente é difícil manobrar”.

## No mes de outubro abrirá o centro de transformación do mel

Porá en marcha no vindeiro mes de outubro o novo centro de transformación do mel en San Simón, financiado a través dunha achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. O proxecto foi un dos mellor valorados polo organismo autonómico, o que permitirá ao municipio recibir integramente os 38.700 euros solicitados para executar a iniciativa.

O vicecalde, Modesto Renda, destacou que este novo servizo suporá a creación dun moderno centro público de procesamento do mel, pioneiro na provincia de Lugo, pensado para dar apoio ás produtoras e produtores locais sen

que teñan que asumir investimentos propios.

O proxecto céntrase na rehabilitación da antiga Escola da Pedragosa, un espazo que será acondicionado nos próximos meses para acoller esta nova infraestrutura vinculada ao sector apícola. Segundo explicou o Concello, o obxectivo é facilitar que os produtores poidan procesar o mel de maneira totalmente gratuita, empregando maquinaria de última xeración.

Consideran que esta actuación contribuirá a reforzar as economías familiares no rural vilalbés, e favorecerá a creación de novas oportunidades de emprego.

## O río Madalena de Vilalba incorpórase ao rexistro de augas de baño

A Xunta de Galicia incorporará nesta tempada de baño de 2026 cinco novas zonas ao Rexistro Oficial de Augas de Baño, entre elas o río Madalena ao seu paso polo concello de Vilalba. Con esta incorporación, Galicia alcanza un máximo histórico de 506 zonas rexistradas, segundo recolle o informe do Programa de Vixilancia Sanitaria das Zonas de Baño.

O río Madalena convértese así nunha das novas áreas autorizadas para o baño tras superar os requisitos de calidade establecidos pola normativa sanitaria. A súa inclusión supón un recoñecemento ao bo estado ambiental deste espazo natural e amplía a oferta de zonas de lecer acuático na comarca chairega.

**TAHONA CURRÁS**

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062  
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

**ATABERNA**

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA  
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES CARTA  
LOS REVUELTOS DE BARRIL ALCO PÍCAR  
HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO ENSALADAS SABOREAR TORTILLAS  
PASTAS RAXO PATATAS  
ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

# “A FP é formación de calidade con alta inserción laboral”

Víctor A. Peinó Díaz é o director do IES Lois Peña Novo

O IES Lois Peña Novo é un centro de referencia. Cóntenos un pouco que ofrecen ao seu alumnado.

O noso centro medra ano a ano favorecendo o arraigo e a fixación po-boacional na nosa comarca ademais de dotar de impulso ao tecido empresarial. Temos unha ampla oferta educativa que ofrece continuidade académica ou posibilidade de inserción laboral ao noso alumnado titulado.

**Cal é a súa oferta educativa para persoas adultas?**

O IES Lois Peña Novo ofrece Formación Profesional, ademais de Ensinanzas para persoas adultas e formación específica para a preparación das probas da EOI. A Educación Secundaria para Persoas Adultas (ESPA), coa que se pode obter o título de Graduado en ESO nun só curso académico, temos probas de acceso para as persoas que levan moito tempo sen estudar ou que non posúen acreditación académica. Ademais tamén dispoñemos de Bacharelato semipresencial (tardes), impartíndose unha sesión semanal por materia e unha titoría quincenal. Tamén ofrecemos formación en Castelán e Galego para persoas inmigrantes, altamente demandada e moi necesaria. O Cuale é un programa orientado á preparación das probas para a obtención dos certificados dos niveis B1 e B2 da EOI para alumnado de Bacharelato e de FP, non é específica de adultos.

**O seu punto forte é a FP, que oferta formativa teñen?**

Nos últimos anos a cifra de matriculados duplicouse. A FP é considerada unha vía formativa de calidade con elevada capacidade de resposta para o sector produtivo. Na nosa oferta temos o Grao Básico en 2 especialidades, de Mantemento de vehículos



e de Informática de oficina. Poden acceder persoas propostas de 2º ESO ou alumnado de 3º ESO que teña dificultades para titular por vía ordinaria, ademais de persoas de 16 a 20 anos sen Graduado en Educación Secundaria Obligatoria. En Ciclo medio contamos con 4 ciclos FP que poden cursarse de forma simultánea con Bacharelato semipresencial. Todos os ciclos teñen posibilidade de inserción laboral do 100% ou continuidade académica. O mesmo que sucede nos ciclos de grao superior.

**Que diferenza hai entre réxime dual xeral e réxime dual intensivo?**

Dende a entrada en vigor da nova lei de FP, todos os ciclos son considerados duais porque comparten formación entre centro educativo e empresa ademais de cotizar na seguridade social. Os Ciclos de réxime dual intensiva teñen unha estadía maior en empresa, reciben unha formación adecuada ás necesidades específicas da empresa acolledora e, ademais de cotizar, perciben, como mínimo, a metade do salario mínimo mensual.

**Cal é o seu selo distintivo?**

Estamos orgullosos de poder afirmar que o noso centro ofrecemos unha atención individualizada, intentamos coñecer ao noso alumnado e ás familias para poder ofrecerlles a mellor resposta educativa nun marco profesionalizador. Ademais, o alumnado dispón de recursos e equipamentos adecuados para desenvolver un proceso de aprendizaxe significativo con prácticas profesionalizadoras. Por outra banda, o emprendemento é unha prioridade, dotando ao alumnado de oportunidades e experiencias que enriquezan as súas competencias emprendedoras, tanto no eido persoal como profesional. Finalmente, un dos nosos obxectivos é favorecer que o alumnado consolide a súa residencia na comarca, ofrecéndolle unha formación adecuada ás súas inxerencias así como ás demandas do tecido empresarial.

**Canto alumnado teñen?**

Entre todas as ensinanzas ofertadas no centro chegamos aos 400 alumnos/as e 42 docentes.

**Reciben tamén moito alumnado de fóra de Vilalba imaxino.**

## OFERTA

### CICLO BÁSICO

- Mantemento de vehículos
- Informática de oficina

### CICLO MEDIO

- Instalacións eléctricas e automáticas
- Sistemas Microinformáticos e redes
- Atención a persoas en situación de dependencia
- Electromecánica de vehículos automóviles

### CICLO SUPERIOR

- Administración de sistemas informáticos en rede
- Administración e finanzas
- Asistencia á dirección. Dobre titulación (dual intensivo)
- Mecatrónica industrial (dual intensivo)

### OUTROS

- Secundaria Adultos
- Bacharelato Semipresencial
- Castelán e galego para migrantes

A Terra Chá é unha comarca acolledora que sempre reconece a valía de todas as persoas, e o IES Lois Peña Novo potencia ese valor apoiándoos no seu proxecto de vida. Nos últimos anos a porcentaxe de alumnado de orixe estranxeiro foi en aumento, nutrido a comunidade educativa de riqueza.

**Hai algún ciclo novo este ano?**

Para o novo curso teremos o Ciclo Superior de Asistencia á Dirección en dual intensiva, ofrece a posibilidade dunha dobre titulación superior en 3 cursos combinada co Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

**Fálase moito de absentismo ultimamente. Que medidas se poden tomar contra el?**

Dende o noso centro intentamos facer seguimento do noso alumnado. Cando se producen faltas frecuentes intentamos contactar con eles e as familias e apoialas na resolución da problemática. Creemos que a coordinación coas familias do alumnado é fundamental.

## EN BREVE

**RAPA DAS BESTAS.** Vilapedre acollerá o sábado 6 de xuño unha nova edición da Rapa das Bestas, que se organiza na finca Enxebreza. A xornada dará comezo ás 10.00 horas coa baixada das bestas ata os curros. Ás 10.30 horas terá lugar o prato forte da xornada, a rapa das bestas. Completarase o programa cunha comida.

**VINTALBA.** Vilalba celebrará a cuarta edición deste mercado de segunda man impulsado desde a Alcaldía e a Concellería de Feiras e Mercados, que será na Praza de Santa María o domingo 7 de xuño en horario de 10:00 a 15:00 horas. A iniciativa contou nas tres primeiras edicións unha gran participación e unha importante afluencia de público.

**MOREDA.** A localidade vilalbesa de Moreda está de festa esta fin de semana na honra a San Andrés. O sábado 6 a música estará ao cargo do grupo Los Adrianos, que fará dobre sesión ao mediodía e á noite en sesión verbena. Previamente terá lugar a misa solemne e a procesión, a partir das 13.30 horas. Pola noite tamén estará a orquestra New York. O domingo haberá misa solemne á mesma hora seguida de sesión vermú co trío Rosel, que porá o punto e final á celebración. A organización lembra que o campo da festa estará cuberto con carpa.

**SANTABALLA.** Celebrará o 27 e 28 as festas na honra a San Pedro comezando o sábado cunha misa solemne ás 13.30 horas, seguida da procesión e dunha sesión vermú amenizada pola orquestra Límite. Pola noite terá lugar unha gran verbena na que actuarán as orquestras Límite e Cinema. O domingo 28 continuarán os festexos coa misa solemne ás 13.30 horas e a posterior procesión. A continuación celebrarase unha sesión vermú longa co grupo Alba.

**SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA**

NEUMÁTICA  
HIDRÁULICA  
TRANSMISIÓN  
HERRAMIENTAS  
ACEITES

**TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO**

CUCHILLAS  
MUELLES  
CORREAS  
RODAMIENTOS

**TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS**

JOHN DEERE eni  
CEPSA BCS  
PETRONAS BZ  
TIMKEN

**TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS**

Milwaukee  
Nothing but HEAVY DUTY.



**RECAMBIOS Y SUMINISTROS**

Rúa do Freixo, P-53  
Pol. Ind. Sete Pontes  
27800 Vilalba - Lugo  
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656  
recambios@sesacar.com

## Un programa pioneiro busca a xestión sostible nas Fragas do Eume

A Xunta traballa no desenvolvemento dun programa pioneiro no Parque Natural das Fragas do Eume co obxectivo de incrementar a superficie pública deste espazo —a través de compra directa de parcelas e doutras fórmulas alternativas— destinada a xestionala desde unha perspectiva ambiental en que prime a protección dos seus hábitats e a restauración.

Cun investimento ata o momento de 2 millóns de euros, o Consello coñeceu os avances acadados desde a súa posta en marcha no ano 2024, así como o acordo pechado recentemente e que permitirá darlle un pulo significativo ao programa grazas á cesión de 1.000 hectáreas de montes públicos dentro do parque natural, que pasarán así a

ser xestionados directamente pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

O Parque Natural das Fragas do Eume constitúe un dos espazos naturais máis relevantes de Galicia e do conxunto da rexión atlántica europea debido á súa excepcional representatividade de bosque autóctono caducifolio. De feito, o seu ecosistema alberga unha gran diversidade biolóxica e unha variedade de hábitats de interese comunitario que fan prioritaria a súa conservación desde un punto de vista ambiental.

A xestión deste espazo protexido viuse historicamente condicionada pola fragmentación da propiedade, cunha importante presenza de terreos de titularidade privada.

## Unha firma chinesa desenvolverá un 'hub' automobilístico na zona

O Consello declarou Proxecto Industrial Estratégico (PIE) o desenvolvemento inicial do complexo industrial da empresa de fabricación de vehículos chinesa en Galicia. O PIE inclúe a posta en marcha dunha zona industrial no porto exterior de Ferrol, que suporía a creación inicial de 1.000 postos de traballo directos e doutros tantos indirectos, e dun centro industrial e loxístico nas Pontes que permitirá a creación de 300 empregos. "Vai ser o primeiro proxecto industrial da multinacional en Europa", salientou o presidente Rueda.

Na súa intervención, explicou que, desde o primeiro momento no que a empresa mostrou interese por Galicia -outubro de 2025-, o Goberno galego desenvolveu un intenso proceso de diálogo coa multinacional para coñecer as súas necesidades de implantación mediante reunións de traballo que culminaron coa solicitude formal de SAIC para iniciar a tramitación do que sería o seu primeiro proxecto industrial en Europa. "Celebráronse moitas reunións entre a empresa e a Xunta", indicou Rueda, quen salientou que un dos motivos polos que SAIC elixe Galicia "é a ampla tradición, punteira, que temos no sector da automoción, tanto na fabricación de vehículos como de compoñentes".

Pola súa banda, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, destacou "a gran oportunidade económica e industrial para Ferrolterra" e o conxunto da comunidade, logo do compromiso da compañía chinesa de que gran parte dos compoñentes para os seus vehículos "serán de fabricación local".

Lorenzana agradeceu o traballo des-



envolvido tanto polo Igape, a través da Oficina Económica de Galicia, como pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, en colaboración cos responsables de SAIC.

No relativo aos trámites realizados, Lorenzana destacou que en marzo, tras un intenso traballo, a Xunta de Galicia considerou que o proxecto de investimento presentado pola multinacional estaba "suficientemente maduro" para ser remitido ao Goberno central, autoridade competente para autorizar o investimento estranxeiro directo en España, ante o que a compañía xa realizou a correspondente notificación para a súa aprobación. Neste sentido, a conselleira sinalou que a cooperación foi do máis alto nivel nas tres reunións de alto nivel celebradas en Madrid con representantes da multinacional e do Goberno central.

En relación coas características do complexo industrial que se prevé establecer en Galicia, a conselleira precisou que se desenvolvería nunha parte das instalacións do Porto Exterior de Ferrol. Isto sen prexuízo

de que a intención a medio e longo prazo da firma chinesa sería converter a comarca de Ferrolterra e As Pontes nun hub industrial e loxístico, no caso de que finalmente se materialice a totalidade do proxecto. Este incluíría tecnoloxías avanzadas de fabricación e procesos clave, así como a produción local dunha elevada proporción de compoñentes en cumprimento da normativa obrigatoria da Unión Europea. Procurábase maximizar a subministración local de compoñentes sempre que sexa economicamente viable, ben mediante fabricación propia nas instalacións ou a través de provedores radicados no territorio.

As novas empresas que se queiran implantar na área de influencia desta multinacional poderían facelo en zonas da comarca, como a área empresarial de Mandiá, cuxa tramitación iniciou xa a Xunta de Galicia, así como na zona industrial das Pontes.

A operación suporá a presenza en Galicia do primeiro centro industrial e loxístico desta firma na Unión Europea, con Ferrol e As Pontes como eixes principais do proxecto.

### PREMIO



A Xunta de Galicia levou ás aulas galegas os valores da Unión Europea coa celebración da primeira edición do Concurso de carteis do 9 de maio, unha iniciativa para conmemorar o Día de Europa. O primeiro premio desta categoría foi para o cartel *Un para todos e todos para un*, elaborado polo alumnado do CEIP Plurilingüe Santa María.

**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
**COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...**

**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**construferr**

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200  
SISTALLO - COSPEITO  
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

# Ultiman os traballos na rúa Anduriñas e do camiño de Aparral

O Concello encara a recta final das obras de mellora da pavimentación e dos servizos na Rúa Anduriñas, unha actuación que tamén incluíu o traslado da marquesiña á Rúa Camelias. O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, visitou recentemente os traballos para comprobar o avance dunha intervención que supón un investimento de 223.349 euros, financiado con cargo á Deputación da Coruña.

A actuación permitiu a renovación integral da calzada e das beirarrúas deste viario co obxectivo de mellorar a accesibilidade, a seguridade viaria e a calidade urbana da contorna. Para iso, unificouse a cota da rúa e definiuse un único sentido de circulación, habilitando ademais espazo para estacionamento na marxe dereita en sentido da marcha.

As distintas zonas de circulación diferenciáronse mediante o uso de pavimentos específicos, empregándose baldosa de formigón prefabricado nas bandas laterais destinadas ao tránsito peonil e lastras de formigón na calzada central reservada ao tráfico rodado.

Tamén remataron as obras de mellora do pavimento no camiño que une os lugares de Cabeza dos Fornos e Casas Ermas, na parroquia de Aparral, unha actuación incluída nos plans municipais de mellora de infraestruturas rurais desenvolvidos ao longo deste ano e financiada con cargo á Deputación da Coruña.

A actuación contou con investimento total de 60.164,08 euros e permitiu renovar a capa de rodaxe dun viario municipal de aproximadamente 900 metros de lonxitude e un ancho medio de 4,20 metros, empregado diariamente tanto por veciñanza como por explotacións agrícolas e gandeiros da zona.

Os traballos executados deron con-



tinuidade a intervencións realizadas anteriormente neste mesmo contorno, co obxectivo de completar a mellora dun eixo de comunicación importante entre parroquias e garantir unhas condicións de circulación máis seguras e confortables.

**RUA CASILLAS.** Por outra banda, iniciáronse as obras de mellora da rúa Casilla (fase 2), unha actuación integral cun orzamento de 205.000 euros, financiada con cargo á Deputación da Coruña, destinada a optimizar a pavimentación peonil, renovar as redes de alumeadado e recollida de pluviais e mellorar a seguridade e a accesibilidade do viario.

O ámbito de actuación abrangue o tramo que vai desde o cruce coa rúa Eduardo Pondal, na marxe dereita, e desde a estación de servizo, na marxe esquerda, ata a confluencia coa avenida das Veigas.

O proxecto contempla a demolición das beirarrúas existentes e a execución dunha nova pavimentación en formigón coloreado, cun ancho mínimo de 1,80 metros e un ancho medio de 2,40 metros, adaptada a criterios de accesibilidade universal, con sinalización táctil e visual en zonas de risco ou cambios de nivel.

**AVENIDA DE LUGO.** Foi adxudicada a obra de mellora de pavimentos e

servizos na Avenida de Lugo, entre os números 1 e 19', con cargo ao POS da Deputación da Coruña, cun orzamento de 207.862,90 euros.

A actuación permitirá avanzar na humanización dunha das principais vías de acceso ao centro urbano, mellorando a accesibilidade, a seguridade viaria e a calidade dos espazos públicos nun tramo estratéxico da Avenida de Lugo.

O proxecto contempla a eliminación do desnivel existente entre a calzada e as beirarrúas, favorecendo a accesibilidade universal, así como a renovación dos pavimentos tanto na zona de circulación como nas beirarrúas e áreas de aparcamento. Nos pasos de peóns instálase pavimento táctil adaptado para persoas con discapacidade visual.

No ámbito das infraestruturas, a obra inclúe a separación da rede de augas pluviais da rede de saneamento, coa execución dun novo colector de pluviais e a renovación da rede de saneamento nos tramos necesarios, mellorando a eficiencia e o funcionamento dos servizos municipais.

Tamén se actuará sobre o alumeadado público, recolocando os farois existentes, reforzando a iluminación nos pasos de peóns e incorporando nova iluminación LED de alta eficiencia, así como sinalización luminosa para aumentar a seguridade viaria.



## O Congreso apoia que a cheminea da central sexa patrimonio industrial

A Comisión de Cultura do Congreso aprobou unha iniciativa para instar ao Goberno central a incluír a cheminea da antiga central térmica no catálogo estatal de patrimonio industrial do Ministerio de Cultura. A proposta, presentada por Sumar, contou co apoio da maioría dos grupos parlamentarios, mentres Vox votou en contra e o PNV optou pola abstención.

Durante o debate, o deputado de Sumar Manuel Lago defendeu que a antiga central non representa só unha infraestrutura industrial, senón tamén unha parte esencial da memoria colectiva e obreira das Pontes. Segundo sinalou, a transición enerxética debe respectar tamén a historia e a identidade das comarcas afectadas polo peche das industrias. A iniciativa aposta por conservar este símbolo industrial e explorar novos usos ligados á investigación, á innovación ou á educación ambiental. Desde o PSOE, a deputada Montserrat García lembrou que a Xunta xa retomou os trámites para declarar a cheminea Ben de Interese Cultural, destacando o seu valor histórico, económico e social para Galicia.

Os socialistas advertiron ademais da importancia de preservar este tipo

de patrimonio industrial, lembrando que durante décadas desapareceron numerosas infraestruturas sen valorar o seu potencial cultural ou turístico, ao contrario do que ocorreu noutros países europeos.

Pola súa banda, o PP presentou unha emenda na que reclamaba unha nova Lei de Patrimonio Cultural que inclúa de maneira específica o patrimonio industrial. Os populares consideran que a simple inclusión nun catálogo estatal non garante unha protección real da infraestrutura e defenden avanzar nun marco legal máis sólido.

**CARBÓNS.** Os traballos de demolición do antigo parque de carbóns da central térmica das Pontes chegaron ao seu final tras o derrubamento das últimas estruturas que permanecían en pé. Con esta actuación desaparece unha das infraestruturas industriais máis emblemáticas do complexo pontés.

A instalación, considerada durante anos unha das superficies cubertas sen columnas máis grandes de Europa, formou parte da paisaxe industrial e da historia recente do municipio. O proceso de desmontaxe puxo fin a unha estrutura ligada durante décadas á actividade da térmica.



**INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA**

MAQUINAS Y  
RECAMBIOS  
LEMKEN



**EXTENDEDOR DE SILO  
MODELO  
VIMIANZO  
CON BOMBOS  
GALVANIZADOS**



**CUIDAMOS EL  
BIENESTAR  
ANIMAL**



**ENCAMADORA DE CUBICULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**



**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO  
DE RECAMBIO AGRÍCOLA**



**¡CONSÚLTANOS SIN  
COMPROMISO!**



**CUCHILLA  
MAÍZ  
MODELO CORISTANCO**



**TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS,  
FORESTALES, BIOMASA...**



**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS  
AUTONIVELANTES  
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.  
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**



[www.corbarsll.com](http://www.corbarsll.com)

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com**

## EN BREVE



**BIBLIOTECA.** A sala infantil da Biblioteca Municipal Enrique River Rouco volve abrir as súas portas cun horario reducido, despois do peche temporal que se viu obrigada a aplicar debido a diversos comportamentos incívicos que impedían o correcto funcionamento deste espazo. O servizo estará dispoñible de luns a venres entre as 17.30 e as 19.00 horas, permitindo de novo que os máis pequenos poidan gozar dun lugar destinado á lectura.

**MERENDAS.** O 13 de xullo celebrárase unha nova edición da Romaría das Merendas. A programación arrancará ás 13:00 horas cunha exposición de coches antigos e coa sesión vermú, na que participarán a Escola Municipal das Pontes, No Cómbaro da Casa e Troula do Ortegale. Ás 15:00 horas abríranse as tradicionais merendas populares e, a partir das 16:00 horas, desenvolveranse xogos populares para a rapazada da man de Picariños e, media hora despois, celebrarase un obradoiro de iniciación ao baile tradicional aberto a todos os públicos. Entre as 18:00 e as 23:00 horas terá lugar a Foliada Estelar, que contará cun concurso de agarrados e coa participación de agrupacións como Aquí e Alá, de Outes e Lousame; Trio Prata, de Ames e Teo; Os Charanghaitos, de Forcarei; As Ferriñas, do Vicedo; Os da Cochera, de Vigo; Gamelas e Anduriñas, de Espasante; e The Westering Sun, formación vinculada a Escocia e Galiza.

**MARCHA SOLIDARIA.** As Pontes celebrará o 7 de xuño, ás 11:00 horas, unha nova edición da andaina solidaria *As Pontes en marcha contra o cancro*. A andaina contará cun percorrido aproximado de 4,5 quilómetros polas rúas do núcleo urbano, cun itinerario circular con saída e chegada no Concello. Trátase dunha actividade non competitiva e aberta a todas as idades, concibida como un espazo de encontro e convivencia arredor dunha causa común. O prezo da inscrición é de 8 euros para persoas adultas e 5 euros para menores de 12 anos, incluíndo en ambos casos unha camiseta e un dorsal solidario como agasallo conmemorativo da iniciativa.

**AS PONTES ECUESTRE.** Regresará á localidade o sábado 6 de xuño, nha cita que sitúa ao municipio no calendario galego da hípica. En apenas catro anos, o evento hípico tense consolidado xa no calendario autonómico, coa vocación de ampliar horizontes ano tras ano, medrando non só en xinetes e amazonas participantes senón tamén en público disposto a desfrutar da emoción da competición, e tamén, dunha contorna natural espectacular. Precisamente, Federico Pérez Lago. O certame volverá acoller o Concurso de Saltos Territorial, de carácter autonómico, e con 4 probas sobre alturas de 0,30, 0,50, 0,80 e 1,00 m, e unha das probas do Campionato Galego de Andadura, con gran tradición na contorna.



## O Concello firma o convenio anual de apoio a Cohempo e Seara

O pleno aprobou o convenio de colaboración coa Asociación de Comerciantes, Hostaleiros e Empresarios Ponteses (Cohempo) para o desenvolvemento de campañas e actividades de dinamización económica durante o ano 2026.

O acordo, asinado entre a concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica, Elena López Seco, e a presidenta de Cohempo, Montserrat Gastelu Fernández, ten como principal obxectivo apoiar o tecido comercial, hostaleiro e empresarial local a través de accións de promoción, formación e dinamización.

O Concello destinará a este convenio unha achega de 35.000 euros para financiar campañas de dinamización comercial, accións formativas e gastos xerais da asociación.

Entre as actuacións incluídas no convenio destacan a posta en marcha de campañas de promoción e dinamización para as empresas asociadas, iniciativas destinadas á formación do sector comercial e hostaleiro, así como o apoio aos gastos xerais necesarios para o funcionamento diario da entidade.

A concelleira Elena López Seco subliñou a importancia do traballo que desenvolve Cohempo e o papel clave do comercio e da hostalería na vida económica e social do municipio. "Cohempo desempeña un

papel fundamental na dinamización económica e social das Pontes, actuando como nexo de unión entre o comercio, a hostalería e o tecido empresarial local. O traballo que desenvolve ao longo de todo o ano contribúe a impulsar campañas de promoción, atraer actividade e fortalecer un sector que resulta esencial para xerar emprego, crear vida nas rúas e manter un municipio activo e dinámico", sinalou Elena López Seco. A edil tamén destacou que "o Concello das Pontes continúa apostando polo comercio, a hostalería e o tecido empresarial local como motores fundamentais da economía e da vida social do municipio. A través deste convenio con Cohempo seguimos apoiando campañas de dinamización, accións formativas e iniciativas que contribúan a fortalecer e impulsar a actividade económica nas Pontes".

SEARA. Tamén se aprobou o convenio de colaboración coa Asociación de Empresarios SEARA para o desenvolvemento de programas de asesoramento empresarial, apoio ao emprendemento e dinamización do tecido económico local durante o ano 2026.

O acordo, asinado entre a concelleira delegada da Área de Industria, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, Ana Pena Purriños, e o pre-

sidente da Asociación de Empresarios SEARA, José Castro Romero, ten como principal obxectivo apoiar ás persoas emprendedoras, ás pemes e ao tecido empresarial local a través de servizos de asesoramento, accións de promoción e actividades de dinamización económica.

O Concello das Pontes destinará a este convenio unha achega de 31.000 euros para financiar o programa de asesoramento a emprendedores e consolidación de proxectos empresariais, as actividades da Rede de Autónomas e Empresarias, servizos de consultoría sobre axudas e subvencións, accións de promoción e publicidade da asociación, gastos xerais e investimentos.

Entre as actuacións incluídas no convenio destaca o desenvolvemento de programas de asistencia técnica a persoas emprendedoras e empresas locais, iniciativas de apoio ao emprendemento feminino a través da Rede de Autónomas e Empresarias, servizos de asesoramento financeiro e sobre subvencións, así como actuacións de mellora das instalacións da entidade mediante a instalación dun novo sistema de iluminación eficiente con tecnoloxía LED e control automático.

Ámbolos dous convenio terán vixencia ata o 31 de decembro de 2026 e permitirán continuar desenvolvendo accións de impulso económico.

**FM imaxe** **PELUQUERÍA UNISEX**  
CON SERVICIO A DOMICILIO

Avenida Terra Cha, 125 Baixo  
**659 093 512**

**TA TECNOAGRI**  
Maquinaria Técnica Lúbrica e S.L.

**DeLaval**

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea  
Teléfono: 982 330 465

# “Oblea achégase ao folk horror e suspense gótico, sen abandonar o contexto histórico”

O pontés X.M. Ferro Formoso promociona esta tempada a novela que dá continuidade a ‘*Terror Mortis*’

**Fálenos un pouco de ‘Oblea’? Enténdemola como unha continuación de ‘Terror Mortis’?**

*Oblea* é unha novela de intriga histórica ambientada novamente na Galicia de finais do século XIX, pero cun ton algo máis escuro e simbólico ca *Terror Mortis*. Volven aparecer o doutor Alfonso Neira Lafontaine e o subtenente Anselmo Piñeiro, mais a historia pode lerse perfectamente de maneira independente. Hai referencias e continuidade narrativa, pero tamén unha nova investigación, novos personaxes e unha atmosfera diferente. Nesta ocasión a trama mergúllase máis no mundo das lendas, das supersticións e dos segredos familiares.

**Haberá paisaxes e personaxes coñecidas?**

Nesta ocasión a trama desenvólvese en diferentes lugares das Fragas do Eume e da comarca eumesa. O río Eume ten un peso moi importante na novela, facendo de fío condutor simbólico. Tamén reaparecen personaxes xa coñecidos polos lectores de *Terror Mortis*, como Lafontaine, Piñeiro ou Clara, pero evolucionados, cunha relación máis profunda e complexa entre eles.

**Que parecidos ou diferenzas se atopan coa precedente?**

As dúas novelas comparten a mestura de investigación criminal, documentación histórica e imaxinario galego. A diferenza principal é que *Oblea* ten un ritmo máis pausado e atmosférico, máis centrado na tensión psicolóxica e no misterio ancestral. Se *Terror Mortis* era máis unha novela de investigación forense clásica, *Oblea* achégase por momentos ao folk horror e ao suspense gótico, sen abandonar nunca o contexto histórico galego.

**Canto tardou en escribirla?**

A novela escribina fundamentalmente durante o verán do ano pasado, aínda que en realidade non parei de escribir dende que rematei *Terror Mortis*. Dalgunha maneira, unha novela levoume á outra de forma bastante natural. Ademais da propia escritura, houbo tamén un importante traballo de documentación histórica, lectura e visitas aos lugares que aparecen na historia. Gústame moito construír escenarios reais e intentar que o lector sinta que está camiñando por eses espazos.

**Polo de agora onde foi presentada e cal será o seguinte paso?**

A novela foi presentada en espazos moi especiais e moi vinculados emocionalmente ao meu traballo como documentalista e técnico en xestión do patrimonio cultural, como o Mosteiro de San Xoán de Caaveiro, o Museo Etnográfico Monte Caxado das Pontes ou a Biblioteca Municipal Rivera Rouco. O seguinte paso é continuar facendo presentacións, intentando levar a novela fóra do ámbito local e seguir ampliando lectores.

**Xa estamos pensando na seguinte?**

Si. Xa estou traballando en novos proxectos. Algúns continúan o universo de Lafontaine e Piñeiro e outros exploran rexistros distintos, pero sempre mantendo ese interese pola historia, a memoria, o misterio e a paisaxe galega.

**Como e por que deu o paso para escribir?**

Levo escribindo practicamente toda a vida, aínda que durante moitos anos escribín sobre todo informes, artigos, proxectos ou textos relacionados co patrimonio cultural. A narrativa sempre estaba aí, e finalmente decidínme a dar o paso definitivo. Supoño que chegou un momento no que sentín



a necesidade de converter todas esas historias, lendas, lugares e obsesións persoais en literatura.

**Que é o que máis lle gusta e o que menos da súa faceta de escritor?**

O que máis me gusta probablemente sexa todo o proceso previo á propia escritura: a documentación, a investigación histórica e a construción do guión. Gústame moito mergullarme nos lugares, nas lendas, nos documentos e ir armando pouco a pouco a arquitectura da historia antes de comezar a escribirla. Tamén disfruto especialmente dos clubs de lectura, porque me permiten conectar cos lectores despois de teren lido a novela. Iso abre unha dimensión completamente nova, xa que escoitar as súas interpretacións, reaccións ou teorías axúdame tamén a seguir construíndo novas historias e a traballar na evolución dos personaxes. O que menos, seguramente, é a parte máis mecánica do proceso, como as correccións e a edición. E as presentacións non é que non me gusten, pero ás veces sintome un pouco limitado porque non podo falar libremente de determinados aspectos da novela para non facer *spoilers*... (ri).

**Como se definiría como escritor?**

Creo que son un escritor moi vinculado ao territorio, á memoria e á atmosfera. Interésame moito a idea de utilizar Galicia non só como escenario, senón case como un personaxe máis. Tamén intento combinar o rigor documental coa intriga e coa emoción narrativa.

**Dedicase á escritura plenamente ou combina cun apartado laboral diferente?**

Compaxino a escritura coa miña actividade profesional vinculada á documentación, á xestión cultural e ao patrimonio. En realidade, ambos mundos aliméntanse mutuamente, porque moitas das historias, espazos ou temas sobre os que escribo nacen precisamente dese contacto constante coa memoria e co patrimonio cultural galego.

**Escrebe baixo o seudónimo. Por que ese nome, ten algún significado?**

Si. Asino X M Ferro Formoso, un pseudónimo construído desde os apelidos das miñas avoas. Era unha maneira de renderlles homenaxe e tamén de crear unha identidade literaria propia moi ligada ás miñas raíces familiares e ao territorio do que procedo.

## O lago logra por sexto ano consecutivo a bandeira azul

O Concello vén de conseguir, por sexto ano consecutivo, a Bandeira Azul para a praia do lago, un galardón que concede anualmente dende 1987 a Fundación para a Educación Ambiental ás praias e portos que cumpren estritos criterios de calidade ambiental, seguridade, accesibilidade e excelencia nos servizos.

A obtención deste distintivo volve situar ao lago das Pontes como un referente turístico e ambiental en Galicia, recoñecendo o traballo continuo realizado para garantir unhas instalacións de máxima calidade tanto para a veciñanza como para as persoas visitantes.

A Bandeira Azul avalía aspectos como a calidade da auga, a xestión ambiental, a accesibilidade, a seguridade, os servizos de salvamento e socorrismo ou a información ambiental, entre outros criterios.

A concelleira de Turismo, Elena López, destacou que “revalidar por sexto ano consecutivo a Bandeira Azul é unha enorme satisfacción para As Pontes porque supón o recoñecemento ao esforzo e ao traballo que se realiza durante todo o ano para manter este espazo nas mellores condicións”.

López sinalou que “este distintivo é unha garantía da excelente calidade das augas e dos servizos da praia do lago, pero tamén unha mostra do compromiso do Concello coa sustentabilidade, coa conservación ambiental e cun modelo de turismo responsable e respectuoso co entorno”. A concelleira lembrou ademais que, cando As Pontes presentou por primeira vez a candidatura, “o obxectivo era darlle garantías á cidadanía e ás persoas visitantes de que a praia do lago cumpría con todas as esixencias turísticas, ambientais e de seguridade. Seis anos despois, este recoñecemento consolidado demostra que imos polo bo camiño”.

EXCLUSIVIDAD para la SALUD de tu SONRISA

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Problemas de Oclusión y Función
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13  
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo  
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:  
12:00 a 20:00 h  
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

## Friol recibiu 17 axudas para mellorar a imaxe exterior de vivendas



A Xunta de Galicia concederá este ano un total de 690 axudas por un importe global de 2 millóns de euros para apoiar a propietarios particulares na execución de pequenas obras que repercutan de forma positiva na imaxe exterior dos seus inmobles, traballos de revestimento sobre muros de peche ou intervencións para eliminar elementos adxacentes que polo seu deterioro poidan causar algún tipo de impacto visual sobre o entorno.

Durante a visita que realizou a unha propiedade en Friol reformada nos últimos anos grazas ao apoio desta liña de incentivos, a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, puxo en valor o éxito das axudas destinadas á corrección de impactos paisaxísticos desde a súa primeira convocatoria, en 2021. De feito, incidiu en que

nestes seis anos se concederon xa preto de 9 millóns de euros a través destas achegas que permitiron levar a cabo un total de 3.208 actuacións en Galicia, propiciando así que a cultura do fermosismo chegue a 288 municipios galegos (o 92% do total).

En total, a conselleira explicou que só no concello de Friol o seu departamento concedeu 17 subvencións a outros tantos particulares, un dato que o converte no segundo municipio de Galicia con máis achegas no marco da actual convocatoria.

A responsable autonómica lembrou que a achega da Xunta, con límite de 3.000 euros por axuda, só cobre ata o 70% do custo subvencionable das actuacións polo que o investimento mobilizado unha vez se executen será maior.

## Renovarán once quilómetros da LU-P-2106 ao seu paso pola vila

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou novos investimentos por un importe de preto de 1 millón de euros para mellorar un total de once estradas provinciais que discorren polas comarcas da Mariña, Lugo e Ribeira Sacra. “Esta inversión permitirá seguir avanzando na mellora da rede viaria provincial en concellos como Ribadeo, Foz, Orol, Ribas de Sil e Friol”, así o avanzou a voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto. En Friol, investirase 275.000 euros na mellora da LU-P-2106, nun tramo de case once quilómetros que conecta

o municipio co lugar de Lousada polo de Cimadevila, co que a estrada quedará practicamente renovada. Os traballos incluírán a reapertura de cunetas, reparación de danos, repavimentación e reposición da sinalización vertical.

“Estes novos investimentos demostran o noso compromiso coa mellora da rede viaria provincial. Traballamos en todas as estradas sen diferenzas políticas, atendendo unicamente ás necesidades reais de conservación, seguridade e mobilidade de cada municipio”, sinalou.

## Remata a obra de pavimentación de varios accesos a núcleos rurais

O Concello de Friol vén de rematar recentemente as obras correspondentes ao proxecto de pavimentación de accesos a varios núcleos rurais do municipio, actuación financiada con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos da Deputación de Lugo, cun investimento total de case 170.000 euros.

Os traballos realizados permitiron mellorar o estado de diferentes vías municipais que dan acceso aos núcleos de Castorres, Casanova, O Foxo, Corteporcós, Macedo, A Hedreira, Torre, Carballal, O Rebolo e Todón, beneficiando así a varias parroquias e a unha parte importante da veciñanza do concello.

Este proxecto supón unha actuación de grande relevancia para Friol, xa que permite continuar coa mellora e mantemento dos camiños municipais, fundamentais para garantir unhas comunicacións seguras e axeitadas no rural.

As vías obxecto da actuación presen-



taban un importante deterioro debido ás condicións habituais do tráfico, ao paso de maquinaria agrícola e forestal, ás condicións meteorolóxicas e ao paso do tempo, dificultando a circulación nalgúns zonas. Por este motivo, executáronse actuacións encamiñadas a reparar as deficiencias existentes e previr futuros danos.

Ademais da renovación da pavimentación, tamén se realizaron labores de limpeza de cunetas para facilitar

a correcta circulación das augas de escorrentía, así como a colocación de pasos salvacunetas, contribuíndo así a unha mellor conservación das vías e a unha maior seguridade para os usuarios.

Desde o Concello destacan que estas actuacións permitirán mellorar os accesos por estas vías, facilitando os desprazamentos diarios tanto dos habitantes do municipio como da poboación en xeral.

## Adxudican a renovación de dous parques infantís

O Concello vén de adxudicar á empresa Calfensa S.L. o proxecto de renovación integral dos parques infantís situados no Parque Rosalía de Castro e no Parque Félix Rodríguez de la Fuente, dous espazos de referencia para o lecer familiar no centro do municipio.

O proxecto conta cun orzamento total de 165.140,97 €, dos cales a Xunta de Galicia financia 148.626,87 €, sendo a contía restante asumida con fondos propios do Concello de Friol. A actuación foi adxudicada por un importe de 139.131 € e contará cun prazo de execución de dous meses e medio.

A intervención permitirá acometer unha mellora integral de ambas instalacións co obxectivo de modernizar os espazos, incrementar a seguridade e garantir a accesibilidade universal. Os traballos previstos inclúen a substitución do pavimento actual por un chan continuo de caucho, que mellora a absorción de impactos e reduce o risco de lesións. Tamén se insta-

larán novos xogos infantís fabricados con materiais resistentes e sostibles, adaptados a distintas idades e con opcións inclusivas.

Ademais, eliminaranse barreiras arquitectónicas para facilitar o acceso a menores con mobilidade reducida, rehabilitarase o mobiliario urbano e habilitarase novas zonas de sombra mediante a plantación de árbores autóctonas e a instalación de pérgolas.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que “esta actuación representa un avance significativo na mellora dos espazos públicos municipais, mediante a creación de áreas de xogo máis seguras, modernas e inclusivas, orientadas ao benestar das familias e da infancia”. Así mesmo, sinalou que “a renovación destes parques responde ao firme compromiso do goberno local coa mellora da calidade de vida da veciñanza e coa promoción de espazos plenamente accesibles para toda a cidadanía”.

## Celebrarase a noite de San Xoán cunha gran cea o día 23

A Asociación Cultural Santa Isabel organiza unha nova celebración da noite de San Xoán en Friol, que terá lugar o vindeiro 23 de xuño a partir das 21.30 horas no Mercado Gandeiro da localidade.

A cita contará cunha cea popular previa á tradicional fogata, na que os asistentes poderán degustar sardiñas, churrasco, liscos, chourizos, bebida e sobremesa. O prezo será de 20 euros para as persoas socias da entidade organizadora e de 25 euros para as non socias.

A organización anima á veciñanza a participar nunha das noites máis emblemáticas do calendario festivo galego, na que non faltarán a música, a diversión e a tradicional queimada para acompañar a celebración.

As persoas interesadas en asistir deberán inscribirse antes do 20 de xuño a través dos teléfonos habilitados pola organización. A actividade busca reunir a veciños e visitantes arredor das tradicións propias do San Xoán, nun ambiente festivo e de convivencia.

**gato con botas**  
zapatería  
C/ Plácida Peña, 8 - Baño  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Tel: 982516150

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**  
Transformacións agrarias  
Desbroces e plantacións de montes  
Servicio de podas  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES  
**SEOANE**  
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

# Presentan as III Olimpíadas Rurais de Galicia, que serán a final de mes

Friol volverá situarse este verán no centro do deporte tradicional e da cultura popular galega coa celebración das III Olimpíadas Rurais de Galicia, que terán lugar os próximos 26, 27 e 28 de xuño e que se consolidan xa como unha das citas lúdico-deportivas máis destacadas do rural galego.

A programación arrancará o venres 26 de xuño coa gala inaugural e o tradicional desfile dos equipos participantes polas rúas da vila ata a Praza Andón Cebreiro, que volverá ser o epicentro principal das actividades. Neste espazo realizarase a presentación oficial dos equipos e disputaranse as primeiras probas da competición.

Nesta edición participarán 20 equipos integrados por 20 persoas maiores de 16 anos, que competirán durante toda a fin de semana en diferentes xogos tradicionais nos que se poñerán a proba a forza, o equilibrio, a habilidade e a destreza dos participantes.

Entre as probas máis destacadas manteranse algunhas das máis populares e espectaculares de anos anteriores, como a cucaña, a cesta va, os zancos, as cintas, a carreira de sacos, a piola, a carreira de lazos, a billarda, a chave de Ferrol, a carreira de carretilla, a comba, o tiro da corda, o lanzamento de adoquín ou



a cadeira da raíña. Ademais, a organización avanzou que haberá novas actividades e sorpresas que se irán coñecendo nas próximas semanas.

**AS NOVIDADES.** Unha das novidades anunciadas polo alcalde, José Ángel Santos, será a invitación ao xantar do domingo para os 400 participantes desta terceira edición, reforzando así o espírito de convivencia que caracteriza o evento.

Precisamente, a gastronomía volverá ter un papel protagonista durante toda a fin de semana. Nas mañás do sábado e do domingo celebraranse almozos con produtos típicos da comarca, mentres que os xantares populares reunirán participantes e visitantes nun ambiente festivo e de irmandade. O evento servirá tamén

para promocionar algúns dos produtos máis representativos de Friol e da súa contorna.

A música e a animación serán outro dos grandes atractivos das Olimpíadas Rurais. A organización prepara unha intensa programación musical con concertos, charangas, DJs e actividades para todos os públicos ao longo das tres xornadas. O venres pola noite actuarán LouBand e DJ Cosme; o sábado ao mediodía será a quenda da Charanga ChisPum e xa pola noite subirán ao escenario A Banda da Balbina e Los Alcántara. O domingo, durante a sesión vermú, actuará a Charanga Bamboleo e, a partir das 18.00 horas, La Indirigible será a encargada de pechar oficialmente esta terceira edición das Olimpíadas Rurais de Galicia.

# Luz verde para o orzamento, que acada os 5,9 millóns de euros

O Concello de Friol contará en 2026 cun orzamento histórico de 5.925.000 euros, consolidando a tendencia ascendente dos últimos anos. As contas municipais supoñen un incremento de 1,66 millóns de euros respecto ao exercicio 2023 e de máis de 610.000 euros en relación co ano 2025, reflectindo unha planificación responsable e unha xestión eficaz dos recursos públicos.

Neste sentido, o asentamento de empresas e o impulso da actividade económica están contribuíndo a frear a perda de habitantes e atraer novos veciños, un factor clave para asegurar o futuro do municipio.

O capítulo de gasto corrente supera os 3,1 millóns de euros, representando o 52,48% do total do orzamento. Esta partida permitirá reforzar servizos esenciais como o mantemento de vías públicas, o abastecemento de auga e saneamento, a recollida e tratamento de residuos, a limpeza viaria, o alumbeo público e o coidado de parques e xardíns.

Entre as actuacións previstas destaca tamén a renovación de parques



infantís, cun investimento superior aos 148.000 euros.

As políticas sociais continúan sendo unha prioridade para o Concello, cunha dotación superior aos 1,15 millóns de euros, arredor do 20 % do orzamento municipal. Boa parte destes recursos destínanse ao Servizo de Axuda no Fogar, que atende actualmente a máis dun cento de familias do municipio.

Do mesmo xeito, o Concello reforza o seu compromiso coa educación, a cultura e o deporte, destinando preto dun millón de euros ao desenvolvemento de actividades, eventos e servizos fundamentais para a vida

social e comunitaria.

As subvencións directas incluídas no orzamento superan os 150.000 euros e contemplan axudas á natalidade, apoio ao tecido asociativo cultural e deportivo, así como colaboración con colectivos sociais e persoas en risco de exclusión. Entre estas achegas inclúense tamén liñas de apoio a entidades que traballan con familiares de enfermos de Alzheimer e outros colectivos vulnerables.

O capítulo de investimentos supera os 1,1 millóns de euros e céntrase principalmente na mellora de infraestruturas viarias, o desenvolvemento rural, os equipamentos públicos, as instalacións deportivas e os servizos ambientais.

O Goberno local subliña a significativa redución das obrigas pendentes recollidas no Plan Económico Financeiro, acadada sen incrementar a presión fiscal sobre a cidadanía.

O executivo municipal sinala que, tendo en conta as modificacións de crédito xa executadas, o orzamento real do Concello supera xa actualmente os 6,1 millóns de euros.



**JRoca**  
INMOBILIARIA



**ROCA & PRADO**  
ABOGADOS

<p><b>Gatelle, Guitiriz</b> Casa   5 Dorm   1 Baño   230 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">150.000 €</span> Vivienda rural reformada recentemente, salvo un dependencia da planta baixa. Dispone de cocina, cinco habitacións, un baño e a zona sin acondicionar. Terreno de unos 1.100 m<sup>2</sup>, un garaxe de 39 m<sup>2</sup> y un almacén de 115 m<sup>2</sup>.</p>
<p><b>C/ Bispo Rouco Varela, Villalba</b> Piso   4 Dorm   2 Baño   120 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">100.000 €</span> Cerca de la zona escolar, piso primeiro, sin ascensor, de cuatro dormitorios, sala, baño, aseo, cocina, terraza y un trastero en el desván. Se vende completamente amueblado. También se vende con el piso el bajo del edificio de 117 m<sup>2</sup>, destinado a garajes, por 100.000 euros más.</p>
<p><b>Avenida da Terra Cha, Villalba</b> Terreno Urbano   800 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">127.000 €</span> Solar de 800 m<sup>2</sup> con 16 metros de fachada. Edificabilidad de bajo y cuatro plantas más ático. El solar también da a la calle que pasa por detrás, la calle Mondoñedo.</p>
<p><b>C/ Conde Pallares, Villalba</b> Edificio   330 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">150.000 €</span> Se vende edificio compuesto por bajo y dos plantas. El bajo está destinado a garaje para al menos cuatro vehículos. El primer piso está amueblado y se divide en 4 habitaciones, sala, baño y aseo, cocina y amplia terraza cubierta. El piso segundo está dividido en 4 habitaciones y sala, baño y aseo y cocina. Precisa alguna reforma. Las viviendas tienen calefacción de gasoil y el precio incluye el terreno que hay a la espalda del edificio.</p>
<p><b>C/ Conde Pallares, Villalba</b> Casa Adosada   2 Dorm   1 Baño   150 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">17.000 €</span> Se vende casa, para reformar, de planta baja y piso de unos 150 metros totales. Esta situada a escasos metros del centro.</p>
<p><b>Santaballa, Villalba</b> Terreno Urbano   1034 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">19.000 €</span> Parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Alligal y aproximadamente a 1 km de la autovía Ferrol-Villalba.</p>
<p><b>Ramil, Villalba</b> Casa   3 Dorm   2 Baño   186 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">59.000 €</span> A 6 km del centro de Villalba se vende casa rústica a reformar repartida en dos plantas. Planta baja con cocina, un baño y un espacio sin acondicionar, en el que en el pasado hubo una cuadra. En planta alta hay varias habitaciones y otro baño. Dentro de la finca, además de la casa, hay varias construcciones, garaje, pajar, horno y otras.</p>
<p><b>C/ Suso Gayoso, Villalba</b> Casa pareada   3 Dorm   1 Baño   229 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">100.000 €</span> En el centro de Villalba se vende vivienda unifamiliar a reformar, de una superficie total construída de 229 m<sup>2</sup> repartidos entre planta baja, piso y bajo cubierta. Tiene un patio en la parte posterior en el que hay un pozo.</p>
<p><b>Cuesta Lugar Veiga-Pq, Villalba</b> Casa   4 Dorm   1 Baño   260 m<sup>2</sup> <span style="float: right;">58.000 €</span> En la parroquia de San Simon, se vende casa independiente con fachada en piedra, de unos 260 m<sup>2</sup> repartidos en dos plantas. Precisa amplia rehabilitación. Adosada a la casa hay una palleira de unos 58 m<sup>2</sup> y un horno. Finca de unos 5600 m<sup>2</sup>. La vivienda dispone de luz y agua de pozo. Pasa la traida de agua en las proximidades de la casa.</p>
<p><b>Francisco Javier Roca Edreira • Maria Dolores Prado Rouco</b> <b>Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles</b> <b>Comunidades - Penal</b> Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo) Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo) Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720</p>
<p><a href="http://www.rocabogados.info" style="color: white;">www.rocabogados.info</a> <a href="http://www.inmobiliariajroca.es" style="color: white;">www.inmobiliariajroca.es</a></p>

## begonte

## Invisten un total de 200.000 euros nun novo centro social en Carral

Púxose en marcha a construción dun novo local social na parroquia de Carral, unha actuación na que se investirán arredor de 200.000 euros grazas ao apoio económico da Consellería do Medio Rural.

O futuro edificio contará cunha superficie aproximada de 150 metros cadrados e nace coa intención de ofrecer á veciñanza un espazo moderno destinado á celebración de actividades sociais, culturais e comunitarias. Desde o goberno local destacan que esta infraestrutura responde a unha petición formulada desde hai anos polos residentes da parroquia.

O executivo municipal subliña que nos últimos anos mantivo unha aposta continuada pola recuperación e creación de espazos veciñais nas distintas parroquias do municipio, co obxectivo de dinamizar a vida social e mellorar os servizos destinados á poboación.

Segundo explican desde o Concello,



este tipo de instalacións permiten desenvolver programas orientados ao envellecemento activo, actividades formativas, encontros sociais e iniciativas culturais que contribúen a reforzar a convivencia no rural.

Ademais da nova construción en Carral, o Concello continúa avanzando na rehabilitación doutros inmobles municipais. Entre eles figuran antigas escolas unitarias que foron

transformadas en locais sociais para uso da veciñanza, conservando ao mesmo tempo parte do patrimonio arquitectónico das parroquias.

O goberno local asegura que esta liña de actuación busca consolidar un modelo de concello centrado na cohesión territorial, na mellora da calidade de vida no rural e na creación de oportunidades para manter vivas as parroquias.

### Os veciños contarán o 10 con servizo de recollida de residuos

Este mes de xuño o Concello de Begonte procederá á recollida de enseres domésticos, concretamente o día 10.

Así os veciños que o desexen poderán depositar utensilios e mobiliario xeral do fogar como electrodomésticos, xoguetes ou aparellos musicais por exemplo ata un máximo de tres enseres por vivenda.

Dende o Concello informan que non se recollerán outros enseres que non estean incluídos nos catalogados como domésticos nin aqueles que non sexan declarados na solicitude.

A recollida realizarase de forma domiciliar, iniciándose ás 6.00 horas da mañá e os enseres deberán estar depositados en lugares accesibles para a súa carga con camión pluma.

Todas aquelas persoas interesadas deberán chamar previamente ao teléfono do Concello 982 39 61 43.

**DOAZÓN DE SANGUE.** A unidade móbil de doazón de sangue estará este xoves 11 de xuño no Concello de Begonte, para recoller as doazóns dos veciños que así o desexen maiores de 18 anos e con máis de 50 quilos de peso.

O vehículo prestará servizo entre as 16.00 e as 18.00 horas diante da oficina do Consorcio (fronte Abanca).

## Begonte volverá contar con varios campus

O Concello de Begonte acollerá do 22 de xuño ao 3 de xullo unha nova edición do campamento de verán que contará tamén coa celebración do Campus Mixto de Fútbol Sala. O campamento está dirixido a nenos e nenas de 4 a 17 anos e contará con actividades diversas, como surf, multideporte, parque acuático, inchables, festa da escuma, kayak e fútbol sala, con visitas de xogadores e adestradores profesionais.

O horario do campamento será de luns a venres de 9.30 a 13.30 horas con servizo de madrugadores para os que o necesiten cun suplemento de dez euros sobre os 110 que ten de custo o campamento para os escolarizados en Begonte e alumnos das escolas deportivas. O prezo xeral será de 150 euros con descontos para os irmáns.

**CAMPUS DE FÚTBOL SALA.** No mes de xullo terá lugar unha nova edición do campus de patinaxe coincidindo co tempo de lecer dos pequenos e para axudar na conciliación da vida familiar e laboral. O campus terá lugar no pavillón municipal de Begonte do 13 ao 17 de xullo en xornada de mañá, entre as 9.00 e as 14.00 horas, e está

dirixido a rapaces e rapazas de 3 a 16 anos.

Terá un custe de 40 euros para o público en xeral e de 30 para os empadroados, escolarizados ou participantes nas escolas deportivas de Begonte.

Os interesados en participar deberán inscribirse previamente. O prazo para facelo pecha o 26 de xuño e poderá realizarse a través da sede electrónica do Concello ou na mesma casa consistorial.

**XIMNASIA.** Un verán máis, o Club Violeta Ximnasia Rítmica organiza unha nova edición do Campus de Ximnasia Rítmica, que terá lugar do 6 ao 10 de xullo no Pavillón Municipal de Begonte.

O campus desenvolverase en horario de 10:00 a 14:00 horas, ofrecendo tamén a opción de acollida temperá dende as 9:00 para facilitar a conciliación familiar. As actividades inclúen técnica corporal e de aparatos, danza, xogos, preparación física, acrobacias e talleres creativos. E tamén haberá xogos, cine e excursións.

As prazas son limitadas e xa está aberto o prazo de inscrición, que pode realizarse a través de WhatsApp no número 645 483 985.

## A Biblioteca Municipal dá a coñecer os premiados do certame Letras Galegas

A Biblioteca Municipal de Pastoriza fixo pública a acta do certame de narración e debuxo infantil Letras Galegas 2026, organizado pola Biblioteca Municipal Ángel Basanta con motivo da celebración das Letras Galegas.

O xurado reuniuse o pasado 15 de maio e estivo composto por Matilde Arrizado Yáñez, profesora de Educación Plástica e Audiovisual no IES Fonmiñá; Vanesa Ustiano Díaz, mestra do CEIP O Salvador de Pastoriza; Alicia Lombardía Méndez, directora do CEIP de Bretoña; Marcos García Lombardero, tenente de alcalde do Concello de Pastoriza; e María López Prado, bibliotecaria, que actuou como secretaria do xurado.

Na modalidade de debuxo, na categoría A, ata 8 anos, o primeiro premio foi para Arwa Oussaid, o segundo para Luz Castro Legaspi e o terceiro para Brais Gallego Darriba.

Na categoría B, de 9 a 11 anos, a gañadora foi Laia Rosales Moreiras, seguida de Icí Veres Iglesias e Erea Méndez García. Ademais, o xurado concedeu un accésit a Tiago Falcón García.

Na categoría C, de 12 a 16 anos, o

primeiro premio recaeu en Ares González Fernández, o segundo en Zaida García Seco e o terceiro en Violeta Lema Prado. Tamén recibiron accésit Alma Nieto Alvarriño e Antía Díaz Corbelle.

Na modalidade de narración, na categoría A, ata 8 anos, Lois Iglesia Iglesia acadou o primeiro premio, mentres que Diego Rodríguez Valle foi segundo e Nerea Corbelle Díaz terceira. Na categoría B, de 9 a 11 anos, Hugo Martínez Martínez conseguiu o primeiro premio, Joel Freire Mourelle o segundo e Mía Vázquez Goyos o terceiro. O accésit foi para Aroa Iglesia Iglesias.

Por último, na categoría C, de 12 a 16 anos, o primeiro premio foi para Sergio Rodríguez Valle e o segundo para Xiana Martínez Martínez.

O certame volveu reunir a numerosos participantes do municipio e da contorna, consolidándose como unha das actividades culturais e educativas destacadas arredor da celebración das Letras Galegas.

Os gañadores poderán participar na fase final, que organiza a Biblioteca Provincial Nodal.

## Convocada o 12 de xuño a súa Festa da Xuventude

Pastoriza acollerá o vindeiro 12 de xuño unha nova edición da Festa da Xuventude, unha cita pensada para reunir á veciñanza e aos visitantes nunha xornada de convivencia, música e diversión. O evento desenvolverase nun recinto situado ao carón do pavillón municipal, que contará con campo cuberto con carpa para garantir o desenvolvemento da festa independentemente das condicións meteorolóxicas.

A programación arrancará ás 17.30 horas cun tardeo acompañado de partidos de pádel. Ao longo da noite tamén haberá rifas e sorteos, así como venda de camisetas conmemorativas da celebración.

Ás 22.00 horas celebrarase unha cea popular cun prezo de 25 euros por persoa. O menú incluírá entremeses, empanada, churrasco, sobremesa, café e chupito. As entradas para participar na cea estarán á venda ata o 8 de xuño na gasolinera O Acebreiro e no Bar Esquina da Pastoriza.

A partir da medianoite dará comezo a verbena, que estará amenizada polo grupo Los Key e polo DJ Billy, encargados de poñer música a unha

noite que se prolongará ata a madrugada.

A Festa da Xuventude está organizada pola asociación Miño coa colaboración do Concello da Pastoriza, a Asociación de Empresarios da Pastoriza e a Xunta de Galicia. A organización anima a participar nesta cita festiva que busca consolidarse como un dos eventos destacados do inicio do verán no municipio.

**SAN ANTÓN.** San Martín de Corbelle celebrará as súas festas patronais a fin de semana do 6 e 7 de xuño na honra a San Antón, despois de celebrar o tradicional xantar popular.

O sábado arrancarán as celebracións cunha misa solemne ás 13.30 horas con procesión e sesión vermú a cargo da orquestra Los Españoles. Pola noite a verbena contará tamén con esta orquestra e Kubo.

O domingo continuarán os oficios relixiosos ás 13.45 horas. A orquestra JB Son será a encargada do apartado musical na sesión vermú prolongada que porá fin á festa.

A organización lembra que haberá carpa no campo da festa.

# Ampla asistencia á inauguración da nova área de autocaravanas

Pastoriza inaugurou a súa nova área de autocaravanas, unha das máis grandes de Galicia, nunha xornada que reuniu no municipio a 162 autocaravanas, campers e vehículos similares chegados desde distintos puntos de Galicia e do norte peninsular. A nova infraestrutura nace co obxectivo de potenciar o turismo e contribuír á dinamización económica local, convertendo Pastoriza nun punto estratéxico da comarca da Terra Chá para o turismo itinerante. O novo espazo, financiado a través do Plan Cooperación cos Concellos cun investimento próximo aos 69.000 euros, conta con capacidade para 42 prazas e está situado nun enclave considerado estratéxico polo goberno local, xunto á piscina municipal, ao circuíto de kárting e ao inicio dunha ruta de sendeirismo, ademais de atoparse a poucos quilómetros do nacemento do río Miño. O acto inaugural celebrouse durante a tarde coa participación do tenente de alcalde, Marcos García Lombardero; da presidenta da Asociación Galega de Autocaravanas, María del Mar García Pena; e do deputa-



do provincial de Recursos Sostibbles, Francisco Cajoto. Durante a xornada tamén estiveron presentes diferentes representantes institucionais, entre eles a deputada autonómica Raquel Arias; o senador José Manuel Balseiro; o voceiro do PP na Deputación de Lugo, Antonio Ameijide; e o deputado provincial e alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias. A inauguración incluíu a actuación do Grupo de Baile e Música de Pastoriza, a izada da bandeira, a interpretación do himno, o descubrimento dunha placa conmemorativa e o tradicional corte da cinta inaugural.

Desde o Concello destacaron a excelente resposta do autocaravanismo, xa que os asistentes pertencían tanto á Asociación Galega de Autocaravanas como ao colectivo PEKA, integrado por usuarios de vehículos vivenda. O tenente de alcalde, Marcos García Lombardero, asegurou durante a xornada que a nova área "permite desfrutar dunha contorna única e coñecer lugares tan emblemáticos como o nacemento do río Miño", ao tempo que subliñou que esta infraestrutura "contribuirá a xerar movemento no municipio e a dinamizar a hostalaría local".



## Bruno Martínez gaña o Volante Deputación

Bruno Martínez Bermúdez converteuse no vencedor da última edición do Volante Deputación, a iniciativa de promoción do automobilismo celebrada no circuíto de Pastoriza co apoio da Vicepresidencia da Deputación. O piloto de Foz, de 27 anos, foi o máis rápido na final da competición e logrou como recompensa a oportunidade de disputar o Rally San Froilán 2026 como piloto titular da escuadra PTC, ao volante dun Dacia Sandero. A proba reuniu preto de 160 participantes, que durante dous días

combinaron formación e competición nun formato pensado para facilitar o acceso de novos talentos ao mundo dos rallies. Todos os inscritos recibiron previamente preparación técnica e clases de condución segura antes de afrontar as distintas mangas cronometradas organizadas no circuíto. Tras as sesións clasificatorias os dez mellores tempos accederon ás semifinais e posteriormente á final. Manuel Fernández Román e Roberto López López acompañaron a Bruno Martínez no podio.



**IES Lois Peña Novo**

### FP DUAL INTENSIVA

- 35-50% da duración total do ciclo en empresa
- Retribución económica durante a estada na empresa

### CUALE INGLÉS

- Preparación probas certificación EOI
- Inglés: B1 e B2

### BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

- Obtención do título de bacharelato
- Unha hora semanal por materia
- Tutorías quincenais opcionais
- Matrícula simultánea con FP

### EDUCACIÓN SECUNDARIA PERSOAS ADULTAS

- Obtención do Graduado en ESO nun só curso académico
- Módulo 3. Primeiro cuadrimestre
- Módulo 4. Segundo cuadrimestre
- Posible acceso por proba de avaliación inicial

[ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal](mailto:ies.lois.pena.novo@edu.xunta.gal)

982 87 08 60

Cuart de Poblet S/N 27800 Vilalba

[www.iespenanovo.com](http://www.iespenanovo.com)

## EDUCACIÓN DE PERSOAS ADULTAS

-  Bacharelato Semipresencial
-  Galego e Castelán para Persoas Inmigrantes
-  Educación Secundaria Persoas Adultas

## CICLOS FORMATIVOS

**Grao Básico**

- Informática de Oficina
- Mantemento de Vehículos

**Grao Medio**

- Electromecánica Vehículos Automóbiles
- Atención a Persoas en Situación de Dependencia
- Instalacións Eléctricas e Automáticas
- Sistemas Microinformáticos e Redes

**Grao Superior**

- Administración Sistemas Informáticos e Redes **Plurilingüe**
- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial **Dual intensiva**
- Asistencia á Dirección **Dual intensiva**



**XUNTA DE GALICIA**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo  
El FSE invierte en tu futuro

## BEGONTE: José Ulla Rocha

# “Vivir en Begonte deixou de ser un atranco para converterse nunha oportunidade”



### DATOS

**HABITANTES:** 2.905.  
**PARROQUIAS:** 19.  
**EXTENSIÓN:** 126 km cadrados.  
**PARTIDO XUDICIAL:** Vilalba.  
**CORPORACIÓN:** 9 concelleiros do PP, 1 do PSOE e 1 do BNG.  
**ALCALDE:** José Ulla Rocha do Partido Popular.  
**VOCEIRA PSOE:** Susana Ferreiro.  
**VOCEIRO BNG:** Pablo Ares

## O alcalde begontino ultima a súa cuarta legislatura con maioría absoluta, ante unha oposición escasa, e non dubida en seguir adiante

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde? Vivín a política dende neno na casa porque, meu pai foi pedáneo e iso xunto coa ilusión e as gañas de transformar o Concello onde nacín, vivo e desenvolvo a miña actividade profesional, fixeron que aceptara a oferta que me fixo José Pena Rábade no ano 1999 para formar parte da candidatura do PP e dende ese ano fun concelleiro e tenente de alcalde 8 anos. Logo co seu retiro, que os meus compañeiros e compañeiras de corporación apostasen por min para encabezar a candidatura do PP nas eleccións do 2007 foi fundamental para dar ese paso, aínda que, gañando as eleccións non acadamos a maioría absoluta. Os 4 anos na

oposición foron unha aprendizaxe importante de cara a ter unha visión distinta da política municipal e un acicate para conseguir dende o ano 2011 catro maiorías absolutas.

### A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno?

O Sacrificio con maiúsculas sempre é a familia e o tempo que deixas de dedicarles e compartir. Como todo a vida non deixa de ser unha carreira de obstáculos que vas superando día a día. Creo firmemente nos equipos de traballo e creo que esa é a clave do éxito destes anos, xunto co magnífico traballo dos funcionarios e traballadores do Concello.

### E beneficios?

A política é vocación de servizo público e ninguén debería ser político para beneficiarse a si mesmo. A política municipal dáche a oportunidade de transformar o teu pobo e traballar polos teus veciños e veciñas, non hai nada máis gratificante. Por desgraza a falta de recursos e de colaboración doutras administracións condicionan moito a acción de goberno e aí e onde se demostra o traballo e a valía á hora de xestionar e conseguir, tanto o financiamento como a execución da maioría dos proxectos. Como equilibra a vida pública e a privada?

Un nunca deixa de ser alcalde as 24 horas do día pero, a miña actividade privada como veterinario polas tardes, dáme a oportunidade de percorrer todo o Concello e coñecer como a palma da man. Axúdame a desconectar, por suposto é a miña vocación e a actividade económica principal e o día que os veciños e veciñas decidan deixar de darme a súa confianza será de novo ao que me dedique as 24 horas do día polo que non teño ningunha atadura á política máis aló do servizo público.

### Cales son os seus obxectivos?

A nivel persoal e político non teño ningún obxectivo máis aló da Alcaldía de Begonte. A día de hoxe sería moi difícil que alguén me poda con-



vencer para deixar a política municipal por algún outro posto noutra administración. Sen dúbida traballar para que o meu partido governe a Deputación de Lugo, a Xunta e o Goberno Central son obxectivos irrenunciáveis para min.

### E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

É fundamental fixar poboación, tanto para evitar que a xente moza marche como atraer xente de fóra, por iso traballaremos para que a campaña “Vivir en Begonte” siga sendo un éxito e dotando de máis solo edificable. Seguir implementando e mellorando servizos como educación, benestar, conciliación, deporte, cultura.... e por suposto crear postos de traballo, para iso a ampliación xa en marcha do polígono de Begonte e o agardado desenvolvemento do polígono de Pacios-Baamonde son fundamentais. Tampouco debemos esquecer aos nosos maiores, cada ano destinamos moitos recursos a dependencia. Dispoñemos dun centro de día e agardamos contar cunha residencia de maiores en breve.

### Cales son as principais liñas do seu programa?

Sempre foi ser realista e prometer o que podes cumprir. Cada ano executamos máis do 100 % do orzamento, sen comprometer economicamente ao Concello. Iso permitiunos ter un nivel moi alto de servizos e seguir mellorando. Manter e mellorar eses servizos é algo que non podemos descoidar e despois seguir avanzando nas políticas e servizos destinados a xente moza e ós nosos maiores. Sempre dende o punto de vista dun Concello que quere ter as comodidades e servizos dunha gran cidade nun entorno rural e privilexia-

do. Vivir en Begonte deixou de ser un atranco para converterse nunha oportunidade.

### Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Sobre todo máis financiamento, máis recursos e máis autonomía á hora de plantexar reformas e tomar decisións. Ninguén mellor que os begonteses e as begontesas sabemos cal é o mellor para o noso pobo e dificilmente dende outros lugares coñecen a nosa realidade coma nós.

### De que proxectos se sente máis orgulloso?

De todos e cada un, dende o máis grande ó máis pequeno pero, se teño que destacar algo sería a reforma e ampliación da praza e casa do Concello; a reforma educativa e de instalacións xunto coa escola infantil e a urbanización de toda aquela zona, e, por último, a iniciada reforma do pavillón de Baamonde.

### Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

A mesma persoa que lles pediu o seu voto a primeira vez. A mesma persoa que segue tendo a ilusión e as gañas de traballar polo seu pobo e a súa xente e que prioriza iso sobre calquera outra cousa. Que perciban que o día que perda esa ilusión e esas gañas será o primeiro que dea un paso ó carón e marche para a súa casa e a súa profesión.

### Como é a súa relación coa oposición?

Fóra do salón de plenos creo que teño boa relación e quedoume amizade con moitos e moitas que xa non están. Dentro, cada un defende as súas ideas pero sempre dende a cordialidade e o respecto e para min sempre son rivais políticos pero nunca inimigos.

### EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**  
55 anos, casado e cun fillo
- **Profesión e formación**  
Licenciado en veterinaria
- **E si non fora veterinario, que lle gustaría ser?**  
Seguramente, médico
- **Que quería ser de maior**  
Médico que mudou a veterinario na adolescencia
- **Que fai para desconectar?**  
Sobre todo deporte
- **Unha virtude e un defecto**  
Capacidade de traballo e esforzo. Defectos, moitos
- **Un consello para compartir**  
Vive cada día como se fose o último
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**  
É difícil escoller.... pero *O Principiño*, *La vida es bella*, de Benigni. A música pop, pero sobre todo a dos oitenta ou noventa
- **Unha afección**  
Calquera deporte pero sobre todo correr e o pádel neste

- momento
- **Un lugar que visitar**  
Cada recuncho de Begonte
- **Unha comida e unha bebida**  
Unha boa tortilla con ovos da casa, por suposto sen cebola. A auga e se é dunha fonte un día de calor, insuperable
- **Unha persoa admirada**  
De todos podes aprender algo, sempre sen perder a identidade e sen seguir ó rebaño
- **Unha posesión prezada**  
A familia
- **Un desexo**  
Saúde
- **Algo para esquecer**  
A perda das persoas queridas
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**  
A amizade e a sinceridade
- **Un desafío pendente**  
Pasar mais tempo coa familia
- **Onde se ve en cinco anos?**  
A nivel político onde os veciños queiran e onde a saúde mo permita

## Convocado o concurso de creación sobre igualdade

O Concello de Xermade convida a todo o alumnado do CEIP de Xermade a participar na terceira edición do certame de creación artística escrita e gráfica sobre a igualdade.

Poderán concorrer ao certame o alumnado matriculado no CEIP Plurilingüe de Xermade durante o curso 2025/2026 e estableceranse para eles tres categorías dependendo da idade. A para o alumnado de Infantil e 1º e 2º de Primaria, a B para os de 3º e 4º de Primaria e a C cos de 5º e 6º de Primaria.

O tema do concurso baseará sobre a volta ao mundo en igualdade. As obras poderán servir para descubrir que, aínda que existen moitas diferenzas culturais, lingüísticas ou sociais, todos os nenos e nenas comparten os mesmos dereitos e deben ter as mesmas oportunidades. Cada categoría terá unha modalidade, así os máis pequenos teñen que facer un debuxo e os das categorías B e C crear un conto, en lingua galega.

Os traballos deben ser inéditos e orixinais, presentados nun folio de tamaño DIN A4, sen utilizar medios dixitais para a súa realización. Entre-



Concurso de creación artística escrita e gráfica

garanse só co título, sen ningunha identificación persoal.

A entrega dos traballos será presencial, na Biblioteca Municipal de Xermade, ata o 5 de xuño, achegando documentación acreditativa, a efectos de certificar que o alumno/a está matriculado no centro.

Todo o alumnado participante recibirá un vale por 30 euros no momento da entrega do traballo para material escolar. De entre os traballos entregados, escolleranse tres premios por cada categoría, que recibirán premios de entre 35 e 60 euros no primeiro grupo de idade e de 85 a 10 nos outros dous.

## Centenario do Sindicato e 30 anos de Amuraxe

A asociación Amuraxe organiza en Xermade unha destacada xornada festiva para conmemorar un dobre aniversario moi especial: os 100 anos de historia do Sindicato e os 30 anos da propia entidade. A celebración terá lugar o sábado 6 de xuño de 2026 na Praza do Concello, cun programa pensado para reunir á veciñanza arredor da música, a gastronomía e a convivencia.

A xornada comezará ás 13.30 horas cun acto de benvida no local do Sindicato, ao que seguirá unha sesión vermú amenizada polo grupo Lusco e Fusco. Posteriormente, ás 15.00 horas, celebrarase un xantar popular cun menú composto por empanada, paella, carrilleiras, sobremesa, café e licores. O prezo será de 30 euros, mentres que os nenos e nenas ata 12 anos poderán asistir de balde.

Xa pola tarde, a festa continuará coa actuación da solista María e unha verbena que se prolongará ata ben entrada a noite, mantendo o ambiente festivo "ata que o corpo aguante".



As persoas interesadas en asistir poden adquirir as súas entradas a través dos membros da directiva de Amuraxe ou en distintos establecementos de Xermade, como Xermade Alimentación, Bar Casal, Bar Pita e Comercial Pita.

EXCURSIÓN. O domingo 14 de xuño farán a actividade Ferrol en Igualdade 2026, unha excursión cultural e de convivencia que permitirá ás persoas participantes coñecer distintos espazos emblemáticos da cidade ferrolá desde unha perspectiva de igualdade.

### EN BREVE

**MOMÁN.** A parroquia prepárase para celebrar as tradicionais festas na honra a San Antón o sábado 13 de xuño. Os actos comezarán ás 13:30 horas cunha misa solemne e a continuación, terá lugar a tradicional procesión e a sesión vermú estará amenizada polo grupo Eureka. Xa pola noite, o campo da festa converterase nun auténtico punto de encontro para veciños e visitantes coa celebración dunha gran verbena a cargo de novo de Eureka, que actuarán xunto á artista Aixa Romay.

**LOUSADA DE ARRIBA.** A localidade vivirá os días 6 e 7 de xuño unhas intensas xornadas festivas na honra a San Andrés e San Xoán. O sábado, a festa comezará ás 13:30 horas cunha misa solemne, seguida de procesión e sesión vermú, que estará amenizada pola orquestra Fuego. Pola noite, terá lugar a tradicional verbena, coas actuacións de Fuego e do grupo Ritmo. O domingo, repetirase o programa matinal con misa, procesión e sesión vermú, de novo co acompañamento musical de Ritmo. As festas contarán cun campo cuberto con carpa, garantindo así o confort dos asistentes independentemente das condicións meteorolóxicas.

OFERTA FORMATIVA

**01 ESO**



**02 ESA**  
(ESO para adultos)



**03 FP BÁSICA**

- Informática de Oficina
- Mantemento de vehículos



**CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO**

- Electromecánica de vehículos automóviles
- Sistemas Microinformáticos e Redes
- Soldadura e Caldeiraría (FP Dual)



**05 CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**

- Administración e Finanzas
- Mecatrónica Industrial (FP Dual)



**06 ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS**

- Inglés todos os niveis

Cursos de Certificación A2-C1  
Curso Semipresencial B2  
Clase de Conversa Básica  
Clase de Conversa Intermedia



**07 AULA DE EMPRENDIMIENTO**

- Potenciamos o emprendemento



Rúa José María Penabaz López s/n  
15320 As Pontes (A Coruña)  
Teléfono 881 93 00 01

**IES Plurilingüe Castro da Uz**

[ies.castrodauz@edu.xunta.gal](mailto:ies.castrodauz@edu.xunta.gal)

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescastrodauz/>

XUNTA DE GALICIA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA LINGÜÍSTICA E EMPLEO | ERASMUS+ | EQUIPO DE COOPERACIÓN DE LINGÜAS GALEGAS

pol



## Rematan as obras do local social da Ferradura

A Xunta destinou 24.000 euros ás obras de acondicionamento do teleclub de Churiz, na parroquia polense de Caraño, promovidas pola asociación veciñal A Ferradura para empregar o inmoible como local social.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, comprobou hoxe o resultado da actuación, que foi executada co apoio da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través das convocatorias de axudas a entidades veciñais correspondentes aos anos 2024 e 2025.

As reformas en conxunto melloran o illamento, a estética e a funcionalidade das instalacións. As últimas

obras incluíron o cambio da cuberta de lousa por outra revestida do mesmo material. Tamén se actuou nas fachadas de pedra e cambiáronse dúas ventás e unha porta de madeira que estaban deterioradas por outras de aluminio. Ademais, fíxose a instalación eléctrica, o que permite ter luz no recinto.

Arias destacou a importancia desta rehabilitación, que permite recuperar para uso social unha construción que tivo moita importancia na parroquia, xa que antigamente funcionaba como lugar de reunión da veciñanza e albergaba unha tenda de comestibles e un teléfono público.

## Organizan unha charla sobre o mercado de carbono no sector

O BNG celebrará o venres 5 unha charla centrada nas oportunidades que ofrece o mercado de carbono CO<sub>2</sub> para o sector forestal. O encontro terá lugar ás 16.30 horas no bar Recuncho de Novo, situado en Rioxoán, na parroquia de Valonga.

A sesión contará coa participación de Montserrat Valcárcel, deputada do BNG no Parlamento de Galicia, que abordará os beneficios económicos de dispoñer de masas forestais e os requisitos necesarios para a súa rendibilidade dentro do mercado dos créditos de carbono.

A actividade terá unha duración aproximada de 45 minutos e, unha vez rematada a exposición, abrirase unha quenda de intervencións para que os asistentes poidan formular dúbidas, resolver cuestións relacionadas co sector forestal e achegar propostas e ideas.

Desde a organización destacan que o acto pretende ser un espazo aberto de información e proximidade para analizar as posibilidades que ofrece este ámbito emerxente para propietarios e profesionais do sector forestal.

## Diego Torres é o novo director do Museo do Castro de Viladonga

A Xunta nomea director do Museo do Castro de Viladonga a Diego Torres Iglesias despois da xubilación no mes de abril de Elena Varela Arias, que ocupaba o cargo desde o ano 2010. Trátase dunha praza que foi cuberta a través dunha convocatoria en comisión de servizos, un procedemento previsto na normativa de emprego público.

Diego Torres Iglesias é licenciado en

Historia con especialidades en Prehistoria, Arqueoloxía, Historia Antiga e Medieval e cursou un Máster universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e un Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. Ademais, realizou varios posgraos, entre os que se atopan o de Tecnoloxías dixitais de documentación xeométrica e representación

do patrimonio e Tecnoloxías de información xeográfica en arqueoloxía.

Así, o novo director, que viña desenvolvendo a súa actividade profesional no propio Museo, conta cunha ampla experiencia no eido da arqueoloxía. Neste senso, o centro busca abrir unha nova etapa, derivada das perspectivas de ampliación dos espazos do castro.

## Bazar e Loentia celebran as festas

Bazar vivirá unha intensa fin de semana festiva do 12 ao 14 de xuño coa celebración das festas na honra a San Antón e á Virxe do Socorro.

As celebracións comezarán o venres 12 de xuño cunha churrascada popular a partir das 22.00 horas. A continuación, a festa continuará cunha verbena amenizada por Alejandro Martínez e Cosmedejay.

O sábado 13 terá lugar a misa solemne ás 13.30 horas, seguida da procesión e da sesión vermú coa orquestra Trébol. Pola noite celebrarase unha gran verbena na que actuarán as orquestras Trébol e Punto Clave.

O programa concluirá o domingo cunha misa e procesión ás 13.30 horas, acompañadas pola Banda Municipal de Meira. A continuación desenvolverase a sesión vermú co grupo Fénix, que será o encargado de poñer o broche final ás festas.

**LOENTIA.** En Loentia terá dous días de festa esta fin de semana na honra a San Antón e San Esteban. O sábado terán misa ás 13.00 horas e sesión coa orquestra Stereo, que repetirá pola noite xunto con Panorama City. O domingo, despois da misa das 14.00 horas a sesión vermú estará ao cargo do grupo Fénix, co que se dará por rematada a festa.

A organización lembra que haberá carpa no campo da festa.



## Fabiola García destaca o investimento realizado na residencia de maiores

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, reuniuse en San Caetano co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para avaliar novas vías de colaboración de cara á mellorar os servizos de atención a maiores deste municipio.

A conselleira lembrou que a Xunta vén de investir 280.000 euros na residencia pública autonómica de Castro Ribeiras de Lea para mellorar a canalización deste recurso. Do mesmo xeito, explicou que o Goberno galego ten sempre a man tendida para colaborar coas administracións

locais na mellora dos servizos públicos e favorecer unha atención de calidade a todas as persoas que o precisen.

Ademais, Fabiola García recalco que a atención aos maiores é un dos piares fundamentais da Xunta, especialmente nas zonas rurais, facilitando sempre que conten con servizos públicos na contorna como en Castro de Rei. Neste sentido, explicou que no modelo de coidados galego, que busca unha atención centrada nas necesidades dos maiores, é fundamental o papel dos concellos.

## ROMAXE ARTESÁ DA CHAIRA



A Casa da Cultura de Ribeiras de Lea acolleu unha nova edición de O RadioVisual do Patrimonio, unha iniciativa de dinamización cultural que reuniu alumnado, docentes, músicos e veciñanza arredor da música, a palabra e a creación audiovisual. O evento converteuse na quinta parada deste proxecto itinerante.





## Haberá tres quendas de campamento durante este verán

O Concello celebrará nos meses de xullo e agosto tres campamentos de verán repartidos entre a capitalidade e Castro Ribeiras de Lea. Volve o campamento urbano en tres quendas para rapaces de 3 a 14 anos. Así, a primeira será do 1 ao 15 de xullo, outra do 16 ao 31 do mesmo mes e rematarán do 17 ao 31 de agosto. Esta actividade terá un horario de 8.30 a 14.00 horas e desenvolveranse actividades de deporte, animación, contacontos e animación á lectura, obradoiros, educación ambiental, excursión ao Aquapark de Cerceda, etc. As inscricións poden facerse ata o 26 de xuño.

## Galicia rexistrou no que vai de ano máis de 12.800 raios, di a Xunta

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, informou de que a Rede de detección de raios de MeteoGalicia contabilizou no que vai de ano un total de 12.825 raios, o que supón o 80% de todos os rexistrados durante o pasado 2025.

Segundo declarou durante a visita que realizou á estación meteorolóxica que MeteoGalicia ten en Castro de Ribeiras de Lea, no Concello de Castro de Rei, Ángeles Vázquez fixo fincapé en que o 42% dos raios rexistrados este ano -5.371- caeron a pasada fin de semana. En concreto, entre o venres 22 e o luns 25 de maio e, ademais, ese venres e o domingo 24 foron as xornadas con máis raios de todo o ano. Pola contra, segundo explicou a conselleira, “no mes de marzo non caeu nin un só raio”.

A conselleira indicou que o que aconteceu é que se deron as circunstancias perfectas para que se produciran esas treboadas: aire moi cálido en superficie procedente do norte de África -como quedou demostrado pola presenza de partículas de



polvo sahariano en suspensión- e frío en altura nas capas medidas e altas da atmosfera.

Desde o punto de vista xeográfico, a provincia de Lugo foi a que rexistrou un maior número destes fenómenos meteorolóxicos. De feito, é a provincia con máis raios rexistrados desde que hai rexistros de datos, en 2011. Nese senso, Ángeles Vázquez puxo como exemplo que o 46% dos raios caídos o pasado ano en Galicia concentráronse na provincia de Lugo.

Isto débese a que o interior de Galicia e as zonas con máis orografía son as máis proclives a sufrir treboadas

porque as temperaturas, polo xeral, son máis altas. Ademais, entre as zonas montañosas de Lugo e Ourense, as primeiras hai máis tormentas porque é máis doado que o aire teña humidade pola súa proximidade ao Cantábrico.

Nesa liña, a conselleira puxo en valor a información que facilita a Rede de detección de raios de MeteoGalicia, que conta con catro estacións, unha en cada en provincia – Mabegondo, na Coruña; Castro de Ribeiras de Lea, en Lugo; Alto do Rodicio, en Ourense, no Campus de Vigo, en Pontevedra-.



## Xosé Lois Ledo gaña un premio de AGAPI

A Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI) acordou conceder o V Premio de Honra Dolores Ben a Xosé Lois Ledo, en recoñecemento á súa traxectoria profesional e ao seu labor na defensa do audiovisual galego.

Entre os seus traballos máis destacados figuran, como director de produción, os filmes *Santa Liberdade*, *Liste*, pronunciado *Lister* e *A cicatriz branca*. Tamén foi produtor executivo e director do documental *Bestas*, seleccionado para participar no Festival de Cine de Málaga 2002. No ámbito televisivo participou nas series *O corpo da alma* e *Imos de viños*, ademais dos documentais *Inmigrantes no país da emigración*, *O país dos mistos* e *O Garabelo*.

**Inviste en Friol**

**CONCELLO DE FRIOL**

**Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol**

## outeiro de rei

## Estudiantes de Lugo e Zas gañan o concurso de videopoemas

Alicia González Pérez, do Colexio Marista A Inmaculada, e Mónica Ínsua Torralba, do IES Maximino Romero de Lema, resultaron gañadoras da IX edición do Concurso de videopoemas sobre composicións poéticas de Rosalía e Manuel María que organiza a Casa-Museo Manuel María. Alicia González Pérez foi premiada polo videopoema *Adiós ríos, adiós fontes*, mentres que Mónica Ínsua Torralba acadou o recoñecemento co traballo *A xustiza pola man*.

O xurado do certame estivo integrado polo realizador Omar Rabuñal Varela, o profesor e guionista Eduardo Álvarez González e a profesora e guionista Anxa G. Refoxo. No caso do videopoema *Adiós ríos, adiós fontes*, o xurado destacou “unha potente lectura do poema que é capaz de provocar movemento no estatismo das imaxes, e que, coa inclusión da



imaxe persoal, consegue presentar unha historia viva”.

Sobre o traballo *A xustiza pola man*, o xurado salientou que se trata dunha peza “en que todo funciona: interpretación, fotografía, vestuario, lectura do poema e montaxe”, ademais de valorar que “o recurso de fóra de campo como elemento na-

rrativo consegue unha sobresaliente estimulación dos sentidos e visualización activa”.

Ademais, o xurado acordou conceder unha mención de honra a Julia Balboa Maqueira e Kiara Agulla Bonvehí, do IES Frei Martín Sarmiento, polo videopoema *Quixente tanto, meniña*.

## Penas de Rodas prepárase para a 46ª edición da Romaxe

A Asociación de Penas de Rodas celebrará o 28 de xuño a VI Feira de Artesanía e Produtos da Terra, unha cita que terá lugar en Penas de Rodas dentro da 46 Romaxe.

A feira reunirá a numerosos artesáns e produtores locais, ofrecendo ao público unha ampla variedade de produtos da terra e pezas artesanais. O principal obxectivo é poñer en valor o traballo tradicional, promover o produto local e contribuír á dinamización do medio rural, nunha xornada pensada para todos os públicos. A programación dará comezo ás 11:00 cun partido de fútbol no Penedo, seguido dunha exhibición do Xogo da Billarda, que terá lugar diante das Penas. Ás 12:00, abrirá a Feira de Artesanía e Produtos da Terra.

Ás 13:00 horas celebrárase o pregón, que estará a cargo de Lis Latas, músico, artesán de gaitas e mestre de música e danza tradicional. A continuación, ás 13:30 horas, os asistentes poderán gozar dun vermú amenizado polo grupo Son de Lugh, antes do tradicional xantar campestre.

Xa pola tarde, os máis pequenos e o público familiar terán protagonismo cos xogos populares organizados por Xotramu. Ás 17:00 horas disputárase o II Aberto de Billarda de Penas de Rodas, no Campo de Fútbol O Penedo, coincidindo coa representación do Grupo de Teatro Penas de Rodas. A música volverá ser protagonista ás 18:15 horas coa actuación do grupo Panosedán, mentres que a clausura terá lugar ás 19:45 horas.

## Abre a inscrición da Feira de Artesanía do 4 de xullo

O Concello de Outeiro de Rei organiza a décimo oitava edición da súa tradicional Feira de Artesanía que terá lugar o sábado 4 de xullo.

Por tal motivo, o Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para participar na feira de artesanía deste ano polo que as persoas que desexen asistir como expositores na sección de artesanía ou de alimentación poden solicitar a súa participación no Servizo de Emprego e Desenvolvemento Local a partir do día 15 de maio ou nos teléfonos 982 393 382/ 982 393 281, en horario de 9:00 h a 14:00 h.

O Concello ofrece aos expositores

admitidos que non veñan co seu propio posto un espazo cuberto para expoñer (en jaimas ou similar e sen custo).

Á hora de obter posto valórase a dedicación profesional á actividade artesanal ou alimentaria. Neste sentido, terán prioridade os talleres artesanais e as persoas autónomas dadas de alta nun epígrafe do IAE correspondente a unha actividade artesanal; no caso da sección de alimentación, as empresas alimentarias inscritas no rexistro de artesanía alimentaria de Galicia, ou equivalente se proceden doutras comunidades autónomas.

### LISTA VERMELLA DE HISPANIA NOSTRA



A asociación Hispania Nostra acaba de incluír a Torre de Sobrada de Aguiar, situada no concello de Outeiro de Rei, e o Pazo de Mundín, no municipio de Monterroso, na súa Lista Vermella do patrimonio en perigo debido ao grave estado de deterioro que presentan ambos inmobles e ao risco de perda dos seus valores históricos, arquitectónicos e patrimoniais.

## As festas de San Xoán regresan do 23 ao 28

Guitiriz xa ten preparado o programa das festas de San Xoán 2026, que se desenvolverán entre os días 23 e 28 de xuño. As celebracións arrancarán o martes 23 cunha sardiñada e o tradicional lume novo a partir das 21.00 horas. A xornada rematará cunha verbena protagonizada por DJ e a orquestra Ráfaga. O mércores 24, día grande das festas, haberá pasarrúas a cargo do grupo de música tradicional Xesta Verde, seguido da misa solemne e procesión ás 13.00 horas. A sesión vermú estará amenizada polo Trío Manhattan e, pola noite, a verbena correrá a cargo de Manhattan e El Combo Dominicano.

A programación continuará o xoves 25 cunha sesión vermú protagonizada polo Dúo Venus e coa actividade infantil “Unha de piratas”, incluída no programa Cultura no Camiño.

O venres 26 celebrárase unha das novidades desta edición coa orga-

nización dun escape room baixo o título “Guitiriz entre auga e lume”, con saída desde o Campo da Feira. Ademais, terá lugar a iniciativa “Toma un viño con Bloquiño de Xermolos”. Pola noite, a verbena contará coa actuación da discoteca móbil Disketoca, DJ J.J. Compota e a orquestra La Última Legión.

O sábado abrirase con pasarrúas dos Trapeiros dos Vilares e sesión vermú coa Charanga Louband. A festa continuará pola noite coa actuación da orquestra Nueva Fuerza, acompañada pola discoteca móbil Chocolate e DJ Tito Maverick.

As festas rematarán o domingo 28 coa misa solemne e a actuación da Banda Municipal de Música do Concello de Guitiriz. A sesión vermú estará amenizada polo grupo Dilema e, xa pola tarde, a programación cultural concluirá coa actuación de Leti da Taberna, que presentará o seu monólogo “Enredada”.



## A Deputación investirá 252.000 euros na vila

A presidenta da Deputación, Carmela López, e a alcaldesa, Marisol Morandeira, asinaron un convenio de colaboración a través do cal a institución provincial achegará preto de 252.000 euros para actuacións diversas. Entre elas destaca a renovación e ampliación do parque infantil da Praza do Campo da Feira, na parroquia de San Xoán de Lagostelle, cun orzamento de 169.811,57 euros. O proxecto contempla a instalación de novos xogos, un círculo de equilibrio, elementos inclusivos, novo pavimento de seguridade, mesas de pícnic, papeleiras e sinalización.

O convenio inclúe tamén a mellora do acceso ao núcleo de Saa, na parroquia de Santa Leocadia, cun investimento de 59.845,26 euros para un tramo de 500 metros.

En materia de mobilidade urbana, destínanse arredor de 22.000 euros á mellora da sinalización horizontal no centro urbano, con actuacións na contorna da Casa Consistorial, Curro Vello, rúa Vilalba, rúa Concello e zonas próximas ao instituto público, incluíndo medidas de reordenación do tráfico e do estacionamento.

Así mesmo, prevese unha partida para a sinalización vertical e equipamento municipal.

Finalmente, o convenio incorpora unha inversión de 8.780 euros para melloras na EDAR e na rede de saneamento e abastecemento, que inclúen o subministro dun tambor de rototamiz para a estación depuradora de augas residuais, así como reixas e rexistros para o mantemento da rede.

## A nova edición da Festa da Torta de Millo será o domingo 7 de xuño

O Concello de Guitiriz celebra a IX edición da Festa da Torta de Millo o domingo 7 de xuño na Praza do Campo da Feira cunha intensa programación organizada polo Concello coa colaboración da Deputación.

A programación dará comezo ás 11:00 horas coa apertura da mostra de artesanía e dos postos de venda e degustación da Torta de Millo, nos que participarán dúas das panaderías tradicionais da vila: La Esquina e Panadería David. Os postos permanecerán abertos ata as 13:30 horas e retomarán a actividade pola tarde, entre as 17:00 e as 19:30 horas.

Os distintos postos de artesanía estarán distribuídos arredor da praza seguindo o modelo de edicións anteriores e acollerán xoiaría, téxtil, traballos en ferro e madeira, cestería, impresión 3D, cantería e outros produtos artesanais.

Entre as actuacións da mañá destaca o concerto da Escola de Música do Concello, coa participación da Banda Municipal e do Grupo de Gaitas, de 11:00 a 12:00 horas. Como incorporación de última hora, haberá un showcooking a cargo do premiado Antón Castro entre as 12.00 e as 12.30 horas.



A continuación, actuará Sheila Patricia, e xa pola tarde, ás 16:30 horas, celebrarase a mostra de xogos tradicionais e populares da man da asociación O Cadaval, nun formato semellante ao de edicións anteriores.

Ás 17:45 horas será a quenda de Aírriños de Orbazai, asociación cultural sen ánimo de lucro que traballa na difusión e posta en valor da cultura popular galega. O grupo ofrecerá un espectáculo colectivo con arredor de 40 persoas sobre o escenario e unha ampla diversidade instrumental. Esta actuación será posible grazas ao programa Tradigalu.

A programación musical pecharase ás 20:45 horas coa actuación de

Caamaño & Ameixeiras, dúo formado por acordeón cromático, violín e voz, cunha proposta ligada á música e ao baile de raíz e cunha destacada traxectoria tanto a nivel nacional como internacional.

Ao longo de toda a xornada haberá tamén diferentes actividades entre a que destaca a presenza dunha *food-truck* con servizo de comida durante todo o día, así como aseos públicos para as persoas asistentes.

Durante a mañá poderá visitarse a exposición dos textos participantes na actividade 'Tes un conto'. Ademais, coas compras de Torta de Millo agasallaráse un marcapáxinas e poderá verse unha exposición de cartelería sobre a Torta de Millo.

### Abre o prazo para solicitar o programa Guitiriz Concilia

Abriu o prazo de solicitudes para participar durante o curso escolar 2026-2027 no programa Guitiriz Concilia, o servizo municipal de conciliación da vida laboral e familiar dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos. O programa desenvolverase en distintos horarios e localizacións. Por unha banda, ofrecerase o servizo de Madrugadores no CEIP Lagostelle e no CEIP Santo Estevo de Parga, en horario de 08:00 a 09:30 horas, co obxectivo de atender aos rapaces e rapazas antes da entrada na escola. Por outra banda, o servizo Concilia Tardes desenvolverase no CEIP Lagostelle ata as 19:00 horas, cubrindo así o horario posterior ás clases.

O prazo para presentar as solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de xuño, coa documentación dispoñible na páxina web municipal. As inscricións poderán realizarse tanto de maneira presencial como a través da Sede Electrónica municipal.

O programa contempla ademais bonificacións do 20% para familias numerosas e monoparentais, así como para familias nas que participen varios irmáns.

### Parga Rock quenta motores cunha sesión vermú especial

A parroquia de Parga acollerá o sábado 6 de xuño unha sesión vermú organizada polo colectivo Parga Rock como antesala da próxima edición do festival. A cita servirá tamén para presentar oficialmente o merchandising de 2026, que estará dispoñible para a súa adquisición durante a xornada a prezos especiais.

O apartado musical correrá a cargo

das bandas Replicantes e Wilson's Band, que ofrecerán versións de coñecidos temas do rock e do pop español. A programación completárase coa actuación do DJ Coutinho, encargado de manter o ambiente festivo ao longo da tarde.

Os asistentes poderán degustar racións a prezos populares mentres gozan da música en directo.

### FESTA DOS XUBILADOS



O Concello de Guitiriz celebrou unha nova edición da tradicional Festa dos Xubilados e Xubiladas, unha cita xa consolidada no calendario social do municipio que reuniu no Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz a arredor de medio milleiro de persoas maiores de 65 anos.

## Guitiriz terá unha variada proposta durante o verán

Guitiriz contará este verán cunha ampla e variada programación de actividades pensadas para a cativada de todas as idades, co obxectivo de ofrecer alternativas de lecer, conciliación e diversión.

A Piscina Municipal abrirá as súas portas do 29 de xuño ao 6 de setembro, converténdose un ano máis nun dos principais puntos de encontro para veciñanza e visitantes.

No ámbito da conciliación familiar, o programa Concilia Vacacións desenvolverase, como todos os anos, en diferentes quendas entre o 1 de xullo e o 31 de agosto, facilitando ás familias recursos para compatibilizar a vida laboral e familiar durante o período vacacional.

Ademais, do 6 ao 10 de xullo cele-

brárase o tradicional Campamento de Verán, outra das propostas lúdicas e educativas destinadas á rapazada habituais por estas datas.

Este ano haberá varias festas como principal novidade entre as actividades máis destacadas, como é o caso da Festa Acuática na Piscina Municipal, prevista para o 17 de xullo, que contará con inchables acuáticos e diversas propostas de ocio. Xa no mes de agosto, do 21 ao 24, o CIT de Parga acollerá a Festa de Verán, con actividades como esvaradores acuáticos, festa da espuma e outras sorpresas para todos os públicos.

Como peche da programación estival, o 12 de setembro celebrarase a Festa de Fin de Verán na Praza do Campo da Feira.

## Convocada a nova edición das axudas a estudantes

O Concello destina un orzamento de 16.000 euros para financiar as diferentes liñas de axudas para a compra de material, transporte e redución da fenda dixital dirixidas a escolares para o curso 2026-2027. Está convocatoria establece como beneficiarias ás familias empadroadas no Concello de Guitiriz que teñan menores ao seu cargo matriculados en centros públicos, BAC, ESO, así como maiores de idade matriculados en ciclos formativos ou universitarios.

O prazo para presentar as solicitudes estará aberto ata o 20 de setembro. A documentación e as bases cos requisitos de participación poden obterse na páxina web municipal [www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com) ou de xeito presencial nas oficinas de Servizos Sociais Municipais ou no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz.

En total preséntanse catro liñas de axudas. A primeira é a liña de axudas ao material escolar, dirixida

ao alumnado de bacharelato (residentes en Guitiriz matriculados en centros municipais ou de fóra), que ten por obxectivo cubrir as necesidades de material didáctico, librería e/ou reprografía e os dispositivos adaptados á mocidade con necesidades educativas especiais.

A segunda, a de axudas ao transporte, está orientada para os rapaces e rapazas universitarios, estudantes de F.P. Básico ou que cursen ciclos formativos, cunha liña de axudas para financiar as súas necesidades de desprazamento, tanto ao lugar onde realizan a formación como de transporte interurbano se fose o caso.

Por último, e co obxectivo de salvar a fenda dixital existente no rural, habílanse dúas liñas. Por unha banda, axudas para a mellora da conexión dixital e pola outra, para a adquisición de dispositivos tecnológicos (ordenadores, portátiles ou tabletas).

**Grupo TEIXIDO**  
Boas festas!  
Guitiriz (LUGO)  
982 370 625  
[www.grupoteixido.es](http://www.grupoteixido.es)

## EN BREVE



**CENTENARIO.** Rábade viviu unha intensa xornada festiva coa celebración da segunda edición da Festa do Centenario, unha cita que rexistrou unha notable participación tanto de veciños como de visitantes. O evento naceu coa intención de manter vivo o recordo da historia local e de consolidarse como unha celebración anual arredor da identidade da vila.



**XUBILADOS.** Celebrouse tamén a tradicional Xuntanza de Xubilados e Pensionistas no Asador Coto Real, nun encontro marcado pola convivencia e a participación veciñal. A cita reuniu preto de 150 persoas, que compartiron unha xornada festiva organizada polo Concello como recoñecemento ás persoas maiores do municipio. O Goberno local fixo entrega dun obsequio ás persoas asistentes e organizou tamén un sorteo de agasallos.



**ESCOLAS DEPORTIVAS.** O Concello celebrou no pavillón municipal, a clausura das escolas deportivas que se celebraron durante todo o ano nas especialidades de zumba infantil, tenis de mesa, patinaxe, fútbol sala, atletismo, ximnasia rítmica ou judo. Nesta xornada de convivencia reuníronse todos os rapaces e rapazas, de entre 4 e 16 anos, que participaron durante todo o curso para ofrecer unha demostración do aprendido e festexar o fin de festa.

## Goberno e oposición pelexan pola autoría da petición dunhas obras

O voceiro do PSdeG, Alejandro Martínez, mantivo unha reunión de traballo coa presidenta da Deputación, Carmela López, para trasladarlle dúas demandas prioritarias: a renovación da rúa Bautista Núñez Varela e novas intervencións nas instalacións do campo de fútbol municipal. Durante o encontro, Martínez solicitou a colaboración da institución provincial para acondicionar a rúa Bautista Núñez, unha vía que presenta un importante deterioro no firme e na sinalización, polo paso de vehículos pesados vinculados á actividade empresarial da contorna. Segundo explicou, trátase dunha demanda trasladada dende hai tempo pola veciñanza e dunha obra necesaria para reforzar a seguridade viaria. “O que lle trasladamos á Presidenta é a necesidade de mellorar o firme, repoñer a sinalización e avanzar nunha solución estable para ordenar o tráfico pesado. O obxectivo é evitar que esta rúa siga deteriorándose polo paso de vehículos que non deberían circular por ela”, sinalou o voceiro socialista.

Martínez valorou a disposición da Deputación para colaborar nesta intervención e defendeu a conveniencia de estudar un convenio de cesión ao Concello, de maneira que a administración local poida regular o tráfico pesado. “Agardamos que o Partido Popular traballe para ordenar esta situación, porque falamos dunha cuestión que afecta directamente á seguridade viaria de Rábade”, apuntou.

Outro dos asuntos abordados foi a necesidade de seguir mellorando as instalacións do campo de fútbol municipal. O voceiro socialista lembrou que a institución provincial xa financiou proxectos importantes neste espazo, con 200.000 euros para a renovación integral do campo e 58.000 euros para a construción dos novos vestiarios, e trasladou a importancia de seguir completando un equipamento fundamental para os clubs, os



equipos e a mocidade do municipio. O representante socialista destacou que os principais investimentos que recibiu Rábade nos últimos anos chegaron da man dos gobernos progresistas do Estado e da Deputación, fronte á falta de actuacións da Xunta de Galicia do PP. Neste sentido, lembrou os preto de 700.000 euros mobilizados pola institución provincial para vías e infraestruturas, así como os máis de 710.000 euros do Executivo central para a nova pasarela peonil.

“Cada vez queda máis claro que as obras importantes que chegan a Rábade veñen da man dos gobernos progresistas. Fronte a isto, a Xunta leva anos sen deixar ningunha actuación de calado no noso municipio. Ese é o legado do PP en Rábade: ningunha inversión relevante e ningunha resposta ás necesidades da veciñanza”, criticou.

**ABANDONO DO PLENO.** O voceiro do PSdeG en Rábade, Alejandro Martínez, abandonou o Pleno municipal despois de que a alcaldesa e o grupo de goberno do PP impedisen o debate e a votación da moción socialista sobre a mellora das instalacións deportivas municipais.

O PSdeG denuncia que o PP converteu “de forma arbitraria” a moción rexistrada polo Grupo Socialista nun rogo, unha manobra que “só busca evitar o debate e impedir que o PP teña que votar en contra dunha proposta boa para Rábade e para a veciñanza”.

“É unha trampa política e un acto de covardía. A moción estaba presentada en prazo, e se o Goberno local consideraba que faltaba algún requisito formal tiña a obriga de comunicalo antes. Non o fixeron porque non hai boa fe: hai vontade de silenciar á oposición”, denunciou o voceiro socialista.

Martínez lembrou que o artigo 9.2 da Constitución Española obriga os poderes públicos a facilitar a participación da cidadanía na vida política, polo que considera que esta actua-

ción “vulnera os dereitos de representación da veciñanza de Rábade” e supón “unha nova mostra de autoritarismo” por parte da alcaldesa. Martínez fixo fincapé na responsabilidade da alcaldesa no estado actual destas instalacións, froito da falta de mantemento e da mala xestión do Goberno local.

**GOBERNO LOCAL.** Pola súa banda, o Goberno local emitiu un comunicado no que expresa a súa sorpresa pola actitude do PSOE e cuestiona o momento elixido para presentar determinadas peticións á Deputación de Lugo. Segundo sinala o executivo municipal, resulta “moi sorprendente” que os socialistas formularan agora unha solicitude á institución provincial despois de tres anos sen realizar este tipo de reclamacións.

O Goberno local asegura que durante o anterior mandato solicitou reunións en numerosas ocasións co anterior presidente da Deputación sen obter resposta. Ademais, indica que a coincidencia das demandas formuladas polo PSOE coas cuestións que a alcaldesa prevé abordar nunha próxima reunión coa nova presidenta provincial resulta “moi chamativa”.

Neste sentido, afirma que, tras conseguir unha cita coa nova presidenta da Deputación e trasladarlle previamente por correo electrónico os asuntos que se ían tratar, o PSOE presentou ao día seguinte eses mesmos temas tanto a través da prensa como mediante unha moción no pleno municipal. Desde o executivo local sosteñen que os socialistas non fixeran ningunha destas peticións nos últimos tres anos e consideran que agora “convirten en propias” as reclamacións impulsadas polo Goberno municipal xusto antes da reunión institucional prevista.

O comunicado conclúe cun rogo dirixido ao PSOE para que mostre “máis respecto e empatía cos veciños e veciñas de Rábade”.



Rúa Maciñeira Parcela 32, Pol. Sete Pontes  
27800 Vilalba (Lugo) - Tlf.: 962 523 238  
www.newtonacademia.es



CURSO	INICIO	FIN	MODALIDAD
Habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de formación profesional	25/03/2026	06/08/2026	TELEFORMACIÓN
Transporte sanitario	15/04/2026	07/10/2026	PRESENCIAL
Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais	23/04/2026	14/09/2026	TELEFORMACIÓN
Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	29/04/2026	28/09/2026	PRESENCIAL
Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes	04/05/2026	23/09/2026	TELEFORMACIÓN
Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas	06/05/2026	27/10/2026	PRESENCIAL



## Un pleno marcado pola polémica avala as dúas plantas de biometano

O pleno extraordinario celebrado este martes no Concello de Abadín rematou coa aprobación do posicionamento favorable do Goberno local aos proxectos de macroplantas de biometano previstos no municipio, nunha sesión marcada pola tensión política e polas denuncias de censura formuladas pola plataforma veciñal Stopbiogás Abadín e polo Grupo Municipal Socialista.

A sesión fora solicitada polo PSOE co obxectivo de coñecer a postura oficial do executivo municipal ante os proxectos industriais. Durante o debate, os socialistas advertiron sobre os posibles impactos ambientais, económicos e sanitarios que, ao seu xuízo, poderían derivarse da instalación das plantas de biometano en Abadín.

A oposición instou ao equipo de goberno a posicionarse en contra das iniciativas e a trasladar formalmente ese rexeitamento á Xunta de Galicia e ao resto de administracións competentes, solicitando a denegación da Avaliación de Impacto Ambiental e da Autorización Ambiental Integrada dos proxectos.

A votación concluíu cun empate a

cinco votos entre o bloque do goberno e a oposición, debido á ausencia da concelleira Tania Rey. Finalmente, o alcalde fixo valer o seu voto de calidade para sacar adiante o apoio municipal ás macroplantas.

O desenvolvemento do pleno estivo acompañado dunha forte controversia despois de que o rexedor prohibise a gravación da sesión a unha das coordinadoras da plataforma Stopbiogás Abadín, presente no salón de plenos. Segundo denuncian tanto a plataforma como o PSOE, o alcalde advertiu de que suspendería inmediatamente a sesión se continuaba a gravación e chegou a afirmar que “eu dirixo a sesión e se digo que non se grava, pois non se grava”.

A plataforma veciñal considera que esta actuación supón unha vulneración da lexislación vixente e denuncia un comportamento “antidemocrático e autoritario”. No comunicado remitido aos medios, lembran que o artigo 70 da Lei de Bases de Réxime Local establece o carácter público das sesións plenarios e sosteñen tamén que se vulnerou o dereito constitucional á información.



## O Consello da Cultura engade fondos da sociedade de emigrantes

Entre outubro do 1921 e xaneiro de 1922, un grupo de emigrantes naturais do concello lugués de Abadín decidiron crear na Habana unha asociación, seguindo o modelo de moitos emigrantes que foron creando sociedades alén mar nas primeiras décadas do século XX. Chamáronse Hijos del ayuntamiento de Abadín e máis dun século despois continúa activa. Material desa sociedade sóbese á rede no marco do proxecto *Memoria documental das sociedades da emigración galega* que mantén o Arquivo da Emigración Galega do Consello da Cultura Galega (CCG). Un material para por en valor estes fondos documentais e ofrecer un mellor coñecemento e comprensión da traxectoria da emigración galega.

Os materiais que se soben nesta entrega permiten coñecer a traxectoria e a evolución desta sociedade. Naceu logo de que un grupo de emigrantes creasen una comisión formada por delegados dos concellos de Labrada, Romariz, Aldixe, As Goás, Candía, Aldixe, Abeledo, Cor-

vite, Baroncelle, Moncelos, Castro maior, Vilarente coa finalidade de xuntar o maior número de socios. Foi o 6 de xaneiro de 1922 cando se constituíu a sociedade co nome de “Hijos del Ayuntamiento de Abadín”; referendada na primeira Xunta Xeral de socios o 20 de xaneiro dese ano.

Nela figura tanto a acta de constitución da entidade (do 20 de xaneiro de 1922), libros de actas das reunións das xuntas directivas, regulamentos, libro de rexistro dos socios (entre 1946-1952) e documentación relativa ao panteón social no cemiterio Colón. Con elas pódese coñecer que a finalidade desta sociedade, como tantas outras do mesmo perfil, buscaban “construír escolas no seu lugar de orixe”.

Entre o material que se pode consultar nesta entrega, destaca unha carta do alcalde de Abadín enviada en 1924 solicitando a súa axuda económica para a construción dun centro escolar no que se impartiría ensino primario aos nenos das parroquias de Candía e Goás.

## Ampliarán o terceiro carril de Mondoñedo ao alto da Xesta

A Comisión de Transportes do Senado aprobou a proposta para prolongar o terceiro carril da estrada N-634 entre Mondoñedo e o Alto da Xesta. A iniciativa foi presentada pola senadora do BNG Carme da Silva como emenda de adición a unha moción do Partido Popular centrada na instalación urxente dun sistema de balizamento láser e no reforzo dos sistemas de control, análise e avaliación das condicións meteorolóxicas na autovía A-8 ao seu paso polo Fiuoco. O obxectivo da proposta é habilitar un itinerario alternativo máis cómodo, seguro e fluído ante os frecuentes peches da A-8 provocados pola néboa, unha problemática recorrente neste tramo da autovía.

O texto aprobado recolle a necesidade de que o Goberno acometa o arranxo e adecuación da N-634 mediante a prolongación do terceiro carril desde o punto quilométrico 596 ata a rotonda de conexión coa A-8.

## Novo cargadoiro de poldros o día 20

Abadín celebrará unha nova xornada de carga de poldros dirixida aos gandeiros. A iniciativa desenvolverase na nave de madeira do mercado de Gontán e permitirá realizar a pesaxe e carga de poldros de forma organizada e segura.

O servizo celebrarase o sábado 20 de xuño durante a mañá coincidindo coa celebración da feira. Os gandeiros interesados deberán contactar coa Asociación ACGEMA, no teléfono 629 678 033, onde poderán facilitar os datos de carga e recibir toda a información necesaria sobre as condicións establecidas.

## Avanzan na apertura da residencia con novos contratos

O Concello de Abadín continúa avanzando nos trámites para a futura posta en funcionamento da residencia municipal de maiores coa licitación de novas actuacións vinculadas ás infraestruturas e ao equipamento do centro.

Por unha banda, saíu a licitación o contrato de obras para a pavimentación da vía de acceso á residencia desde a estrada N-634, unha actuación incluída no Plan Deputación 2026. O orzamento base de licitación ascende a 146.126,03 euros, financiados pola Deputación. As obras permitirán mellorar a co-

nexión directa coa estrada nacional e adaptar a vía ao incremento de tráfico previsto.

Tamén licitou o contrato de subministración do equipamento destinado á cociña e á lavandería. Neste caso, o investimento previsto alcanza os 146.361,60 euros. Desde o Goberno municipal destacan que estas actuacións supoñen un novo paso para completar as instalacións e os servizos da residencia, considerada unha infraestrutura estratéxica para o municipio e para a atención da poboación maior da comarca.

## A Ruta Cabalar ao San Antonio terá lugar o sábado 13

A asociación de Cabaleiros de Labrada celebrará o sábado 13 unha nova edición da súa Ruta Cabalar ao San Antonio, que terá lugar pola mañá con saída ás 10.00 horas do Campo da festa de San Antonio de Labrada. Como en edicións anteriores celebrarase un xantar ás 14.30 horas como colofón, deixando paso pola tarde a unha sesión musical que estará amenizada por un dúo musical. Tamén haberá sorteos e agasallos para os participantes. O xantar ten un prezo de 28 euros e 14 para os menores de 10 anos. Para apuntarse non é imprescindible ir a cabalo.

¡Para todo lo que tu  
automóvil necesita!







Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
jcpenelas@bosch-bcs.com

## Abre o prazo para o alugueiro das vivendas sociais do Pontigo

O Concello de Riotorto abriu o prazo para presentar solicitudes para participar no procedemento de selección de arrendatarios das vivendas municipais en réxime de alugueiro social situadas no Pontigo. Segundo recolle o bando asinado polo alcalde-presidente, Clemente Iglesias González, as bases reguladoras deste procedemento foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o pasado 16 de maio de 2026.

As persoas interesadas poderán presentar as súas solicitudes durante un prazo dun mes desde a publicación das bases, polo que o período permanecerá aberto ata o 18 de xuño de 2026, incluído.

Entre os requisitos establecidos figura acreditar ingresos entre unha e dúas veces e media o IPREM correspondente ao ano 2026. Ade-

mais, poderán participar persoas ou unidades de convivencia nas que a persoa solicitante sexa maior de idade ou menor emancipada, conte con nacionalidade española ou residencia legal en España e a unidade familiar estea composta por entre tres e catro membros, adaptándose ás características da vivenda.

Tamén se establece que ningunha persoa integrante da unidade de convivencia poderá ser titular doutra vivenda en propiedade, usufruto ou dereito de uso en todo o territorio nacional, salvo nos supostos previstos nas bases para vivendas inadecuadas ou insuficientes. Outro dos requisitos será estar inscrito no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia ou ter solicitada a inscrición antes de que remate o prazo de presentación.



## O PP reclama o amaño dos tramos antigos de dúas estradas provinciais

Os deputados do Grupo Provincial Popular esixirán ao goberno de PSOE e BNG no vindeiro Pleno da Deputación de Lugo o arranxo dos antigos tramos da LU-P-2801 e LU-P-5501 en Riotorto que dan acceso ás vivendas de moitos veciños e veciñas.

Os populares explican que “o tramo de preto de 4km da antiga estrada provincial LU-P-2801 ao seu paso por Mundín, Aldreu e Vale presenta mal estado”, xa que “o seu firme está moi deteriorado”.

Esta situación provoca as queixas e incomodidades entre os veciños e veciñas da zona. Por este motivo, fai xa uns meses que o Concello de Riotorto e a propia asociación de veciños de Vale remitiron á Deputación de Lugo cadansúa solicitude para que o goberno provincial acometera o arranxo deste tramo da vía que é o principal acceso para estes núcleos de poboación. “Pero PSOE e BNG desoan as peticións do Concello e dos propios veciños e veciñas”, la-

menta o portavoz, Antonio Ameijide. Os populares tamén esixirán actuacións de mellora no tramo de 2,6 km da antiga LU-P-5501 ao seu paso por Ferreiravella ante a falta de actuacións de mellora por parte do goberno da Deputación de Lugo, titular da vía.

Ameijide subliña tamén que “o mal estado das vías provinciais debido á falta de interese e abandono por parte do goberno de PSOE e BNG contrasta co coidado e atención por parte do goberno do Concello naquelas que son de competencia municipal”.

E engade que “é unha pena que os veciños e veciñas teñan que sufrir a diario a falta de mantemento e conservación por parte do goberno provincial. Mentres, o goberno municipal si ten presente a importancia de manter en boa estado as estradas para as comunicacións diarias de veciños, autónomos, empresas e usuarios en xeral”.

## Fapacel agradece as melloras realizadas no colexio

A Federación de ANPAS de Centros Públicos de Lugo (Fapacel) amosou a súa satisfacción pola inclusión do CEIP de Meira no novo paquete de actuacións impulsado pola Xunta de Galicia dentro do Plan de nova arquitectura pedagóxica, aínda que advertiu da necesidade de ampliar os investimentos a outros centros educativos da provincia que tamén presentan carencias estruturais.

A entidade valorou positivamente que un centro lucense forme parte das 22 actuacións anunciadas polo Goberno galego, pero lamentou que sexa o único da provincia incluído nesta nova fase do plan. Neste sentido, Fapacel insistiu en que existen outros colexios con necesidades “urxentes” que levan anos agardando por intervencións integrais.

A federación aclarou que non cuestiona a prioridade nin a xustificación das obras previstas no CEIP de Meira, pero considera necesario visibilizar a situación doutros centros educativos da provincia que continúan acumulando deficiencias sen solución definitiva.

A entidade incidiu en que a defensa dunha educación pública de calidade pasa necesariamente por asegurar que todos os centros educativos dispoñan de instalacións dignas e adaptadas ás necesidades actuais do alumnado.

## Convocada a festa de Fin de Primavera para o 13 de xuño

A comisión Festas de Meira 2026 anunciou a celebración dunha Festa de Fin de Primavera que terá lugar o 13 de xuño na localidade. A organización avanzou xa a data desta nova cita festiva e irá dando a coñecer nos próximos días máis detalles sobre a programación prevista.

Segundo explican desde a comisión, a xornada contará con sesión vermú, tardeo e festa durante a noite, nunha proposta pensada para reunir á veciñanza e aos visitantes arredor da música, o lecer e o bo ambiente.

Os organizadores animan á participación e convidan a reservar a data no calendario para gozar dunha celebración que promete prolongarse ao longo de toda a xornada. A iniciativa busca converterse nun novo punto de encontro festivo antes da chegada do verán.

A festa estará marcada pola música, a convivencia e o ambiente festivo, nun evento que servirá para despedir a primavera e dar a benvida ás actividades estivais que se desenvolverán en Meira nos próximos meses.



## López Campos busca co alcalde accións para a dinamización cultural

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, abordou hoxe cos alcaldes lucenses de Riotorto e Bóveda, Clemente Iglesias e José Manuel Arias, respectivamente, cuestións vinculadas coas materias do seu departamento.

En concreto, afondaron nas posibles vías de colaboración para a mellora das infraestruturas culturais de cara a que estean nas condicións axeitadas para acoller a programación de verán e tamén para ir adiantando e preparando a do Xacobeo 2027, tendo en conta os vencellos e proximidade destes municipios aos camiños Norte e ao de Inverno. Ademais, tamén analizaron accións de dina-

mización cultural da lingua, apoio á mocidade e de conservación e posta en valor do patrimonio.

Precisamente, o representante de Cultura do Goberno tirou proveito desta xuntanza para analizar polo miúdo con ambos os dous rexedores as modificacións levadas a cabo na Lei de acompañamento dos Orzamentos para a Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia, que están a permitir reducir os tempos de espera, tanto por parte da cidadanía como das institucións, co obxectivo de que o coidado do patrimonio non supoña un impedimento para o desenvolvemento de proxectos vitais ou profesionais.

## A vila estará na Semana do Patrimonio Invisible

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo puxo en marcha a II Semana do Patrimonio Invisible da provincia de Lugo. Tras o éxito acadado na súa estrea, esta iniciativa pioneira regresa para abrir as portas de espazos históricos e culturais que, polas súas características, permanecen fechados ao público ou fóra dos circuitos turísticos habituais.

A edición medra en alcance, pasando de 10 a 12 localizacións e ofrecendo un total de 32 visitas guiadas, o que supón un incremento até as 505 prazas dispoñibles. O ciclo desenvolverase ao longo de catro xornadas: o 6, 7, 13 e 14 de xuño.

A selección de lugares ofrece unha

enorme variedade de tipoloxías, dende o patrimonio industrial e hidráulico até o arqueolóxico, etnográfico ou relixioso, entre eles os tres espazos con maior éxito e demanda da primeira edición: o Encoro de Belesar, a Cova de Santalla de Lúzara e os Mananciais de Mondoñedo.

Tamén está o Mazo de Ferreira-vella e Forxa artesanal. Destacan que nesta vila os ferreiros manteñen viva unha tradición milenaria. Nesta dobre visita descubriremos o funcionamento do mazo —ese martelo xigante que doma o metal— e a mestría artesá necesaria para forxar as famosas fouces e coitelos da zona.

## O IES Pedregal de Irimia bautiza unha aula como María Loureiro

O IES Pedregal de Irimia, en Meira, celebrou unha xornada especial coa inauguración da aula dedicada á economista galega María Loureiro García, catedrática no Departamento de Fundamentos da Análise Económica da Universidade de Santiago de Compostela (USC), directora científica de ECOBAS e antiga alumna do centro.

Natural da Pontenova, María Loureiro regresou ás aulas nas que estudou para compartir unha mañá de aprendizaxe e inspiración co alumnado. A xornada comezou cun coloquio no que a profesora abordou cuestións relacionadas coa economía local, respondendo ás preguntas dos estudantes e ofrecendo unha visión próxima, rigorosa e motivadora sobre o papel da economía na sociedade actual.

Posteriormente tivo lugar o discu-



brimento da placa conmemorativa situada na aula de 1º de Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades, espazo no que se imparte a materia de Economía e que, desde agora, leva o nome da economista.

Desde o centro educativo destacaron que este bautizo forma parte do proxecto de recoñecemento a mulleres significativas da contorna,

co obxectivo de visibilizar referentes próximos que destacan polo seu compromiso coa investigación, a docencia e o avance da sociedade.

O acto contou coa participación de alumnado, profesorado e representantes da comunidade educativa, que agradeceron a María Loureiro a súa presenza e o seu exemplo para as novas xeracións.

## Estudantes recibiron os premios do IlustraNÓS da Deputación

A Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos acolleu o acto de entrega de premios do IV Certame Escolar de Ilustración IlustraNÓS, convocado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

Tres estudantes do IES Pedregal de Irimia de Meira e unha do CEIP Rosalía de Castro de Lugo foron os gañadores do certame nas categorías 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e Bacharelato e Ciclos.

Os seus traballos foron elixidos entre as máis de 100 ilustracións presentadas ao certame por parte de alumnas e alumnos de colexios e institutos das distintas comarcas, inspiradas no lema proposto para esta cuarta edición da convocatoria, "O humor", que convidaba a representar graficamente este concepto. As autoras das obras gañadoras foron agasalladas cun Ipad con aplicacións de deseño gráfico e cun lote das máis recentes publicacións en galego de álbum, banda deseñada e novela gráfica.

A deputada Iria Castro deu os parabéns ás premiadas e agradeceu a participación de todas as alumnas e alumnos que presentaron os seus traballos ao certame, así como do profesorado e das familias que os alentaron e lembrou os obxectivos desta iniciativa, que, explicou, "ofrece un aliciente para que as alumnas e alumnos poñan en mar-



cha a súa creatividade" e "pretende popularizar a obra de ilustradores e ilustradores galegos entre as xeracións máis novas"

O acto contou coa participación da escritora e editora Eva Mejuto, coordinadora do Salón do Libro Infantil de Pontevedra, que compartiu coas gañadoras as súas reflexións sobre as posibilidades que ofrece a ilustración como linguaxe artística, remarcando a creación como unha actividade netamente humana.

O certame forma parte da programación IlustraNÓS, organizado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo para promover a creatividade e achegar as aulas a obra de creadoras e creadores gráficos galegos, tomando como referencia a figura elixida pola Asociación Galega de Profesionais da Ilustración para o Día da Ilustración; este ano, Siro López.

## A Baixada de Carrilanas será sede do Campionato de España de Inercia

A Asociación Os Meiregos anunciou que a VI Baixada de Carrilanas Vila de Meira será oficialmente sede do Campionato de España de Inercia 2026, un recoñecemento que sitúa á localidade lucense como epicentro estatal dos deportes de inercia. O evento reunirá aos mellores pilotos do país nunha edición que tamén será puntuable para a Copa Galicia 2026 e para a Copa España 2026. A competición desenvolverase en formato rally, con dous tramos diferentes denominados Meira e Seixosmil, e contará con premios para os tres primeiros clasificados de cada categoría e para o scratch xeral.

As inscricións abríronse hoxe a través da páxina web da Federación Española de Inercia e permanecerán dispoñibles ata o 7 de xuño ás 23.59 horas. A organización informou ademais de que haberá seguro de día para os participantes.

A proba celebrarase o sábado 13 de xuño de 2026. A xornada comezará coas verificacións técnicas e administrativas entre as 09.00 e as 10.00 horas, seguidas do briefing de pilotos. Os adostamentos oficiais arrancarán ás 11.00 horas nos dous tramos previstos, dando paso ás mangas oficiais da mañá.

Despois dun pincheo para os participantes ás 14.30 horas, a competición retomará a actividade pola tarde cun segundo



bloque de mangas oficiais que incluíra os tramos TC3 Meira, TC4 Seixosmil e TC5 Meira. A entrega de premios terá lugar no Paseo Central aproximadamente unha hora despois da chegada do último corredor.

A organización habilitará unha zona especial para os participantes con pavillón para acampada, duchas, baños e estacionamento para autocaravanas, dispoñible desde o venres ata o domingo.

Dende a Asociación Os Meiregos destacan que esta designación supón un importante recoñecemento ao traballo realizado durante os últimos anos para consolidar a Baixada de Carrilanas Vila de Meira como unha das citas de referencia do calendario estatal de inercia.

DESEÑAMOS PROXECTOS MODULARES PERSONALIZADOS



MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR  
Especialistas en moble modular e agora tamén  
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

PLAMOBLE

## Convocadas as axudas a estudantes, que este ano aumentan a contía

O Concello de Muras abriu o prazo de solicitude das axudas a estudantes destinadas a libros, material complementario, transporte, aloxamento e conexión a Internet, en función das etapas educativas. Así, estas van de ata 75 euros para educación infantil e primaria ata 250 euros para Secundaria e 400 para Bacharelato. Para alumnado de educación especial ou con discapacidade as axudas serán de ata 250 euros mentres que os estudantes universitarios e de formación profesional disporán de axudas que oscilan entre os 500 e os 1.250 euros dependendo dos seus ingresos. Ademais, mantense unha liña de axuda, de máis recente incorpora-

ción, que son os 130 euros para a conexión a Internet. Estréase ademais unha subvención de mil euros para estudantes no estranxeiro. As axudas, que deberán solicitarse no Concello a través das vías habituais, terán de prazo ata o 16 de xuño.

Como novidade, este ano engádense unha serie de axudas para estudantes en programas internacionais con estadias superiores a tres meses, que ascende a 1.500 euros por curso.

O Concello lembra que estas axudas teñen que xustificarse para o que poden empregarse facturas de compra, contratos de alugueiros ou xustificantes de pago e, no caso das estadias, billetes das viaxes.



## Traballan en ampliar o modelo enerxético de Muras ao resto do Xistral

O BNG celebrou en Muras unha xornada de traballo e análise sobre a enerxía eólica e sobre as posibilidades de obter un verdadeiro beneficio social da mesma para a veciñanza.

A primeira das mesas de análise estaba composta por Xosé Manuel Golpe, consultor enerxético na Oficina de Transformación enerxética da Deputación da Coruña, experto no mercado eléctrico e pioneiro das comunidades enerxéticas. Acompañaban a Golpe os membros do colectivo Bidán, Queico da Silva e Fernando Branco Parga, autores de varias publicacións sobre o sector eléctrico e que viaxan por todo o Estado coñecendo outros modelos enerxéticos.

A segunda mesa estivo formada por Olalla Rodil e Daniel Castro, deputados no Parlamento de Galicia, aos que acompañou o alcalde de Muras, Manuel Requeixo. Participaron tamén as concelleiras Paula Gómez e

Azucena Camba.

Desde os relatorios desenvolto nos dúas mesas faláronse da necesidade de exportar o modelo Muras a outros concellos, especialmente aos do Xistral, para que o Modelo Muras sexa tamén o Modelo Xistral. "É algo que todas as forzas políticas que se presentan ás eleccións municipais de 2027 teñan claro isto nos seus programas e o leven á práctica cando accedan aos gobernos municipais e alcaldías. Só así poderán reverter os beneficios do noso vento nos concellos e na veciñanza, negociando con firmeza e en pé de igualdade coas eléctricas, e iso un concello pode e debe facelo", din.

As propostas do BNG son que paguen pola potencia, que se promova a participación pública e comunitaria, e ampliar os destinos posibles de investimento para os recursos que reciben os concellos.

## Comezan as obras de mellora de dúas estradas da Deputación

A Deputación de Lugo vén de iniciar esta semana as obras de mellora de dúas estradas provinciais que vertebran o concello de Muras e para as que destina un total de 462.270,43€, un investimento co que se arranxarán algo máis de 12 quilómetros. A empresa encargada de levar a cabo as obras é Cholo SL.

Por unha banda, a institución provincial está a acondicionar a vía LU-P-3402, que une A Gañidoira coa parroquia de Viveiró, e na que se está a mellorar a estrada desde o seu inicio ata o punto quilométrico 6,120. Os traballos consistirán na reapertura de cunetas, na pavimentación con aglomerado en quente e na sinalización horizontal e vertical. Esta é unha vía moi relevante tanto para veciños como visitantes, posto que dá acceso a puntos de interese turístico como o Miradoiro de Mazoi.

Por outro lado, a Deputación de



Lugo tamén está a acondicionar un tramo de algo máis de 6 quilómetros da LU-P-6502, a estrada que vai de Vilalba a Chavín pola Balsa no treito que vai do punto quilométrico 18,100 ao 24,300. O proxecto inclúe a reparación integral da estrutura e ademais a reapertura de cunetas, a repara-

ción de desperfectos, a repavimentación e a sinalización horizontal e vertical. Precisamente neste tramo sitúase a ponte que colapsou -á altura do punto quilométrico 22,2- a causa dos fortes temporais e que xa se atopa reparada e plenamente operativa tras a finalización das obras de reconstrución.

## O TS avala o parque eólico de Bustelo que denunciara Adega

O Tribunal Supremo notificou Adega o fallo no que estima os recursos de casación presentados pola Xunta, a empresa promotora e a Asociación Eólica de Galicia contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que anulaba a autorización do parque eólico de Bustelo. Este proxecto fora impugnado por Adega e pola Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica (PDCC) ante a Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG, ao considerar que existían deficiencias na

avaliación ambiental e unha posible fragmentación artificial de varios parques vinculados (Campelo, Bustelo e Monte Toural).

Desde ADEGA e a PDCC expresaron o seu malestar polo feito de que o Supremo non aceptase o escrito de oposición presentado polas dúas entidades fronte aos recursos de casación, lembrando que a resolución xa era previsible desde hai máis dun ano tras a sentenza relativa ao proxecto de Campelo, ao tratarse de motivos idénticos e cuestións de in-

terese casacional similares.

O Alto Tribunal reproduce agora o criterio xa establecido na súa sentenza do 21 de marzo de 2025 sobre o parque de Campelo, na que rexeitaba os argumentos do TSXG sobre a existencia de fragmentación artificial. Nesa liña, o Supremo sinala que o feito de que varios proxectos compartan infraestruturas de conexión non implica necesariamente que deban considerarse un único proxecto a efectos da avaliación ambiental.

### ROMAXE ARTESÁ DA CHAIRA



A Romaxe Artesá da Chaira celebrou á súa décima edición cunha ampla representación do sector artesanal galego, reunindo un total de vinte obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e especializados en disciplinas moi diversas como a marroquinaría, a cantería, a xoiería, a cerámica, a forxa, o bordado ao aire, a cestería, os xoguetes, o tecido, o debuxo, o vidro, a confección de roupa, a bixería, a sombreiraría e complementos.

### Asistencia por videochamada para facer a declaración

Muras anunciou a posta en marcha dun servizo de videoasistencia para facilitar aos veciños e veciñas a realización da Declaración da Renda 2025 sen necesidade de desprazarse fóra do municipio. A iniciativa é posible grazas a un convenio asinado coa Axencia Tributaria. O servizo permitirá que o persoal de Facenda atenda aos contribuíntes mediante videoasistencia desde as instalacións municipais. Para iso, o Concello habilitará un despacho equipado onde se poderán realizar os trámites entre o 6 de maio e o 30 de xuño.

## Anuncian melloras para o centro de día, que atende a 40 maiores

O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, anunciou a próxima firma dun convenio de colaboración co Concello de Cospeito para a realización de obras de mellora no centro de día, pertencente á rede pública autonómica. Fíxoo coincidindo coa celebración dos 15 anos de actividade deste servizo de atención diúrna, ao que acoden diariamente 40 maiores deste municipio e dos da contorna.

Perfecto Rodríguez, que estivo acompañado do alcalde, Armando Castosa, destacou a importancia da colaboración entre institucións para achegar ás persoas maiores, vivan onde vivan, os cuidados e servizos que necesitan nesta etapa das súas vidas. Ademais, enmarcou as obras



que se acometeran neste centro de día no plan de mellora continua dos equipamentos que forman parte do Consorcio, tanto os dirixidos ás persoas maiores como as escolas infantís.

Por último, o xerente do ente autonómico felicitou ao persoal, usuarios

e familiares por este aniversario. Unha celebración que se prolongou ao longo de toda esta semana con diferentes actividades, entre outras, un encontro interxeracional co colexio de Cospeito. Na xornada de hoxe tivo lugar unha actuación musical, entrega de agasallos e un xantar.

### EN BREVE

**LUME NOVO.** A Asociación cultural San Martiño de Pino celebrará o sábado 20 de xuño a tradicional festa de Lume Novo na Veiga de Porto. Dará comezo coa actuación de Verónica Cambón xunto ás Pandereteiras do Caldaloba. Xa pola tarde serán os xogos tradicionais e farase o acendido da cacharela antes da cea. Porá a nota musical de novo, Verónica Cambón. Haberá un xantar a cargo do bar Rochela a base de xamón cocido, polbo, churrasco, bebidas, sobremesa, café e licores, así como na hora da cea poderase desfrutar tamén de empanada, xamón cocido, queixo e café.

**FOLIADA.** O campo da Igrexa Vella de Muimenta será o escenario da Foliada 2026 o sábado 6 a partir das 18:30 horas. A xornada comezará coa exposición *E ti de quen ves sendo*, do CEIP de Muimenta. A festa contará cun variado cartel musical, con actuacións de grupos como Asubiños, Cantos da Valura, As Charrazas, Son do Pucheiro e Noxo me dás, ademais dunha foliada. Os asistentes poderán gozar de caldo e filloas.

**XOGOS POPULARES.** O 7 de xuño, Muimenta converterase nun gran punto de encontro para a cultura popular coa celebración da XVIII Festa dos Xogos Tradicionais a partir das 16:00 horas no campo da Igrexa Vella. A xornada contará cun espectáculo sobre narración oral a cargo de Inma Soto e Tamara Soto, que se completa coa música en directo de Leña Verde, un xadrez xigante e un obradoiro de xoguetes sonoros con Miudiño.

## Irimia pasa a ser non adscrito tras reabrirse o seu proceso xudicial

O voceiro do grupo municipal socialista de Cospeito, Daniel Irimia, anunciou a súa saída do Grupo Socialista e o seu paso á condición de concelleiro non adscrito despois de que se reactivase o procedemento xudicial no que está implicado por violencia de xénero. A decisión foi comunicada a través dun escrito público no que asegura que adopta esta medida para evitar prexudicar ao partido e aos seus compañeiros de militancia.

O cambio foi efectivo no último pleno, xa que a petición foi presentada pola vía de urxencia para incluírse na orde do día.

No comunicado de renuncia, o edil sostén que o proceso xudicial ao que está sometido responde a un relato "falso, esaxerado e desconectado no tempo" e acusa a determinados medios de comunicación de realizar un tratamento "partidario, destrutivo e inquisitivo" do caso. Así mesmo, asegura que durante todo o procedemento defendeuse unicamente coa súa palabra, xa que non chegou probas para a súa defensa. Na primeira resolución xudicial do caso houbo un sobresemento e o arquivo provisional, pero o recurso presentado pola denunciante ante a Audiencia Provincial devolveu a causa á instrución.

O xa exvoceiro socialista explica que tomou a decisión de abandonar as súas responsabilidades orgánicas



e pasar ao grupo de non adscritos ao considerar incompatible seguir exercendo como portavoz mentres continúe aberto o proceso xudicial. Segundo sinala, pretende evitar que a situación sexa utilizada politicamente contra o PSOE.

No escrito tamén manifesta que non ten intención de dimitir da súa acta de concelleiro e insiste en que non houbo mala intención pola súa parte respecto das persoas implicadas no procedemento. Ademais, denuncia supostas presións mediáticas, ameazas e intentos de intimidación durante os últimos meses.

O concelleiro asegura que centrará agora os seus esforzos na súa vida persoal, no traballo veciñal e na finalización da súa tese, ao tempo que se mostra convencido de que o proceso permitirá "saber quen traballaba realmente".



## Galicia contabilizou este ano un 30 % máis de aves acuáticas

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, indicou que este ano se contabilizaron en Galicia máis de 109.000 aves acuáticas e mariñas, segundo os datos recollidos no censo anual de aves invernantes, o que supón un 31% máis que en 2025, e cunha maior variedade de especies -catro máis que o pasado ano-.

Segundo indicou a conselleira durante a visita que realizou á lagoa de Cospeito, con motivo do Día mundial das aves migratorias, estes datos que se recompilan anualmente serven para priorizar a conservación das especies e para valorar os cambios no tamaño das súas poboacións; así como para facer seguimento ambiental dos seus hábitats.

Este ano, en concreto, os traballos de inventariado realizáronse no mes de xaneiro -coincidindo coa época de invernada en zonas húmidas protexidas- en 1.211 puntos de observación distribuídos en 77

localidades da Comunidade. A única excepción foron os arquipélagos de Cíes, Ons e Sálvora, no Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, onde se realizaron en febreiro a causa das condicións meteorolóxicas.

A conselleira sinalou que a realización destes estudos, que a Xunta vén realizando desde o ano 1987 colaborando así co Censo internacional de aves acuáticas, forma parte das responsabilidades de protección, conservación e seguimento da biodiversidade na Comunidade. E, ademais, a través deste intercambio de coñecemento a nivel internacional tamén se fortalece un seguimento coordinado das aves acuáticas que empregan a ruta migratoria do Atlántico -na que se atopa Galicia-.

De feito, Galicia é un "corredor clave" para a migración de aves en Europa e protexer esas rutas migratorias é necesario para garantir que estes exemplares se poidan alimentar, reproducir e descansar.

## Organizado un obradoiro de pintura téxtil en cinco localidades do municipio

Cospeito pon en marcha un obradoiro de pintura téxtil que se desenvolverá durante o mes de xuño en distintas parroquias do municipio. A actividade, dirixida á veciñanza e con prazas limitadas, busca fomentar a creatividade e ofrecer unha alternativa de lecer formativa.

O programa arrancará o luns 8 de xuño na Casa da Cultura da Feira do Monte. Posteriormente, o obradoiro trasladarase á escola de Xermar o venres 12 de xuño, á escola de Xustás o luns 15, á Casa da Cultura de Muimenta o mércores 17 e á escola de Pino o venres 19 de xuño.

Todas as sesións celebraranse en horario de 17.00 a 19.00 horas. Durante o obradoiro, as persoas participantes poderán aprender distintas técnicas de decoración e personalización de pezas téxtiles, aplicándoas a camisetas, bolsas ou outras prendas.

As persoas interesadas poden formalizar a súa inscrición a través do correo electrónico [servizosociais@concellodecospeito.es](mailto:servizosociais@concellodecospeito.es) ou chamando ao teléfono 982 520 001. Desde o Concello lembran que as prazas son limitadas, polo que recomendan realizar a inscrición con antelación para garantir a participación.

# TERRA CHÁ

## Comeza un programa contra a desinformación

O Colexio de Xornalistas, e a Deputación de Lugo desenvolverán un ciclo de alfabetización mediática á ao longo do ano en vinte localidades da provincia de Lugo. A actividade iniciárase o venres 5, cun obradoiro ás 19:00 no Salón de Actos do Pazo de San Marcos.

Tras este primeiro obradoiro, a formación contra a desinformación chegará aos concellos de Barreiros, Burela, Castroverde, Castro de Rei, Chantada, Cervantes, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Lugo, Monforte de Lemos, Pedrafita do Cebreiro, Quiroga, Sarria, Taboada, Trabada, Vilalba e Viveiro.

O contexto actual de proliferación de noticias falsas está a danar profundamente non só ao xornalismo,

que se enfrenta a unha crise sen precedentes, senón tamén a propia calidade democrática da nosa sociedade. Sen ferramentas para poder defendérmolos, ninguén está libre de ser vítima ou propagador da desinformación. É por iso que o Colexio de Xornalistas, na súa defensa da profesión, quere combater esta situación fornecendo a sociedade galega de coñecementos contra as mentiras e ferramentas para combatelas. O proxecto significa a adaptación a poboación adulta dunha iniciativa formativa que o Colexio leva realizando durante anos con gran éxito entre as e os escolares da comunidade.

Todos os obradoiros estarán impartido por profesionais colexiados.



## Xogal 2026 leva á comarca unha proposta para descubrir o patrimonio

Os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra Chá, Terras de Miranda, Miño Ulla e Montes e Vales Orientais impulsarán este verán a segunda edición de Xogal, unha iniciativa que combina turismo, cultura e diversión para dar a coñecer o patrimonio de dez municipios da provincia de Lugo a través de diferentes retos e probas ao aire libre.

O programa foi presentado en Meira coa participación de representantes das entidades organizadoras e dos concellos implicados. A proposta desenvolverase entre os meses de xuño e setembro e permitirá aos participantes percorrer distintos espazos de interese histórico, cultural e natural mentres resolven enigmas e superan desafíos adaptados ás características de cada localidade.

A actividade está deseñada como unha experiencia inmersiva na que cada concello se converte nun gran

taboleiro de xogo. Os participantes deberán completar unha serie de probas relacionadas coa historia, as tradicións e os elementos patrimoniais de cada territorio, fomentando así o coñecemento do medio rural dun xeito dinámico e participativo.

A organización destaca que esta iniciativa busca atraer visitantes a zonas menos coñecidas da provincia, contribuíndo á dinamización económica e turística das comarcas participantes. Ademais, os asistentes poderán optar a diferentes premios e participar en sorteos de produtos locais, promovendo tamén o consumo de proximidade.

A programación arrancará o 13 de xuño en Cervo e continuará durante todo o verán por distintos municipios da provincia, entre eles Guitiriz (26 de xuño), Meira (4 de xullo) e Castro de Rei (26 de xullo), antes de rematar o 19 de setembro en Foz.

## O colexio do Valadouro gaña o concurso Dálle Voz á Terra de EDP

A Fundación EDP celebrou a final do concurso escolar *Dálle Voz á Terra: Ideas para a Sustentabilidade*, unha iniciativa educativa integrada no programa Escola da Enerxía, deseñada para fomentar a sustentabilidade, a eficiencia enerxética e a conciencia ambiental entre estudantes de segundo e terceiro ciclo de Primaria. Máis de trescentos nenos e nenas de 11 colexios da provincia de Lugo participaron na gala final desta edición, compartindo ideas e proxectos que buscan mellorar o planeta desde as súas propias contornas.

O CEIP Santa María do Valadouro, do Valadouro, foi escollido gañador polo xurado formado por Ánxela Balboa, enxeñeira en Norvento TechnPower; Belén Rodríguez, xornalista da Axencia EuropaPress de Lugo e TerraChá e Jacobo Casas, especialista de distribución en Begasa.

Os alumnos do colexio gañador amosáronse moi satisfeitos pola súa vitoria, destacando o traballo realizado en equipo e tamén quixeron poñer en valor as propostas do resto de colexios participantes.

As propostas presentadas polo alumnado destacaron pola súa diversidade, creatividade e enfoque práctico, con iniciativas como a creación de invernadoiros e hortas sostibles, proxectos de reciclaxe e elabo-



ración de compost, sistemas de rega mediante depósitos de auga da choiva, a instalación de paneis solares, a construción de hoteis de insectos para favorecer a biodiversidade ou o aproveitamento da enerxía cinética xerada no patio de xogos para producir enerxía no propio centro educativo.

A directora da Fundación EDP, Vanda Martins, destacou durante a súa intervención desde Lisboa que “na Fundación EDP cremos firmemente que os máis novos teñen moito que dicir sobre o futuro, e que a sustentabilidade comeza nas aulas, nos colexios e nas pequenas accións do día a día”.

A gala, celebrada no Círculo das Artes de Lugo, reuniu aos centros CEIP Santa Rita (Viveiro), CEIP Os Castros (Burela), CEIP Celso Currás (Trabada),

CEIP Santa María do Valadouro, CEIP de Quiroga, CEIP Fondo Nois (Foz), CEIP O Vicedo, CEIP Virxe da Luz (Portomarín) e o CPR Divina Pastora – Salesianos, o Colexio Fingoi (Lugo) e o CEIP Menéndez Pelayo de Lugo.

EDP ten presenza en Lugo a través de Begasa, distribuidora eléctrica do grupo EDP na zona. A colaboración de empregados de Begasa nesta edición reforza a vinculación territorial do concurso e o compromiso da Fundación EDP coa educación ambiental, a transición enerxética e o impulso dunha cultura enerxética responsable entre os máis novos.

A Fundación EDP segue fomentando a cultura verde con accións sostibles entre os máis novos con esta edición de *Dálle Voz á Terra*, que se celebra en Lugo tras o seu paso por Sagunto, Madrid, Oviedo, Sevilla e Alxeciras.

## Alfonso Villares é o novo delegado da Xunta

O exconselleiro do Mar, Alfonso Villares, tomou posesión como novo delegado territorial da Xunta en Lugo nun acto celebrado no edificio Multiusos da capital lucense, no que asegurou levar “o servizo público no sangue” e comprometeuse a traballar desde a proximidade coa cidadanía.

Villares recupera así a primeira liña política tras o arquivo definitivo da causa xudicial que motivara a súa dimisión como conselleiro do Mar. Durante a súa intervención, reivindicou a súa traxectoria institucional e destacou a súa vontade de continuar ao servizo da provincia lucense. “Espero contribuír a mellorar esta provincia da que me sinto profundamente orgulloso”, afirmou.

O novo delegado agradeceu ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda, a confianza depositada na súa figura,

así como o apoio recibido nos últimos meses por parte de persoas próximas e compañeiros de partido. Ademais, subliñou que afronta esta nova etapa “con humildade” e coa intención de manter unha relación directa cos veciños e veciñas da provincia.

O acto contou coa presenza do conselleiro de Presidencia, Diego Calvo, encargado de presidir a toma de posesión, así como dos conselleiros de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, e de Medio Rural, María José Gómez. Tamén asistiu o anterior delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias.

Villares recoñeceu que o nomeamento lle chegou “por sorpresa” e insistiu na súa intención de traballar en coordinación co resto do Goberno galego para “achegar solucións aos problemas reais da veciñanza”.

## A VI Ruta Castrexa de Mototurismo estará en 12 vilas

A sexta edición da Ruta Castrexa de Mototurismo organizada pola Asociación Motorista Lucense, celebrárase o 13 de xuño e discorrerá por 12 concellos da provincia de Lugo.

Na antesala do Xacobeo 2027, a ruta concede este ano un protagonismo especial aos municipios atravesados polos Camiños Francés, Norte e Primitivo.

En total, a ruta suma arredor de 450 quilómetros e atravesará os concellos de Lugo, Abadín, Trabada, Ribadeo, A Ribeira de Piquín, A Pastoriza, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Cervantes, Pedrafita do Cebreiro, Sarria e Portomarín.

Establécense ao redor dunha vintena de puntos de control e o percorrido está calculado para unha velocidade media de 50 quilómetros por hora. A saída terá lugar na praza da Mosqueira ás 10:00 horas e a chegada ao Pazo de Feiras e Congresos está prevista ata as 20:00 horas.

# O asociacionismo feminino impulsa a vida no rural

## Unha rede de máis de 500 asociacións de mulleres rurais repartidas por todo o territorio traballa pola convivencia, a participación e o empoderamento

As mulleres no medio rural galego desempeñan un papel esencial na organización social, económica e comunitaria dos territorios nos que viven. Historicamente, foron o motor das aldeas, contribuíndo de maneira decisiva, aínda que non sempre valorada, á dinamización da vida comunitaria e á creación e mantemento do tecido social. Este papel, lonxe de desaparecer, continúa a ter unha grande importancia na actualidade, especialmente a través do desenvolvemento do asociacionismo feminino, que se converteu nunha ferramenta clave para a convivencia e o empoderamento das mulleres no medio rural, e que nos últimos anos está a experimentar un certo incremento, no que teñen moito peso as novas xeracións.

En Galicia, existen mais de 500 asociacións de mulleres rurais repartidas por todo o territorio, sendo a provincia de Ourense a que reúne a maior cantidade, con máis de 200 asociacións rexistradas segundo as listaxes oficiais, seguida por Pontevedra, con 193, Lugo, con 80 e A Coruña, con 77.

### Coordinación e apoio desde as federacións

Neste contexto, as federacións, como é o caso de FADEMUR, desempeñan un papel fundamental, xa que permiten agrupar e coordinar o traballo das distintas asociacións, fomentando o asociacionismo e tecendo unha rede organizada que conecta diferentes realidades locais baixo uns mesmos principios comúns. Ademais, desde a federación proporciónase asesoramento administrativo e burocrático, desde a constitución legal das asociacións ata a xestión de estatutos, subvencións ou trámites bancarios.

Pero a súa labor vai máis aló, promovendo tamén actividades conxuntas que permiten reforzar a identidade común do movemento, como foros de igualdade, encontros entre federacións e a celebración de datas significativas como o 8 de marzo, o 25 de novembro ou o Día da Muller Rural. Ademais, en 2020 FADEMUR publicou

un estudo incluído no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero titulado "Mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural", co obxectivo de mellorar o coñecemento sobre a situación das mulleres rurais en relación coa igualdade e a violencia machista. O estudo levouse a cabo en sete comunidades autónomas (Andalucía, Aragón, Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura, Galicia e A Rioxa), seleccionadas polo seu grao de ruralidade e dispersión, entrevistando a decenas de mulleres e profesionais en municipios de ata 20.000 habitantes. Entre as súas principais conclusións, as enquisas puxeron de manifesto que factores como o illamento ou a escaseza de servizos especializados de atención e protección no medio rural poden incrementar a vulnerabilidade das mulleres rurais fronte á violencia de xénero. Por iso, o asociacionismo cobra un papel fundamental como rede de apoio, ao ofrecer espazos de acompañamento e reducir o illamento.

Xunto ás tarefas organizativas, tamén se desenvolven programas sociais e educativos en centros de primaria e secundaria, así como proxectos dirixidos a mulleres en situación de vulnerabilidade ou con necesidades de inserción laboral. Estes programas complétanse con obradoiros específicos, como os de sexualidade, que se levan a cabo en distintas asociacións segundo as necesidades e demandas de cada territorio.

Así, tanto a nivel federativo como



desde as propias asociacións, búscase dar visibilidade ás mulleres do medio rural en todos os ámbitos da vida. A través de distintas iniciativas, como obradoiros ou cursos, búscase impulsar a mellora do emprego entre as mulleres, así como o emprendemento e o empoderamento, fomentando a súa independencia económica. A súa labor estruturase en diferentes liñas de acción que procuran mellorar as condicións de vida das mulleres e reforzar o seu papel como axentes clave do desenvolvemento rural, a través de distintas iniciativas adaptadas á realidade de cada vila.

### Espazos de socialización para romper o illamento

Pero de todas as accións que se levan a cabo desde este tipo de asociacións, a labor máis importante é a de socialización, ofrecendo ás mulleres espazos propios de encontro e socialización. Tradicionalmente, as mulleres do medio rural non contaban con lugares de lecer equivalentes aos dos homes, como podía ser o bar ou outros espazos informais de reunión. Esta ausencia de espazos específicos levou á creación de estruturas propias nas que as mulleres puidesen atoparse, compartir experiencias e

construír vínculos sociais. Por iso, as asociacións funcionan como puntos de encontro fundamentais, nos que se rompe coa rutina diaria e se favorece a convivencia entre as veciñas das aldeas, que atopan nelas un lugar de espaxamento e lecer, pero tamén de comunidade. Estes espazos non só teñen unha función recreativa, senón que fomentan a convivencia diaria e a participación en actividades comúns, reforzando os lazos entre as mulleres dunha mesma localidade e fomentando a cohesión social das comunidades rurais. Por iso, este tipo de asociacións non só repercuten a nivel individual, senón que tamén teñen un forte impacto no benestar colectivo e na mellora da contorna.

As actividades que desenvolven estas asociacións son moi variadas e dependen de cada entidade concreta e das necesidades de cada territorio, pero todas elas comparten un elemento común: a creación de espazos de participación e convivencia. Entre as actividades máis comúns levadas a cabo nestas organizacións atópanse propostas como ximnasia, obradoiros de memoria, teatro, manualidades, alfabetización dixital, iniciativas culturais ou actividades relacionadas coa saúde, o envellecemento activo

e o autocoidado. Aínda que o contido de cada actividade pode ser diferente, o máis relevante non é tanto a actividade en si mesma, senón o espazo social que se xera arredor dela. Estes encontros permiten ás mulleres manter unha vida social activa, saír do illamento e fortalecer as súas redes de apoio. No ámbito económico e laboral, tamén se promoven iniciativas como a titularidade compartida das explotacións agrarias, así como o apoio ao emprendemento feminino no medio rural.

### Un movemento en expansión

Segundo os datos de FADEMUR, nos últimos anos estase a rexistrar un aumento na creación deste tipo de asociacións, o que reflicte unha maior mobilización e participación das mulleres no ámbito rural. Aínda que non se pode falar dun crecemento explosivo, si existe unha continuidade e unha diversificación do movemento asociativo.

Ademais das asociacións de mulleres, tamén se integran ou colaboran entidades culturais, veciñais e produtoras, que buscan mellorar a súa situación e contribuír ao desenvolvemento do territorio, o que permite ampliar o alcance do asociacionismo e adaptar as respostas ás necesidades concretas de cada comunidade.

En conxunto, o asociacionismo feminino no medio rural convértese nunha ferramenta de organización social a través da que tecer redes de convivencia entre veciñas, fortalecendo a súa socialización e a súa participación na vida pública, transformando a vida comunitaria e creando espazos de confianza onde as mulleres poden falar e convivir libremente, impulsando novas formas de liderado feminino nos territorios rurais.

Neste contexto, desde o ano 2021 organízase no concello ourensán de San Xoán de Río o Congreso da Muller Rural, un espazo que busca poñer en valor o papel das mulleres rurais como axentes clave do desenvolvemento territorial, o liderado local, a innovación social e a cohesión comunitaria, e que cada ano recoñece a labor de alcaldesas, emprendedoras, traballadoras do sector primario, asociacións e demais mulleres que contribúen día a día a dinamizar e fortalecer o medio rural, impulsando a súa sustentabilidade social, económica e demográfica e garantindo a continuidade da vida nas comunidades rurais.



## COLABORACIÓN

## As guerras do ex-aspirante ao “Nobel da Paz”

## FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**A**o non poder con Irán e negarlle axuda os dirixentes europeos, “por ir contra o dereito internacional e porque esa guerra non é deles... Si el a encetou que a remate tamén”, ou, como dicía D. Andrés Pérez, o meu primeiro mestre: Xogaches, perdiches, chorchas e calaches! Pero Donald Trump quere gañar unha guerra.

Incluso lle foi suplicar axuda a quen antes lle poñía un 150% de aranceis, para que Xi Jinping o sacara do apuro, pero aínda o deixou máis en ridículo lembrándolle a Trampa do historiador grego Tucídides sobre as causas da Guerra do Peloponeso entre Esparta e Atenas, como a competencia entre unha potencia en ascenso e outra dominante pode empurrar a ambas cara un conflito, incluso si ningunha delas o desexa abertamente; recordoulle, para máis INRI, que agora Estados Unidos é unha potencia en declive, que

antes controlaba o sistema SWIFT de mensaxeira segura que utilizan os bancos e institucións financeiras para autorizar transferencias de diñeiro internacionais e coa que castigaba aos pobos “non amigos”, cortándolle as transferencias de dólares, pero agora xa existe o sistema BRICS Pay, un sistema de pagamento desenvolvido polos países do BRICS (Brasil, Rusia, India, China e Sudáfrica) para realizar transaccións internacionais en moedas locais que el non controla, porque. Como admitiu o exsecretario, Antony Blinken, os anos dourados de EEUU xa remataron.

Tamén lle prohibiu falar de Taiwán, por iso tivo que cambiar o relato cando volveu a Estados Unidos e humillarse dicindo: “Taiwán ten moito armamento, pero ao ver as posibilidades, China é un país grande e potente. É unha illa pequena que está a 59 millas e nós estamos a 9.500 millas e iso é un problema un pouco difícil. Habendo dito todo isto, si miras a historia de Taiwán, e porque tivemos presidentes que non sabían o que facían, si houberan posto aranceis aos chips. Todo era

INTEL e todo era das nosas empresas de chips, roubáronnos a industria... Agora Taiwán sería moi listo ao calmarse un pouco”. O que quere dicir que esa illa foi manipulada e armada ata os dentes por eles, pero agora aí a deixan porque non poden defendela. Está moi lonxe!

Despois destas humillacións, vendo que xa non pode nin contra Irán, necesita algunha vitoria antes das eleccións de “Medio Mandato”, que se celebrarán en Estados Unidos o 3 de novembro de 2026, e pretende que pague Cuba os pratos rotos que fagan esquecer os miles de millóns que perdeu en Irán: Varios avións valorados en miles de millóns de dólares e os danos que causaron nos portaavións con drones de só 35.000. Mais de 29.000 millóns en total.

Non se mete con China, Rusia ou Corea do Norte, pero faise valente ante Cuba, porque non ten armas, nin plans, nin intencións agresivas contra ningún país; pois a súa arma é a batalla das ideas e exportar saúde e paz, pero non morte; creando médicos nas súas universidades, que logo mandan a pobos africanos e latinoamericanos.

Lembremos que no 2014 foron 256 profesionais cubanos da saúde, voluntaria e solidariamente, loitar contra o ébola, que agora seica volve outra vez.

Trump non respecta as leis internacionais nin as súas propias e pretende agredila por ter un sistema social diferente, cando todos os países soberanos teñen dereito a escollelo. É triste que apoiem a invasión os emigrantes, cubanos de Florida e fillos de emigrantes, como o ex-traficante de droga Marcos Rubio (hoxe secretario dese estado asasino). Non lles importa que bombardee e asasine familiares, mulleres e nenas, que tanto lle gustaban a el e a Epstein, porque non comparten o seu sistema ditatorial.

Antes, cando invadían un país dicían que era para instaurar a democracia, despois acusaban ao país agredido de ter armas con intención de atacarlles. Cuba non ten armas nin recursos enerxéticos, pero despois de máis de 67 anos de bloqueo é unha vergoña para eles que teña mellor sanidade, mais esperanza de vida e unha poboación moito mais culta que a estadounidense. Iso deixaos

en feo, e a falta doutro argumento para o ataque, acusan a Raul Castro de derribar dous avións terroristas estadounidenses que vulneraron o espazo aéreo cubano.

Non hai razóns que xustifiquen unha invasión, e menos en Cuba, á que sempre lle tiveron moito aprecio pola súa solidariedade: Mentres EEUU distribuíu pobreza, sufrimento, morte e destrución por todo o globo, ela foi un exemplo de esperanza para as traballadoras e traballadores de todo o mundo; ademais, porque nesa casa da foto que acompaña este artigo, situada na esquina das rúas 17 e 22 do Vedado habaneiro, naceu miña nai, o 27 de marzo de 1914. Daquela era un pequeno sanatorio privado onde vivían meus avós maternos e onde miña avoa Felipa aprendeu o oficio de parteira, que lle serviu despois para salvar (tamén solidariamente), moitas vidas de mulleres e recen nacidas, no concello de Guitiriz e no seu arredor. Estou orgulloso que no xardín desa casa haxa un busto de Xosé Martí, que é símbolo de liberdade e soberanía desa querida patria.

## Vacac voando

## OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

**E**xisten imaxes que soamente as temos visualizado en filmes de ciencia ficción, nos debuxos animados, ou na meirande parte das veces, na nosa propia mente, a cal, cando empeza a elucubrar, é capaz de inventar o que non está escrito e tampouco visto. Por iso, se nos tivesen dito que íamos ver como, unha a unha, dez vacas serían rescatadas dun barranco polo aire, en helicóptero, a reacción esperable sería semellante á daquel apóstolo que ata

comprobar as feridas nas súas mans e meter os dedos nas súas costas, non era quen de crer que Xesús de Nazaret, logo de morrer na cruz, resucitara e formara parte de novo do mundo dos vivos.

Pois efectivamente, puidemos contemplar totalmente abraizados como en Taboada as xovencas que, semella, atemorizadas pola presenza dun ou varios depredadores, fuxiron para refuxiarse ata chegar ás beiras do río Miño, nun desnivel que lles resultaba imposible de superar para regresar ó punto de partida, daban un paseo polo ceo da Ribeira Sacra, enganachadas nunha rede, sendo deixadas con suavidade e mero coidado en terra firme e plana.

A mobilización de veciños apenas

puidera recuperar un par de animais, en barca polo río ou pola corda. Pero para o resto non cabía outra opción; non era posible por terra, tampouco por auga, así que a alternativa que quedaba, polo aire. E así foi como se tomou a decisión de levar a cabo esta operación, complexa e tremendamente arriscada, para recuperar as vacas, todas elas preñadas, sas e salvas. Desde Asturias, un auténtico especialista piloto, á fronte dos mandos dunha aeronave, foi quen de rematar coa angustia dos donos da explotación gandeira, os irmáns Gómez Cadahía, quen non aceptaban a capitulación ante o negro prognóstico que se presaxiaba. E non pola perda económica que supoñía a perda dunha ducia de reses que en

breve estarían dando produción, que tamén, por suposto, senón polo profundo amor e dedicación que senten polos seus animais e polo seu traballo. Todo o recoñecemento para eles dous e para tódolos gandeiros do País.

Nesta ocasión, tamén é de xustiza gabar a colaboración das distintas administracións públicas e os responsables das mesmas, así como profesionais, sobre todo veterinarios, que avogaron polo esforzo en común para que a misión resultase exitosa, como finalmente así foi. Tan só houbo que lamentar a morte dunha das vacas; o resto, en principio, con boa saúde, encamiñadas a pariren a súa primeira cría. Así mesmo, a participación decisiva chega-

da das terras veciñas de Asturias, de onde viñeron o helicóptero e mailo piloto que executaron a empresa en cuestión de maneira formidable e admirable. Ogallá este exemplo de cooperación sirva para ocasións futuras, cando as circunstancias así o requiran; falamos sobre todo de episodios como incendios forestais ou aqueles derivados de fenómenos meteorolóxicos adversos, como desbordamento de ríos, secas e calquera outra situación catastrófica que precisa inmediateza resposta. A cidadanía agradecería deixar á marxe o ruído, os egos, o exceso de protagonismo e a incompetencia, polo traballo conxunto coa finalidade de solucionar.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

# DEPUTACIÓN

## Nace Mencia, a estratexia de intelixencia artificial para modernizar a Deputación

A Deputación vén de presentar Mencia: unha estratexia propia de intelixencia artificial para os vindeiros anos (2026- 2030). “Xa está aquí. A intelixencia artificial vai transformar a maneira de traballar das institucións, e nós tiñamos claro que a Deputación de Lugo non podía quedar esperando a ver que facían os demais”, sostivo a presidenta da entidade provincial, Carmela López. Mencia nace “da idea de que a innovación tecnolóxica tamén ten que servir para reforzar os servizos públicos e para acompañar aos concellos máis pequenos nun proceso que, moitas veces, sería imposible afrontar en solitario”.

Nese sentido, Carmela López especificou que a provincia de Lugo conta con 67 concellos, 66 deles están por debaixo dos 20.000 habitantes; “o que significa que falar aquí de intelixencia artificial é falar tamén de cohesión territorial e de igualdade de oportunidades”.

Por iso, o obxectivo é conseguir que a transformación dixital non agrande a distancia entre territorios, senón que a reduza. “Lograrémolo a través dun modelo propio, feito pola Deputación, baseado en código aberto e pensado para servir mellor aos nosos veciños e veciñas”.

Un modelo no que a supervisión humana segue sendo fundamental, no que os datos permanecen baixo control institucional e no que a transparencia forma parte do propio deseño da estratexia”.



Así, López sostén que “tiñamos que prepararnos, pero facéndoos ao noso xeito: desde o público, con garantías, con control sobre os datos e pensando na realidade concreta desta provincia”.

Por outra banda, desde a Deputación de Lugo faise unha aposta clara pola defensa da lingua e iso tamén se ve reflectido nesta nova iniciativa. Tal e como subliñou a presidenta, “o uso do galego era algo irrenunciábel, porque a nosa lingua ten que estar tamén nos espazos onde se vai construír o futuro”.

**MENCIA, TÉCNICAMENTE.** Lévasse a cabo unha estratexia estruturada en catro piares: gobernanza e cumprimento, que fixa os principios reitores, os órganos de goberno e os mecanismos de control normativo; transformación dixital interna, que ten o seu núcleo no Laboratorio Mencia e na transformación da eficiencia dos servizos provinciais; IA ao

servizo dos municipios, que materializa a competencia de asistencia aos concellos; e ecosistema territorial e innovación, que articula a colaboración co tecido institucional, universitario e empresarial galego. Mencia será posible a través de dous eixos operativos, un interno, que será o propio Laboratorio Mencia e un eixo territorial conformado polo Centro de innovación Territorial (CIT) da provincia de Lugo. Así, Laboratorio Mencia é a infraestrutura tecnolóxica da Deputación para o desenvolvemento e despregamento de sistemas de IA de código aberto; e artículase en tres compoñentes: Un motor, a infraestrutura tecnolóxica que executa os modelos de IA; unhas mans, as aplicacións e asistentes que permiten interactuar co sistema; e un cerebro, o sistema que conecta todos os elementos para que funcionen de maneira coordinada.

Laboratorio Mencia contará ademais con diferentes aplicacións que

permitirán, nun máximo de tres interaccións, realizar tarefas mecánicas e complexas en moito menos tempo, facilitando o labor dos traballadores e traballadoras, para que poidan dedicarse a aquelas cuestións de alto valor.

Entre algunhas das aplicacións está un resumidor de documentos, un extractor de texto, transcritor de audio, un monitor de edictos do BOE, un xestor intelixente do correo electrónico, un almacén de instrucións, unha calculadora de prazos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, ou un analizador de convocatorias de axudas e subvencións.

Contará tamén cos chamados asistentes, ‘chatbots’ especializados cos que o usuario interactúa mediante conversación natural, que serán adestrados con instrucións de sistema específico e unha base de coñecemento pechada: non accede a Internet nin a información fóra do seu ámbito asignado.

Con todo, Mencia terá un horizonte de implantación de catro anos, que comezará coa posta en produción das oito aplicacións e nove asistentes e a aprobación da estratexia no Pleno. No segundo semestre do 2026 e comezos do 2027 está prevista a constitución do Comité de Gobernanza e os primeiros pilotos. Está previsto que o despregamento interno completo se produza entre o 2027 e o 2028; e de cara ao final dos catro anos este novo ecosistema estea consolidado.

## Abriuse o prazo para os Premios á Excelencia do Turismo e da Gastronomía

Abriuse o prazo para presentar candidaturas á sétima edición dos Premios que recoñecen a Excelencia do Turismo e da Gastronomía da provincia de Lugo impulsados pola institución provincial. O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou este martes, 19 de maio, as bases e a información da convocatoria deste ano que busca recoñecer dun xeito honorífico o labor de persoas; entidades públicas e privadas; así como actividades e proxectos que destacan pola súa contribución ao desenvolvemento turístico, á innovación, á sustentabilidade e á posta en valor da gastronomía lucense.

O prazo para participar estará aberto ata o 20 de xuño e as candidaturas deberán presentarse de forma telemática a través da Sede Electrónica. Poderán optar aos premios persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional. Os galardóns inclúen tres categorías.

O Premio Lugo Cambia ao Turismo Lucense, que recoñece iniciativas que promovan de maneira destacada o turismo na provincia.

Premio Turismo Sostible está dirixido a proxectos exemplares por fomentar un modelo turístico respectuoso co medio ambiente e a identidade local.

E o Premio ...E para comer, Lugo á Gastronomía está centrado na posta en valor da calidade e singularidade da oferta gastronómica da provincia.

## Reclámase un pacto galego contra o transfuguismo blindado por lei

O Pleno da Deputación sacou adiante unha iniciativa para reclamar un pacto galego contra o transfuguismo político blindado por Lei, co obxectivo de “reforzar a estabilidade institucional, a lealdade democrática e o respecto á vontade expresada pola cidadanía nas urnas”. Así se acordou tras unha moción socialista aprobada co apoio do propio PSdeG, o BNG e o Deputado non adscrito, e cos únicos votos en contra do PP.

“A resposta cidadá foi rotunda, miles de persoas concentráronse na maior mobilización política rexistrada en Lugo en moitos anos. Non podemos permitir que se modifique así a vontade dos veciños e veciñas e tampouco que as mocións de censura

queden amparadas por prácticas de transfuguismo”, valorou a Presidenta da institución provincial, Carmela López, antes de entrar ao Salón de Plenos da sede provincial.

Durante o debate, a voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto, sostivo que o ocorrido no Concello de Lugo “abre un debate de fondo sobre os límites éticos do transfuguismo político”, e advertiu de que “non se pode normalizar que maiorías saídas das urnas se alteren a través da deslealdade política”.

Sinalou que a moción de censura “é un instrumento plenamente legal e lícito do noso ordenamento democrático. Pero o seu uso non pode ampararse na mera literalidade da

norma cando contradí de fronte o seu espírito. A democracia representativa sostense sobre un principio elemental, e é que a vontade popular expresada nas urnas constitúe a fonte de credibilidade máis importante das institucións públicas”. Concluindo que cando ese mandato se altera comprando vontades individuais, o que se debilita é a confianza da cidadanía no propio sistema democrático.

García Porto argumentou ademais que “o problema é converter a traxión política nun mecanismo útil para chegar ao poder”, e criticou que o Partido Popular “normalice prácticas que debilitan a confianza cidadá nas institucións”.

### RUTAS POLO ROMÁNICO



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, celebrou o éxito do programa de Rutas polo Románico impulsado pola Deputación de Lugo, que pechou cun éxito rotundo de participación cubrindo as 300 prazas ofertadas e mesmo rexistrarse listas de agarda en varios dos itinerarios. A institución provincial impulsa este programa para conmemorar o Día da Transrománica, que se desenvolveu ao longo de cinco xornadas cun total de 16 rutas gratuítas e guiadas polo patrimonio románico da provincia.

# DEPORTES



## Castro de Rei prepárase para o Vacaloura Gravel

O Club Ciclista Cidade de Lugo presentou a nova proposta Vacaloura Gravel, que celebrará a súa primeira edición o 28 de xuño.

A saída está programada para as 09:30 horas e a organización porá a disposición dúas opcións de percorrido. A ruta longa, de carácter competitivo, contará cun trazado de 100 quilómetros e un desnivel acumulado positivo de 1.400 metros, segundo os datos rexistrados cun dispositivo Garmin 1030 Plus. Esta modalidade terá clasificación por categorías e entrega de premios para todas elas, incluída a cicloturista.

Pola súa banda, a ruta curta terá un percorrido de 55 quilómetros e

un desnivel acumulado positivo de 700 metros, tamén segundo medición con Garmin 1030 Plus. Neste caso, a participación non será competitiva, establecerase unha clasificación xeral sen distinción de categorías e non haberá opción a premios. A marcha está aberta a deportistas maiores de 16 anos que cumpran cos requisitos de inscrición e aptitude física establecidos no regulamento.

As inscricións deben formalizarse a través da páxina web do evento, ata o 21 de xuño ou ata completar as prazas dispoñibles, e poden participar deportistas a partir de 16 anos distribuídos en distintas categorías por tramos de idade.

## O I Rallymix Concello de Guitiriz será este mes

Guitiriz converterase o 19, 20 e 21 de xuño no epicentro do automobilismo galego coa celebración do I Rallymix Concello de Guitiriz – Gran Premio Deputación de Lugo, unha nova competición que chega ao municipio coa vocación de consolidarse como unha referencia deportiva dentro do calendario galego do motor.

A proba, organizada por Scratch Galicia e a Escudería Scratch Fene coa colaboración do Concello, situará Guitiriz no mapa do automobilismo autonómico cunha proba que destaca por ser única na provincia, reforzando a aposta do Concello pola promoción de eventos deportivos de relevancia.

A competición desenvolverase sobre un tramo cronometrado de 9,08 quilómetros que combinará superficies de terra e asfalto, ofrecendo un importante atractivo tanto para os equipos participantes como para os numerosos afeccionados ao motor que se agardan.

O programa arrancará o venres 19 de xuño coas verificacións administrativas e técnicas opcionais. O sábado

do 20 celebraranse as verificacións oficiais, os recoñecementos e as tres primeiras mangas cronometradas, rematando a xornada coa entrega de premios do "Súper Sábado". Xa o domingo 21 disputaranse as dúas pasadas finais e a posterior entrega de premios da clasificación xeral. As inscricións para participar xa están abertas a través da plataforma PODIUM. O prazo permanecerá activo ata o luns 15 de xuño ás 20:00 horas e a organización estableceu un límite máximo de 100 vehículos inscritos.

O I Rallymix será puntuable para os campionatos e copas de Galicia de Rallymix 2026 e contará cunha dotación económica superior aos 6.300 euros entre as Clases A e B e un novidoso premio para os vencedores do sábado; o I Trofeo Súper Sábado Panadería La Esquina, para os vencedores das sete agrupacións nas que se dividirán os inscritos.

Ademais, incluírá diversos trofeos especiais destinados a recoñecer o talento en distintos apartados e dotados con 300 euros cada un.

## O Xermade faise coa Copa e o Abadín regresa á Segunda Futgal

O Xermade proclamouse campión da Copa Deputación para equipos de Segunda e Terceira Futgal despois de superar ao Ferreira por 1-0 nunha final moi igualada disputada no campo do Sangoñedo, en Chantada. O conxunto chairego levou o trofeo grazas a un tanto de Álex no minuto 38, suficiente para decidir un encontro marcado pola intensidade e o equilibrio entre ambos equipos.

A final reuniu aos representantes dos dous grupos da competición nun duelo moi disputado e con poucas concesións defensivas. Tras os 90 minutos e o tempo engadido, o Xermade puido celebrar a conquista dunha copa histórica para o club, que suma así o primeiro título desta competición nos seus 46 anos de historia. Por outra banda, o Abadín CF certificou o salto de categoría tras superar a súa eliminatoria. O Abadín converteuse en novo equipo de Segunda Futgal tras superar ao Muimenta nunha eliminatoria moi igualada. O



conxunto dirixido por Michi Río fixo valer a vantaxe conseguida na ida, onde vencera por 2-1, e soubo resistir na volta disputada nun ateigado Pichón. Despois dunha primeira metade sen goles, Ferreiro adiantou ao Abadín ao comezo da segunda parte, poñendo a eliminatoria moi favorable para os locais. O Muimenta reaccionou no tramo final e logrou empatar o encontro por medio de Seijas, pero o marcador xa non se movería e o cadro chairego puido celebrar un histórico ascenso.

O Guitiriz SD logrou situarse na segunda praza da clasificación da Segunda Futgal, o único posto que dá paso á fase de play off, que se disputan estas semanas e que comezaron cun empate do equipo branco.

O equipo chairego, que se mantivo na zona nobre da táboa durante a totalidade da competición, logrou no último partido de Liga este lugar, logo de vencer por 0-2 ao Goiriz a domicilio, cun dobrete de Juan García Corral nos últimos minutos de xogo.



## Éxito do GP Internacional XCO Penas de Rodas

Outeiro de Rei acolleu a disputa da cuarta proba da Copa de España de XCO Rali 2026, o GP Internacional XCO Penas de Rodas, que se estreaba no calendario nacional da especialidade e que reuniu a numerosos participantes e afeccionados ao ciclismo de montaña. Nas categorías elite-sub23 os triunfos foron para Alejandro García e Estíbaliz Sagardoy.

Na proba masculina, Alejandro García protagonizou unha intensa loita co tamén sub23 Hugo Franco e Francesc Barber completou o podio a case un minuto do vencedor. Na carreira feminina elite-sub23, Estíbaliz Sagardoy confirmou os prognósticos e dominou con au-

toridade para facerse coa vitoria. A arxentina Lucía Miralles rematou na segunda posición e foi ademais a mellor sub23, mentres que Mónica Estrada, tamén sub23, finalizou terceira.

Na categoría júnior feminina, Aina Sánchez acadou a vitoria por diante de Irene García e Lucía Sánchez-Montañez.

Os primeiros en competir no circuito do G. P. Internacional XCO Penas de Rodas foron os júnior masculinos, categoría na que Marcos Rodríguez se mostrou como o máis forte para lograr a vitoria. Pablo Rodríguez concluíu en segunda posición e Xavi Vidal completou o podio.

## Begonte organizará a VIII Carreira Popular 7K o día 28 de xuño

O Concello de Begonte acollerá o vindeiro domingo 28 de xuño de 2025 a IX Carreira Popular Begonte 7K, unha cita xa consolidada no calendario deportivo da comarca. O evento contará con diferentes categorías, incluíndo a carreira absoluta, andaina e probas para menores, adaptadas a distintas idades e distancias.

As persoas interesadas en participar poderán inscribirse ata o 25 de xuño ás 23:59 horas a través da web [www.carreiraconcelllobegonte.ccnorte.com](http://www.carreiraconcelllobegonte.ccnorte.com). A proba estrela será a carreira absoluta de 7 quilómetros, que dará comezo ás 11:00 horas e contará con categorías sénior e veteranos/as. Tamén haberá unha andaina aberta a todas as idades, que arrancará ás 10:00 horas, así como carreiras menores con distancias adaptadas segundo o ano de nacemento dos participantes.

Os tres primeiros clasificados na categoría absoluta masculina e feminina recibirán medallas e agasallos, mentres que os mellores equipos e atletas doutras categorías tamén serán premiados. Ao remate da entrega de premios, haberá aperitivos para todos os participantes.

# “Hai que desfrutar do fútbol pero o esforzo é innegociable”

O riotortense Andrés Castrín é defensa central do Sevilla FC, un dos poucos lucenses que logrou xogar en Primeira dando o salto desde o CD Lugo, e que recentemente marcou o seu primeiro gol na categoría de ouro

O nome de Andrés Castrín xa forma parte da historia recente do fútbol galego. O centrocampista de Riotorto, nado Andrés López Gallo, viviu unha das noites máis especiais da súa carreira ao marcar o seu primeiro gol en Primeira División coa camiseta do Sevilla FC, nun triunfo por 2-1 fronte ao RCD Espanyol no estadio Ramón Sánchez-Pizjuán. O tanto, anotado no minuto 82, desatou a ledicia tanto da afección sevillista como do grupo de veciños e amigos desprazados desde Riotorto para acompañalo nun día inesquecible.

Formado nas categorías de base da Escola Deportiva Lourenzá e da canteira do CD Lugo, Castrín foi queimando etapas ata consolidarse como unha das promesas do fútbol lucense. Tras o seu paso polo Rácing Vilalbés e polo Polvorín FC, filial do Lugo, o central deu o salto ao Sevilla Atlético en 2024, iniciando unha progresión que agora o levou a debutar e marcar na elite do fútbol español.

Humilde, traballador e moi vencellado á súa terra, Andrés Castrín repasa nesta entrevista os seus comezos, a súa evolución deportiva e o orgullo de representar a Riotorto no máis alto do fútbol profesional.

**Como foron os teus comezos no mundo do fútbol?**

Empecei moi novo, na etapa benxamín ou prebenxamín, tiña tres anños. Lembro que xogaba con meu curmán, que me levaba cinco ou seis anos. Despois entrei nas escolas deportivas de Lourenzá e alí comecei a compaxinar o fútbol sala co fútbol campo. Durante varios anos seguí practicado as dúas modalidades ata que, xa en idade infantil, decidín centrarme no fútbol campo e quedei en Lugo.

**Como foi a túa evolución nas categorías inferiores?**

No primeiro ano de infantil marchei para Viveiro e despois pasei ao Vilalbés, de cadete, onde estiven unha tempada cedido. Despois fun queimando etapas ata que entrei no primeiro equipo do Lugo. Máis tarde incorporeime ao Lugo, que foi un paso moi importante na miña carreira. Alí fun medrando como xogador e tamén como persoa.

**E como xurdiu a oportunidade de fichar polo Sevilla?**

Despois dunha boa tempada no filial do Lugo, na que cheguei a disputar 22 partidos co primeiro equipo en Primeira Federación. Foi unha boa tempada, con partidos de bastan-

te nivel e así xurdiu a oportunidade cando me comunican que me quere o Sevilla Atlético, que estaban buscando o ascenso a Primeira REF. Para min era unha oportunidade moi importante, tanto pola miña idade como polo salto que supuña a nivel profesional. O Sevilla apostou por min para o filial e vin claro que era o momento de dar ese paso.

**Como valoras a túa progresión desde a chegada a Sevilla?**

O primeiro ano foi moi positivo. Xoguei máis de trinta partidos e o equipo quedou preto do play-off. Esta temporada xa puideron entrar na dinámica do primeiro equipo e estou moi agradecido pola confianza que me transmitiron os adestradores. Tanto Matías como Luis apoiáronme moito e eu intento aproveitar cada oportunidade.

**Que significou para ti marcar o teu primeiro gol en Primeira División?**

Foi algo único, unha emoción tremenda. Ademais chegou nun momento moi importante para o equipo, nun partido crítico no que necesitabamos gañar. Aquel encontro marcou un pouco o inicio da remontada da temporada e para min quedará sempre como un dos momentos máis especiais da miña



carreira.

**Segues mantendo relación coa túa terra e coa túa familia en Riotorto?**

Si, por suposto. Sempre que nos dan dous ou tres días libres intento ir a casa. Meus pais seguen vivindo alí, tamén meu irmán, os meus amigos e toda a miña familia continúa en Riotorto. Sempre que podo regreso a Galicia porque para min segue sendo casa. Riotorto non o cambio por nada.

**Gustaríache volver a Galicia no futuro?**

Nunca se sabe o que pode pasar no fútbol, pero cando remate esta etapa do fútbol gustaríame estar o máis preto posible da miña familia. Galicia sempre vai ser o meu lugar.

**Pensas xa no teu futuro máis alá do fútbol?**

Agora mesmo estou totalmente centrado na miña carreira deportiva, aínda que tamén estou mirando de continuar formándome, facendo estudos sobre todo no ámbito económico. Quero prepararme para o futuro, pero sen perder o foco no fútbol.

**Como é a túa vida en Sevilla?**

A verdade é que moi ben. A calidade de vida é espectacular. O máis complicado é a calor, sobre todo nestas épocas do ano, pero polo demais estou encantado.

**Que lles dirías aos nenos e nenas que soñan con chegar ao fútbol profesional?**

Que teñan paciencia e que se centren en desfrutar e pasalo ben co fútbol. Hai que traballar moito e esforzarse sempre, porque o esforzo é innegociable. Logo as oportunidades poden chegar ou non, pero sen traballo é imposible que cheguen.

**Que representa o CD Lugo para ti?**

O Lugo é a miña casa. Foi o club onde me formei, onde aprendín e onde comecei a crer verdadeiramente que podía cumprir este soño. Alí coñecín adestradores e compañeiros que me axudaron moitísimo. Grazas ao Lugo hoxe podo vivir todas estas experiencias. Sempre vou estar agradecido ao club por confiar en min, darme esa confianza e deixarme medrar e voar como futbolista para poder vivir este soño.

## Montilla e Trillo impuxéronse no Trail dos Muíños de Riotorto

A cuarta edición do Trail de Os Muíños converteu Riotorto nun punto de encontro para os afeccionados ao atletismo de montaña, reunindo arredor de 250 participantes. A cita desenvolveuse cunha elevada participación e confirmou o nivel dos corredores favoritos nas distancias competitivas.

Na proba longa, de 21 quilómetros, Emilio Montilla foi o gran dominador da xornada. O atleta impuxo un ritmo sólido desde os primeiros quilómetros e cruzou a meta cun rexistro de 2 horas, 26 minutos e 41 segundos, abrindo unha ampla diferenza sobre os seus perseguidores. A segunda posición foi para David Méndez, mentres que Iván Sangiao completou o podio. Entre os mellores clasificados tamén remataron Manuel Pérez e Yeray Lorenzo.

Na categoría feminina da distancia longa, Carla Trillo confirmou o seu favoritismo cunha actuación destacada que a levou non só a conquistar



o triunfo absoluto entre as mulleres, senón tamén a situarse entre os dez primeiros postos da clasificación xeral. A corredora burelá completou o percorrido en 3 horas, 3 minutos e 10 segundos. Kenya Estrada acadou o segundo posto e Elisa Fernández pechou o podio.

A carreira curta, correspondente ao minitrail de 12 quilómetros, deixou tamén actuacións destacadas. Óscar Murado foi o máis rápido da proba, cun tempo de 1 hora, 14 minutos e 8 segundos, logrando unha vantaxe

cómoda sobre Juan Pena Holguín, segundo clasificado. Diego Ferreira ocupou a terceira posición.


Entre as mulleres, Sandra Fernández asinou a mellor marca feminina e destacou ademais por rematar entre os primeiros postos da clasificación absoluta. Cun tempo de 1 hora, 37 minutos e 49 segundos foi a única participante capaz de baixar da barreira da hora e corenta minutos. Iria Fernández terminou en segunda posición e Nía Franco completou os postos de podio.

## Kevin Cuba, subcampión de España sénior de loita

O loitador vilalbés Kevin Cuba proclamouse subcampión de España sénior no campionato disputado na localidade valenciana de Sagunto. O deportista competiu na categoría de 125 quilos, unha superior á súa, en substitución do vilalbés José Cuba, que non puido participar debido a unhas molestias no xeonllo.

Kevin Cuba continúa así asinando unha temporada destacada, na que xa suma tres medallas nacionais. Ao ouro conseguido na categoría U20 e á prata acadada en U23 engade agora este subcampeonato absoluto, nunha competición na que estivo moi preto de facerse co título. A final resolveuse aos puntos nun enfrontamento moi igualado fronte ao madrileño Carlos Acebrón.

Desde o club destacan o mérito do resultado obtido polo deportista, que aínda pertence á categoría U20 de primeiro ano e que xa é capaz de competir ao máximo nivel



estatal na categoría sénior, confirmando a súa progresión e proxección dentro da loita olímpica.

A representación lucense no campionato completouse coa participación das loitadoras do Club de Loita Lugo Ana López e Gilmarí Carolina Márquez, que remataron na quinta e sexta posición, respectivamente.

Con esta nova medalla, o Club Loitas Olímpicas Vilalba suma xa oito metais en campionatos de España durante a presente temporada, tres deles de ouro.

## DE RUTA EN RUTA

# Sarria: ruta polo Camiño de Santiago

Ademais de ser unha ruta de peregrinaxe moi coñecida é un fermoso trazado que disfrutan os sendeiristas

Unha das rutas de sendeirismo máis coñecidas de Sarria é a que vai polo Camiño Francés do Camiño de Santiago cara Portomarín e está moi ben sinalizada a través de diferentes sinais verticais que se poden atopar no percorrido.

Para comezar a ruta, hai que saír de Sarria a través da ponte Áspera, camiño de Barbadelo. De paso, pódese disfrutar dalgúns dos elementos máis interesantes da vila; pasando pola rúa Maior de Sarria, a igrexa Santa Mariña, a de Salvador, a torre da antiga muralla e o convento da Madanela. Tras abandonar o centro urbano, unha baixada moi pronunciada conduce ata a ponte da Áspera. Ao cruzar a ponte, séguese o traxecto da vía do tren durante un quilómetro, aproximadamente ata chegar a un cruzamento no que hai que subir a costa máis dura da ruta. Despois, hai un camiño chairro que leva ata Barbadelo, onde se pode visitar a súa igrexa de Santiago.

Esta parte da ruta é a que máis dificultade ten, por iso, a pesar de ser só pouco máis de 4 quilómetros, o percorrido dura aproximadamente

unha hora. Despois de pasar Barbadelo, continúaase a ruta cara a Rente a través dun camiño asfaltado. Así, pásase polo Mercado da Serra e despois o camiño pasa da estrada a un camiño con árbores e ao redor de arrosios, beiravías e vereas de pedra.

Nesta etapa da ruta poderase disfrutar dunha fonte decorada con Pelegrín, a mascota del Xacobeo 93 e máis adiante poderanse ver as portas o Muíño de Marzán, do ano 1920. E pouco despois haberá que cruzar a estrada LU-633 para pasar Leimán, cun mesón xunto ao Camiño.

Peruscallo é a seguinte parroquia pola que se pasa, na que predominan os hórreos, e xa se volve ao camiño por medio da natureza, a través de carballeiras e prados e percorrendo Lavandeira, Casais, A Brea e Morgade; chégase tras unha dura subida a Ferreiros, a primeira parroquia do Concello de Paradela. Este tramo do camiño é máis longo que o anterior, xa que ten unha lonxitude de 9 quilómetros, que se poden facer en menos de dúas horas debido a que a dificultade é baixa.

Este último tramo da ruta, que vai desde Ferreiros ata Portomarín, unha lonxitude de algo máis de 8 quilómetros, vai todo en descenso, polo que é ameno e rápido, faise en aproximadamente hora e media.

Así, tomando un desvío da estrada á entrada de Francos, séguese por un camiño pedregoso no que predominan as baixadas e se poden ver numerosas pequenas aldeas. No valanse alternando prados con construcións típicas de teitos de lousa. Deixando atrás o camiño de pedras,



chégase a nunha estrada desde onde se pode ver o encoro de Blesar. Cruzando a ponte sobre o encoro, o camiño xa entra no pobo de Portomarín por unhas escaleiras que se atopan xusto fronte da

estrada e que conducen ao centro do lugar. Ao chegar a alí xa se pode visitar o albergue, as igrexas de San Pedro e de San Nicolao, e a praza do Concello de Portomarín, unha de grande atractivo turístico.

Desta maneira, a ruta podería resumirse nun camiño entre carballeiras e prados ata Paradela e que logo descende cara ás ribeiras do Miño para cruzar a ponte que conduce á vila de Portomarín.

## DATOS



4 h 30 min.



22 km.



Dificultade media-alta

# CAP

## TODOS LOS MESES

## Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

formación integral de empresas

## Cursos y Certificados

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
Telf.: 982 51 36 05